



Encrucillada

REVISTA GALEGA DE PENSAMENTO CRISTIÁN

Bernardo García Cendán

Un laicado na Igrexa galega

Xosé Luís Barreiro Rivas

Entre a inercia e o cambio

Xosé R. Barreiro Fernández

Vintecinco anos de Galicia

Carmen Soto

O libro de Rut

Agustín Díaz

Xoán Bernárdez Vilar

Victorino Pérez Prieto

Actualidade política,
cultural e relixiosa



MESA DE REDACCIÓN

Andrés Torres Queiruga (Director)
Xaime M. González Ortega (Redactor-xefe)
Engracia Vidal Estévez (Secretaria)
Agustín Díaz Blanco
Xavier R. Madriñán
Pilar Wirtz Molezún

ADMINISTRACIÓN

Amalia Tomé Rocha

CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Acuña Garrido (Pontevedra)	Mariano Guizán Sánchez (Ames)
Rubén Aramburu Molet (Marín)	Arximiro López Rivas (Lugo)
Xoán Bernárdez Vilar (Vigo)	Xosé Antón Miguélez Díaz (As Somozas)
Alfonso Blanco Torrado (Guitiriz)	Xoán M. Neira Pérez (A Pobra do Caramiñal)
Xoaquín Campo Freire (Ferrol)	Xosé L. Pastoriza Rozas (Cangas)
Hermelinda Dapena Tarela (Pontevedra)	Pilar Pena Búa (Cuntis)
Manuel Dourado Deira (Rianxo)	Victorino Pérez Prieto (Ferrol)
Manuel Espiña Gamallo (A Coruña)	Manuel Regal Ledo (Santiago)
Miguel Fernández Grande (Ourense)	Anxos Renieblas (Santiago)
Bernardo García Cendán (Lugo)	María do Carme Solloso Blanco (Narón)

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Tel. e Fax 986 84 61 82 - *e-mail*: encrucill@netcom.es
Rúa Nova de Arriba, 1 - 6º Dta.
36002 PONTEVEDRA

Prezos da subscrición anual (5 números):

- Ordinaria 16 €
- De apoio Desde 18 €
- Estudiantes ou parados Desde 9 €
- Número solto 4 €

Publicación bimestral

CONTAS CORRENTES

Caixa de Aforros de Galicia: 2091-0342-28-3040000681 - Santiago
BBVA: 0182-5150-86-0201570860 - Pontevedra



Sumario

Nº 126
Volume XXVI
xaneiro-febreiro de 2002

Guieiro	
por Xaime M. González Ortega	3
Presentación	5
Estudios	
Un laicado na Igrexa galega por Bernardo García Cendán	9
Entre a inercia e o cambio por Xosé Luís Barreiro Rivas	31
Vintecinco anos de Galicia por Xosé Ramón Barreiro Fernández	49
Achegas	
A produción teolóxico-espiritual e de tema relixioso en Galicia (1977-2000) por Victorino Pérez Prieto	59
25 anos de Encrucillada	
A fame por María do Cebreiro Rábade Villar	69
A miña historia con Encrucillada por Alberte Brenlla González	70
Memoria de 25 anos, entrevista con Engracia Vidal por Agustín Díaz	73
Xanela bíblica	
O libro de Rut por Carmen Soto	79



Experiencias

- Acompáñame tamén na fe
cara á esperanza
por Xoaquín Campo Freire **87**

Crónicas

- Política: Toca dialogar
por Agustín Díaz **93**
Cultura: ¡Euro, euro, euro!
por Xoán Bernárdez Vilar **101**
Igrexa: Mirar o futuro ollando o presente
por Victorino Pérez Prieto **112**

Recensións

- Cousas de Veneranda
Xosé Antón Miguélez e Pilar Fernández (Eds.)
por Victorino Pérez Prieto **123**
O relato hebraico. A Biblia
contada dende a lareira
Xosé Chao Rego
por Xoaquín Campo Freire **124**
Xuntos facemos pobo
Manuel Regal Ledo
por Hermelinda Dapena Tarela **127**

Libros chegados á redacción

- por Engracia Vidal Estévez **128**

Índice xeral dos anos 1997-2001 **130**

Ilustracións

- por Soledad Pite **37, 68**



O 19 de febreiro

de 1977 saía do prelo o número 1 de *Encrucillada*. Neste febreiro de 2002 damos á luz o 126, vintecinco anos despois. As vodas de prata da nosa revista coa fe e a galegitude merecen unha celebración, e farémolo da maneira que sabemos; por iso os lectores encontrarán este número máis groso do habitual e cunha faciana renovada. Acharán un índice dos últimos cinco anos, que complementa os aparecidos no número 100, algunha sección nova e uns contidos de claro teor celebrativo. Na páxina 8 encontrará o lector o anuncio do **acto de presentación deste número especial**, ao que fica convidado. Neste acto entregaranse tamén os premios *Encrucillada*, convocados con motivo do 25 aniversario.

Para abrir o número, tres estudos esculcan os últimos vintecinco anos de Galicia e da Igrexa galega e analizan os que consideran feitos relevantes dos seus respectivos aconteceres.

Vense repetindo con insistencia que esta etapa da Igrexa, que inaugura o terceiro milenio, é a xeira dos laicos. Outra cousa é analizar as posibilidades en que esta participación laical se poida producir. E son moitos os laicos e laicas que gustarían de poder exercer papeis máis activos nas súas parroquias pero tamén moi frecuentes as ocasións en que non encontran as condicións para o faceren; son seguramente moitos máis os cristiáns que se desvinculan da Igrexa, e constitúen multitude os mozos e mozas que nin sequera chegan a conectar algunha vez. **Bernardo García Cendán**, que no número que abría o milenio analizaba a vitalidade das nosas parroquias e os desafíos que deberían afrontar na súa acción pastoral, escolle agora o reto da integración do laicado como punto de mira. Examina os problemas organizativos da Igrexa, analiza as formas de facer dalgunhas parroquias e albisca algúns signos de esperanza.

Xosé Ramón Barreiro Fernández deita a súa ollada analítica sobre os últimos vintecinco anos de Galicia. No seu traballo describe a incidencia social do feito autonómico na configuración dun poder galego e na normalización cultural, constatando tamén en ambos aspectos, os abusos do inmovilismo político. Son estudiasas así mesmo as transformacións sociais que os devanditos cambios trouxeron e as súas consecuencias na configuración socio-cultural do país.



Entre a inercia e o cambio. Así ve **Xosé Luís Barreiro Rivas** o panorama sociopolítico galego despois de vintecinco anos de democracia. Na súa crónica –como el escolle denominala– pasa revista ás mudanzas, profundas, que sufriu a sociedade galega neste cuarto de século; tan profundas que parece mesmo que vivísemos, en palabras súas, noutro país. Pero se medimos estas transformacións en termos de progreso, tomando como referencia o resto do Estado, parece que as conclusións non poden ser tan favorables. Sería esperable que unha sociedade consciente desta situación arbitrarse cambios políticos que permitisen superala, pero lonxe de isto ocorrer, a sociedade galega consagrou nos últimos tempos unha estrutura política de partido dominante. O autor analiza as causas deste contexto sociopolítico inmovilista.

Completa esta crónica de vintecinco anos o catálogo da produción teolóxico-espiritual desta etapa en Galicia, da autoría de **Victorino Pérez Prieto**.

Baixo a rúbrica *Vintecinco anos de Encrucillada* permitímonos unha ollada cara a dentro. **Agustín Díaz** entrevista a **Engracia Vidal**, que estivo á fronte da secretaría da revista durante todo este tempo e é, sen dúbida, a persoa que mellor coñece as interioridades da nosa publicación. A xeito de conmemoración máis íntima, dous subscritores singulares deixan a súa pegada na revista que os acompañou por longo tempo. **María do Cebreiro Rábade Villar**, poeta, que foi feita subscritora cando aínda se formaba no seo materno, contribúe cun poema. **Alberte Brenlla**, que se subscribiu con 15 anos, conta o seu camiñar ó lado da revista. Tamén, e non por concesión á nostalxia, espaxadas polo número encontrará o lector algunhas das cancións que nos primeiros anos da revista, anos de ilusión, servían de cantos de esperanza para seguir crendo nun mundo mellor.

Hai dous números, xa decididos a unha certa renovación, iniciamos a nova sección *Xanela aberta*. Neste comeza o seu andar a *Xanela bíblica*, por onde se irán asomando distintos libros da Biblia. Unha renovación teolóxica fica necesariamente debedora dunha axeitada lectura dos textos bíblicos. A isto pretenden contribuír presentacións accesibles como a do Libro de Rut, que nos ofrece **Carmen Soto**. Tamén queremos relanzar a sección *Experiencias* á que neste número contribúe **Xoaquín Campo**.

Xaime M. González Ortega

xortega@edu.xunta.es



25 anos de *Encrucillada*

Vintecinco anos dun pobo e, nel, da súa Igrexa son pouco e son moito. Son pouco, se se mira a escala de grandes ou aínda de medianas épocas históricas. Son moito, cando se viven a pé de obra, participando das súas ilusións e dos seus atrancos, das súas esperanzas e dos seus fracasos.

Vintecinco anos da historia de Galicia e da historia da Igrexa galega son abondo para os que traballamos en *Encrucillada*. Nacida nun tempo de intensa esperanza, a xerada polo Vaticano II, veu ó mundo con afán renovador, con ansia de acompañar desde a perspectiva evanxélica o nacemento dunha Galicia nova, nunha España que se renovaba. Acompañou o final do autoritarismo franquista, viviu con ilusión a entrada da democracia, vibrou coa esperanza dunha autonomía cultural, social, económica e política para Galicia.

Fíxoo desde unha Igrexa que fixera ela mesma un Concilio Pastoral que prometía tomar en serio a súa encarnación nos problemas e na cultura do seu pobo, facéndose de verdade “igreja galega”. Saboreou avances, como a traducción da Biblia e de gran parte dos libros litúrxicos; escoitou promesas xerárquicas –en realidade, cada vez que había un novo nomeamento– de que o proceso se afirmaría; asistiu a iniciativas de base, non moitas, pero entusiastas e xenerosas, viu o nacemento –tanto oficial como non oficial– de escolas de teoloxía, de espiritualidade e de catequistas.

Pero experimentou tamén cómo moitas das promesas non se cumpriron, ou só a rastro e a medias; cómo os entusiasmos se ían

apagando, xerando desánimos e mesmo abandonos; cómo o soño dunha igrexa galega, con pastoral conxuntada, con institucións unificadas, cunha autonomía eclesial sequera paralela á política..., está cada vez máis lonxe. Palpa con dolor un avellentamento do clero, sen perspectivas reais de renovamento.

Ós problemas –ó problema– respóndese cunha pastoral de contención e remendos de urxencia, sen que por ningunha parte se albisque un propósito de creación, unha iniciativa, seria e pensada, de prever os desafíos e adiantar o futuro. Fóra de focos pequenos e illados, a distancia entre igrexa oficial e pobo real –esa fusión cordial, esa conxunción de intereses, esa confianza e colaboración mutuas que constitúen o cerne mesmo da *ekklesia*–, en lugar de medrar, parece diminuír de maneira perceptible.

E cómpre recoñecer que a situación xeral, a da Igrexa en España e no mundo, non axuda. A fogueira acesa no Concilio foi esmorecendo, cando non coidadosamente arrefriada e lentamente apagada, cun claro silenciamento da creatividade teolóxica e unha desconfianza crónica fronte ás diversas iniciativas liberadoras. Sobre unha Igrexa máis ben empobrecida como a nosa os efectos están a ser graves, acaso deberíamos dicir moi graves.

“Triste é o cantar que cantamos”, dixera Rosalía. Custa constatar estas cousas, e desexaríamos que o diagnóstico fose equivocado. Os que facemos *Encrucillada*, e pensamos que tamén os nosos lectores, non nos sentimos alleos a todo isto, nin nos consideramos exentos de responsabilidade. E, desde logo, non se trata dun proceso de intencións nin, menos, de levantar ningún dedo acusador: compartimos unha preocupación e sentimos na propia carne a dura espiña dunha situación precaria, con horizontes máis que bretemosos. No eclesial, non acadamos a eficacia renovadora que sempre soñamos, en apertura de posibilidades pastorais e actualización teolóxica. Polo outro lado, desde o noso lugar máis propio –o da creación cultural–, sentimos tamén a distancia excesiva entre a cultura secular e a relixiosa: pouco recoñecemento mutuo da identidade de compromiso co ben do país común, descoñecemento excesivo, falta de contacto e ausencia de colaboración intensa e efectiva.

Con todo, continuamos aquí. Non queremos ceder ó desánimo nin renunciar á esperanza, aínda que se nos teñan queimado moitas ilusións. Aguantar vintecinco anos non foi fácil, e, sen embargo, decidimos continuar. Sabemos que non estamos sós. A preocupación é, sen dúbida, común: son, a pesar de todo, bastantes os que, desde as diversas instancias e con diversas iniciativas, seguen coa man no arado. Á nosa beira, moitas veces xunto con nós, están outras iniciativas, desde proxectos dinamizadores en bastantes parroquias, pasando pola participación en voluntariados, ata o nacemento dun movemento feminista cristián e, por suposto, a compañía doutras revistas con idéntico afán e parello esforzo.

Pola nosa parte, sobre a renovación xa feita con ocasión dos vinte anos, intentamos unha posible mellora. Non só no formato, como o lector poderá notar con facilidade, senón tamén na organización do traballo e na oferta de contidos. En concreto, tratamos de intensificar a presentación de experiencias e abrir algunha sección nova, como a *Xanela bíblica* e a *Xanela aberta*. Aberta quere, en xeral, permanecer a revista ás suxestións das nosas lectoras e lectores.

E sobre todo, estamos decididos a perseverar. Non é pouco en tempos difíciles. Seguindo a simboloxía glosada na presentación do primeiro número, nas encrucilladas da historia deste noso país, pretendemos continuar ergueitos como cruceiro humilde, discretamente situado á beira dos que pasan, tratando de manter sempre viva a memoria do Crucificado. Memoria entrañable e perigosa, que non quere ceder o seu posto ó lado das vítimas, que non deixa apagar a súa chamada ó amor e ó servizo nun mundo onde a explotación e o odio seguen demasiado presentes. Memoria, a pesar de todo, gloriosa, que non renuncia á esperanza, porque sabe que máis alá de toda cruz hai unha resurrección posible, que fronte ás inexorables inxustizas dos homes está sempre o incansable traballo dun Deus que non abandona a obra das súas mans nin esquece as criaturas do seu amor.

Abrigamos a confianza de que vintecinco anos de permanencia sexan garantía de continuidade e peñor de que o traballo non será en van nin a semente ficará de todo infecunda.

Alberte A. Brenlla González



25 anos de Encrucillada

Presentación do número 126

28 de febreiro ás 20 h
Salón do Consello da Cultura
Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro
Santiago

Conferencia

Significado dos 25 anos de *Encrucillada*
por Carlos Casares Mouriño

Entrega dos premios Encrucillada de artigo e poesía

Epílogo musical

Pablo López Campo *frauta*
Xosé Manuel Campello Blanco *piano*



Un laicado na Igrexa galega

Bernardo García Cendán

A perspectiva que guía estas liñas é a de considerar o laicado, en concreto o galego, no seo organizativo da Igrexa. Non pretendo centrarme na xustificación teolóxica das súas formas organizativas existentes e das súas posibles modificacións. Os meus comentarios parten de que a Igrexa, ollada cara a dentro, é unha organización que adopta a típica forma da *burocracia* e, por iso mesmo, tende a ser centralizadora, mentres que, ollada cara a fóra, é unha *institución social* que incide no seu contorno marcando pautas de comportamento, ó tempo que del recibe recursos e recíprocas influencias na configuración daquelas pautas¹. *Organización e institución* son dúas formas complementarias de ver o mesmo fenómeno social, de tal xeito que os cambios dentro da organización –calquera campaña, por exemplo, para animar o clero ou estimular vocacións– poden quedar baldíos mentres non se corrixa a presión do *desaxuste institucional* que sofre a Igrexa en relación coas pautas valorativas e principios de actuación estendidos de xeito xeneralizado na sociedade actual.

En relación con este ámbito institucional, alguén ten agudamente observado que xa *non estamos nunha época de cambios senón nun cambio de época* na que os vellos paradigmas do pensamento quedaron inservibles. Despois de ler as magníficas mil trescentas páxinas en que o sociólogo M.Castells² trata de introducirnos na

¹ G.Cendán, *Igrexa como organización e institución*, Encrucillada, 60, 1988

² Castells, M., *La Era de la Información*, 3 vol., Alianza Ed., 1997

nova *sociedade informacional*, o que, desde logo, queda máis claro é a escura perplexidade na que todos andamos asolagados. En todo caso, o pensamento oficial da Igrexa está descompasado en relación con moitas das ideas que se converteron en matrices da sociedade emerxente e que xiran en torno á centralidade irrenunciábel que adquiriu o *individuo e a súa conciencia* en canto eixo da vida e fonte de todo tipo de eleccións. En consecuencia, quedan postos en causa elementos tales como a relevancia social e relixiosa da familia –non a funcionalidade individual– ou a vitalidade de organizacións políticas, civís e relixiosas que asenten a súa vixencia nalgún tipo de monopolo doutrinal. *Individuo e pluralismo* son xa, nos modernos procesos sociais, palabras claves que toda tentativa de suscitar vocacións entre a mocidade ou de contar cun laicado comprometido non pode ignorar. Tanto as crenzas como a práctica relixiosas teñen xa, mal que nos pese, unha significación totalmente diferente do que era habitual para os sociólogos. Non sorprenden, polo tanto, as voces que claman por un novo concilio que permita axustar os crentes coa confusa *modernidade* que nos envolve. De non ser así, o máis probable é que a Igrexa se manteña no *retraemento institucional* en que está inmersa, alomenos nos niveis de base. Quero sinalar con esta expresión esa perceptible tendencia a ollar para si mesma, reproducir o que xa se ten ou, no límite, pechase nas propias tradicións, co perigo, neste caso, de caer nun fundamentalismo rampante.

Laicos por curas

O problema organizativo máis aparente na Igrexa galega actual é, como no conxunto do mundo occidental, o progresivo descenso do número de sacerdotes. Como era previsible, esta caída foi drástica. Por non cargármonos de cifras, digamos só que, por exemplo na arquidiocese compostelá, onde hai corenta anos se contaba con 1.034 curas hoxe hai só 680 dos que máis da metade (365) teñen máis de 65 anos. Os datos das outras dioceses galegas aínda resultan menos optimistas por teren menos curas prestados. Por outra banda, as perspectivas de reposición tampouco son moi prometedoras. Agás a diocese de Ourense que no conxunto das 67 dioceses de España mantén, con 42 estudantes, o segundo posto

en cantidade de seminaristas maiores por número de habitantes, e quizais Lugo que tiña o posto décimo con 21 estudantes (é dicir, as dúas dioceses máis rurais onde, por esa mesma característica, se pode prever unha caída importante e rápida), o resto está a moita distancia. Así Mondoñedo, con 12, ocupaba o posto 37, mentres que Santiago e Tui estaban nos postos 48 e 49 con 41 e 15 seminaristas respectivamente³. Convén non perdermos de vista a coincidencia entre o decrecemento do clero e dos seminaristas co abandono masivo da práctica relixiosa por parte dunha mocidade cada vez menos socializada relixiosamente nos seus fogares. As cifras son penosas para moitos, pero a interpretación non ten que ser necesariamente pesimista: un amigo estudioso do tema, R. Schoenherr⁴ dedicou moitas páxinas de optimismo a valorar esta circunstancia, non como decadencia senón como un impulso renovador da Igrexa que se verá obrigada á substitución de clero por un laicado no que, por fin, tamén as mulleres adquiren os seus dereitos de igualdade que ata o agora lle son negados.

Os cambios, xa que logo, terán que ser irremediabilmente profundos. Xa se trate de dar máis facilidades para que laicos e laicas podan ser curas (non é probable e poida que non fora a solución) ou que moitas das funcións propiamente sacerdotais pasen ós segreses, en ambos casos hase chocar coa inercia de vellas estruturas asentadas en tradicións veneradas excesivamente. Recordemos, sen máis, o aludido feito de que a Igrexa ten a súa organización baseada no modelo burocrático. Este modelo caracterízase por contar cun *funcionariado* que, pola normativa incrustada na súa profesionalidade, garda unha relativa autonomía e non precisa de control directo. No caso concreto da Igrexa, a profesionalidade dos seus funcionarios, o clero, está configurada por un intenso proceso de formación que comeza no momento mesmo da selección dos candidatos. Esta selección está baseada na sublimación e sacralización dunha *vocación* supostamente outorgada a uns poucos, no nome da que, ó longo da súa formación, os futuros sacerdotes interiorizan normas e regras percibidas

³ Oficina de Estatística de la Igrexa Española, 2001

⁴ Schoenherr, R., *Full Pews, Empty Altars*, Madison WIS, 1993

como indiscutibles que, traducidas en actitudes de lealdade, favorecerán a súa autonomía, facendo menos visibles, e con frecuencia innecesarios, os procedementos explícitos de control. Sponse, en consecuencia, que os curas, así formados e concienciados, han dedicar, normalmente, todo o seu tempo á organización, dela recibirán o sustento material e nela terán postas as expectativas da súa vida, incluído o seu status e a promoción social correspondente. Todo isto, coroado pola exclusividade dalgúns poderes sacramentais e lexitimado pola teoloxía do sacerdocio, configura un *estamento* suficientemente seguro para asentar nel a estabilidade e permanencia da organización. O *clericalismo* será unha consecuencia deste proceso, mentres que, pola contra, o actual esmorecemento de status favorece a diminución do número de candidatos.

Igrexa, cousa de curas

Neste artellamento organizativo non resulta doada a solución de substituír clérigos por laicos que seguen a ter unha posición subordinada. Faltos dos mecanismos psicolóxico-organizativos comentados, a fidelidade dos segres non está tan garantida e, polo mesmo, queda máis limitada a súa autonomía como membros da organización. No fondo, a xulgar pola propia normativa vaticana, semella existir, en referencia ó laicado, unha certa desconfianza disimulada en presupostos teolóxicos. Resulta confusa a elección entre a frase do episcopado francés “todos responsables na Igrexa” ou a consideración dos laicos como simples *axudantes* do clero. En 1972 o motu proprio *Ministeria Quaedam* abría para o laicado algúns ministerios antes clericais, e iso, naquel tempo, supuxo unha pequena revolución; pero recentemente, 1997, unha *Instrucción vaticana*, ó mesmo tempo que reclama a urxencia da súa colaboración, parece, sen embargo, limitar substancialmente o seu papel. Dise, por exemplo, que algunhas tarefas pastorais, como a de predicar, poden ser confiadas ós laicos en caso de irreparable escaseza de sacerdotes, pero tendo ben claro que esta concesión non debe responder a razóns de comodidade nin a *unha equívoca promoción do laicado*. Así, continúa o documento, no caso de que non haxa curas dabondo, *cómpre estudar a posibilidade de*

utilizar os servicios de sacerdotes de idade avanzada, ou os de diáconos, antes que recorrer ós laicos. Sendo isto así, os segrares involucrados na pastoral tenderán a derivar responsabilidades cara á xerarquía e a non implicarse excesivamente no aparello organizativo. De feito cando se fala con moitos colaboradores parroquiais escóitaselles dicir a cotío que están aí para *botarlle unha man ó cura*, marcando así, implicitamente, a súa convicción de que a Igrexa segue a ser cousa do clero. Isto non impide, sen embargo, que haxa laicos *clericalizados* na súa actividade – todos coñecemos casos – que resultan máis ríxidos que o propio cura pois contan con menos autonomía para matizar as pautas oficiais da pastoral. Actúan como *cuasiclérigos* nun exemplo palpable de *indefinición de rol* que non adoita ser ben recibida polo pobo, pois este non parece percibir a función daqueles como suficientemente lexitimada. Pola contra, os que manteñen comportamento de laicos, aínda aceptando responsabilidades ata agora encomendadas ó clero, poden provocar facilmente conflitos organizativos derivados das distintas perspectivas desde as que uns e outros contemplan a Igrexa. Imaxino que a problemática presentada recentemente polos segrares profesores de relixión, que, como é sabido, está a facer o gorentoso apaño dos *media*, non é tan importante pola súa vertente xurídico-laboral da que tanto se fala, como pola forma diferente de entender a vida dun católico actual, en referencia, por exemplo, á contracepción, ó divorcio, á práctica dominical, á pertenza a determinados partidos, ás parellas de feito, etc. Mesmo entre o diaconado permanente poden aparecer conflitos deste tipo, como aconteceu recentemente en Francia onde, a un grupo deles que protestaban publicamente unha decisión xerárquica, recomendóuselles a que actuaran como *homes de igrexa* e non como *delegados sindicais*, mentres que un dos diáconos se preguntaba se o ser homes de igrexa significaba ser *vicecuras* ou *supersacristáns*⁵.

En Galicia aínda quedan curas

Polo momento na nosa Igrexa galega, malia o comentado descenso

⁵ Le Monde, 24 maio 2001

do clero e o avellentamento do mesmo, permanece aínda un número suficiente de sacerdotes para atender o máis elemental da vida pastoral. De feito, o diaconado permanente conta con moi poucos membros – seica cinco ou seis en Compostela – e só en moi poucos casos se realizan de xeito habitual celebracións dominicais sen presenza de presbíteros, por máis que nalgunha diocese haxa algúns laicos que se preparan expresamente para este mester, como uns vintecinco aproximadamente dos que me informaron na diocese de Mondoñedo. Como me comentaba un vicario, para casos moi puntuais en que por algunha emerxencia falta o cura, algúns dos catequistas poden resolver estas eventualidades e non se precisa unha formación *ad hoc*. Onde si se da unha salientable substitución do clero é no referente ás xa aludidas clases de relixión. En Compostela, por exemplo, contan, para os estudos primarios, con 459 profesores laicos e con 182 para os secundarios. Parece ser que, entre os de primaria, as mulleres constitúen unha acostumada maioría, mentres que, en secundaria, predominan notablemente os homes, algo novidoso nunha igrexa onde a colaboración laical está fundamentalmente en mans femininas. Tamén creo importante subliñar un dato que afortunadamente non se corresponde coa hipótese que eu me tiña formulado a partir dalgunhas informacións previamente recibidas: parece ser que na citada arquidiocese preto dun 80% destes profesores, ademais das clases, participan tamén en actividades pastorais de todo tipo. O que non deixa de representar unha importante promesa de futuro, a non ser que esta colaboración sexa imposta pola Delegación correspondente como condición necesaria para á súa designación como profesores. En todo caso, representan á Igrexa galega diante dun 60% de estudantes de secundaria.

A hora dos laicos e a inercia do laicado

Hoxe está perfectamente asumido, alomenos de xeito teórico, que, como ten repetido o Papa, chegou a hora dos laicos. Outra cousa é o xeito que ten a Igrexa, a galega en concreto, de suscitar a implicación dos mesmos na organización, e os canles que lles proporciona para o exercicio das súas responsabilidades. O movemento europeo chamado *Somos Igrexa* que introduce cambios

radicais nas formas organizativas –acceso de mulleres ó diaconado e mesmo ó sacerdocio, coparticipación e codecisión en tódolos gremios eclesiais, codecisión das Igrexas locais na designación de bispos, etc.– conta en Galicia con algunhas organizacións que lle deron apoio explícito case desde os seus comezos en 1995. Non son moitas e algunhas delas son minúsculas cuantitativamente, pero teñen entre si unha interrelación forte –están en contacto co movemento global e, a nivel local, responden a convocatorias como as de Irimia– que, actuando en forma de rede, permítelles construír unha *estructura de plausibilidade* lexitimadora para estender paseniñamente a súa influencia. En todo caso é un referente de futuro, sensible ós cambios sociais, que pon unha voz da igrexa en sintonía coas voces sociais de vangarda, comprometidas na construción dun mundo máis humano e máis xusto.

Evidentemente a liña oficial da pastoral galega está aínda moi lonxe destas propostas tanto no pensamento como na práctica, pero vale a pena salientar os esforzos que agroman para non se conformar cun laicado reducido a pura clientela como ven sendo o caso. Na nosa Igrexa galega parecen percibirse, nos ámbitos dalgunhas delegacións diocesanas de pastoral, tentativas serias de alimentar, desde arriba, a promoción dun laicado máis colaborador que non atopa aínda, na xeneralidade das parroquias, un dinamismo similar⁶. Apareceron actuacións como a división das dioceses en vigairías territoriais, a renovación de delegados potenciando as súas funcións, as propostas de recuperación funcional dos arciprestados, a creación de centros de estudos teolóxicos para laicos, as escolas de catequese, ou, en fin, a incipiente creación de *unidades de acción pastoral* que superen a vella división parroquial. Son todas elas tentativas dunha renovación que ten a súa estrela na elaboración de *planos de acción pastoral* realistas, con obxectivos factibles e revisables anualmente. Non deixa de ser significativo que, nalgún caso, como no máis recente da diocese de Mondoñedo, o plano quinquenal vixente fora o froito dunha ampla enquisa levada adiante entre os membros dos diferentes arciprestados. A

⁶ G.Cendán, *A Igrexa galega no novo milenio*, Encrucillada, 121, 2001

resposta destes, segundo o meu cualificado informante, foi moi desigual, pero fixo posible que, alomenos os máis colaboradores, viran algunha utilidade na súa existencia como entidade de corresponsabilidade diocesana.

O perigo é que, como adoita acontecer, se converta en letra morta a causa da inercia e da pasividade dos membros da base organizativa –parroquias, asociacións e pequenas comunidades– onde, por lóxica, deberían agromar as iniciativas máis vivas e arriscadas. Nun recente encontro sobre a Igrexa nas distintas nacionalidades de España, chamoume a atención que, por exemplo, os cataláns xa non discuten sobre a conveniencia dunha elección dos bispos polo conxunto do pobo de Deus senón que xa están na etapa de discernir, mediante unha enquisa dirixida por J. Estruch, cal sería o mellor xeito de facer esa elección. Non pretendo magnificar o que se fai noutros sitios –tamén teñen as súas eivas–, pero creo que hai aí unha diferenza digna de ser subliñada e valorada como termo comparativo. Aquí, en Galicia, a xulgar polo que me contaron moitos dos curas que entrevistei, o perigo da pasividade é moi real, xa que o laicado non se mostra activo e, pola súa banda, o máis do clero está moi desmotivado. Por poñer un caso de mostra, digamos que resulta significativo o feito de que, por exemplo, me resaltaran como novidoso e singular que nalgúns arceprestados, como o de Xubia, se acadara realizar unha asemblea de segrares, algo certamente plausible, pero revelador dunha situación na que resulta excepcional o que debería ser ordinario no caso de existir un laicado activo. Non quero con isto menosprezar as entusiastas e meritorias realizacións que, sen dúbida, existen e que fun agradablemente descubriendo no meu percorrido por diferentes parroquias, pero iso non impide recoñecer a pasividade xeneralizada do laicado, e de moito do clero, diante das iniciativas da xerarquía. O caso dos *Consellos de Pastoral* paréceme particularmente ilustrativo porque neles deberían atopar os segrares unha canle para participar na dirección diocesana, por máis que non teñan máis ca unha función consultiva. Nas dioceses onde se logrou constituír formalmente un Consello diocesano –como no caso de Tui, con gran esforzo e empeño persoal do

Vicario–, cando pregunto se esa institución responde á existencia previa de entidades similares no nivel parroquial ou arciprestal, a resposta adoita ser que, nas parroquias urbanas onde se urxiu a súa constitución, algo se fixo, pero na maioría dun xeito *sui generis*, por cumprir. Nas rurais, a penas existen nin sequera no nivel arciprestal que sería o máis axeitado. Quizais por iso me dicía o vigairo de Mondoñedo que nesta diocese hai só unha *xunta xestora de Consello* agardando a que se constitúan previamente os parroquiais ou de zona.

Laicado e autonomía

Paréceme, en consecuencia, que a situación do laicado galego non parece ter a suficiente riqueza para que poidamos pensar na súa disposición a asumir moitas das funcións que veñen sendo o apaño dos curas. Aludo, evidentemente, a un laicado que exerza conscientemente a súa propia autonomía de tal xeito que, con sacerdote ou sen el, son quen de manter a pervivencia da parroquia, do movemento ou da comunidade á que pertencen. Recordo unha frase de Xoaquín G. Barros quen, falando dun grupo de Acción Católica, dicía que funcionaba moi ben e que estaría destinado a durar moito... mentres aguantara o cura. Algo disto me comentaba tamén o párroco do Sagrado Corazón de Vigo que, malia contar cun laicado moi activo, lamentaba as moitas oportunidades que se perden pola dependencia que aquel ten dun clero coa axenda sobrecargada.

Un laicado falto de autonomía pode dar pé a que os párrocos se aproveiten desta situación dependente para conformar os diferentes Consellos parroquiais á súa imaxe e semellanza, de tal xeito que moitos asentirían ó que me dicía un amigo, membro dunha comisión parroquial de economía: “temos toda a democracia do mundo porque ó final sempre se fai o que quere o cura, se non, vaise para outra parroquia”. Non quero xeneralizar pois tamén teño suficiente información de parroquias nas que eu non podería imaxinar que foran algúns laicos os que lograran que o cura traballe máis do que lle reina; pero, desafortunadamente, ese comportamento non constitúe a norma. Paréceme que a conquista

de autonomía para o laico vai ser un difícil problema para superar porque moito do clero aínda garda no seu subconsciente os adquiridos reflexos de impoñer a súa autoridade institucional. Mesmo anecdótico, resulta significativo que en moitas parroquias onde existe un Consello de liturxia, cando pregunto se os *conselleiros* chegan algunha vez a suxerirlle ó cura algúns puntos para a súa homilía dominical, a resposta xeneralizada é que rara vez acontece, sexa por que o cura non pregunta ou porque eles non se atreven. De haber algún problema humano ou social moi concreto no contorno ó que, na celebración dominical, desexarían facer alusión concreta, teñen que se conformar con aludilo na redacción das preces para a pregaria universal, e estas, as máis das veces, son as do ritual, totalmente descafeinadas, que, de tan xerais, acaban por non dicir nada.

Algunha observación concreta

Cando comecei a pensar na redacción deste artigo, tiña a pretensión de coñecer, por observación directa, o estado das institucións que teñen máis probabilidades de suscitar e formar os segres do inmediato futuro. Pensaba en colexios relixiosos e nun suficiente número de parroquias rurais e urbanas que me permitisen facer afirmacións consistentes. Non me foi de todo posible, e, ó final, debo contentarme con moitas conversas persoais e co recollido no colexio dos Salesianos e do Centro Fonseca dos xesuítas, ambos na Coruña, ademais dunha mostra de parroquias que cito de seguido, aproveitando para mostrarlles o meu agradecemento:

Parroquia do Rosario en Sarria; as da Milagrosa, A Nova e a do Bo Pastor en Lugo; as das Pontes, a de Burela, a de Vilalba, a de San Nicolás de Neda, Santa María de Viveiro, a de Ribadeo, a de Cariño; as do Cristo da Victoria e a do Sagrado Corazón en Vigo, a de San Bartolomeu en Pontevedra, e as seguintes de Ferrol: Nosa.Sra. das Dores, a do Rosario, Santa María de Caranza, San Pedro, San Pío X de Caranza, e a de Nosa. Sra.do Carme.

A selección destas parroquias foi guiada polo criterio de escoller algunha daquelas das que eu sabía que tiñan un certo movemento

de grupos e actividades e ás que podía acceder con facilidade. A idea directora é que, se queremos saber como é e que fai o laicado con que contamos, habería que observalo alí onde parece estar máis activo. En realidade, solicitei datos en moitas máis parroquias que, polas razóns que fosen, non mos facilitaron, pero tampouco era a miña pretensión elaborar estatísticas senón facer unha reflexión suficientemente fundamentada aínda co risco de ignorar realidades parroquiais sobranceiras á que non puiden chegar, especialmente en parroquias rurais.

Dous modelos

Tense discutido moito sobre os resultados que para a pastoral da Igrexa se poden esperar da actividade dos colexios relixiosos, pero, desafortunadamente, non contamos, que eu coñeza, con estudos específicos sobre o particular. Por iso me pareceu oportuno indagar nas dúas institucións citadas –xesuítas e salesianos da Coruña– aínda sabendo que as súas informacións non poderían ser máis que unha resposta moi limitada á interrogación anterior.

Polas amplas instalacións do *Centro Fonseca*, que, segundo me din, anda á procura do que pode ser a súa identidade, móvese medio milleiro de persoas implicadas en distintos grupos e actividades moi variadas e moi desiguais en número. Os máis destes segreses forman parte de institucións de tipo clásico (Congregación Mariana, Apostolado da Oración, etc.), integradas por xente máis idosa, ou apúntanse a *grupos de estudos* bíblicos e teolóxicos. Outra parte importante dos seareiros deste Centro está integrada en nutridos *grupos de liturxia* (25-30 persoas cada un) que preparan e se preparan para celebracións de todo tipo. Moitos destes teñen tamén preocupación por actuar, no nome da súa fe, atendendo a marxidados ou exercendo a caridade mediante obras asistenciais, algunhas moi sacrificadas. Conta tamén o Centro Fonseca con outro conxunto de grupos e servicios máis especializados que, como é de esperar, son menos numerosos: así en torno a dez ou doce membros compoñen unha *comunidade de vida cristián* centrada na espiritualidade ignaciana, ós que habería que engadir os *Grupos de Oración*, máis eventuais, e uns corenta

estudiantes universitarios que buscan no *Centro Loiola*, aparte da correspondente formación, unha iniciación ó traballo de voluntariado para exercer apostolado no seu ambiente. Completan o cadro dous pequenos colectivos: o *Grupo Óscar Romero* activamente relacionado coa Igrexa liberadora centroamericana, e un grupo chamado *Vanguardia Obreira* moi comprometido no mundo do traballo. Estes dous grupos, cunha ducia de persoas cada un, teñen unha posición *laical* máis crítica –ambos son asinantes do citado movemento *Somos Igrexa*– e manifestan unha dimensión social máis explícita na que se inclúe un progresivo proceso de sensibilización cara a *galeguidade* como consecuencia da necesidade de encarnación. Digamos, de pasada, que esta sensibilidade adoita constituírse en signo expresivo da progresión e madureza da fe en calquera grupo que, no nome dela, tenda a se comprometer na vida social.

Pola súa banda, o colexio dos Salesianos ten a súa actividade pastoral máis senlleira no chamado *Centro Xuvenil Abeiro*. Conta esta institución, aparte do director e unha coordinadora de actividades contratada a media xornada, cun colectivo de voluntarios composto por 50 animadores e animadoras, entre dezanove e trinta anos, que, polo que se ve, constitúen o corazón dese Centro. Eles encárganse de grupos infantís (uns 30 rapaces) e preadolescentes (40) que, mediante metodoloxía atraínte, fundamentada na aventura, son formados en valores humanocristiáns. Tamén deles depende a atención ós cen mozos e mozas de catecumenado para a confirmación, así como o sostemento das diferentes iniciativas levadas adiante por medio de equipos: o *solidario*, o *festivo*, o *equipo PIX* –información xuvenil–, o *equipo Garamallo*, coidador da *galeguidade*, e, finalmente, o *equipo coordinador* do conxunto. Activan, cos rapaces, a redacción dunha *folla informativa*, poñen ó dispor da mocidade salas de acollida con xogos de mesa, música, billar, etc., e organizan, sempre con eles, exposicións, cafés-concerto, obradoiros de actividades (guitarra, baile...), competicións e todo aquilo que permita o encontro e a interacción dos que por alí se acheguen. Todo pivota, polo tanto, nese amplo *equipo de voluntarios* que están ben formados tanto en

potenciar a creatividade dos recursos humanos como en estimular a realización persoal sobre a base da cultura relixiosa-cristiá.

Demoreime algo na descrición destas dúas institucións porque teño a sensación de que, cada unha ó seu xeito, retratan dous modelos diferentes de integración dun laicado activo e do deseño da *oferta* que se pode propoñer ás *demandas* percibidas tanto na mocidade como na xente adulta susceptible de atopar na fe cristiá o senso da súa vida. De feito, se analizamos as estruturas e servicios ofertados polas diferentes parroquias citadas anteriormente, veremos que se aproximan a algún destes dous modelos. Algunhas poñen o acento na actualización e mellora dos medios clásicos da pastoral cos que alimentar e satisfacer as persoas coas que xa se conta ou, en todo caso, integrar novos membros que busquen xustamente o que elas están a ofrecer, sen esquecer a dimensión misioneira deses medios. Trátase de ofrecer entidades de clara identificación relixiosa, tal como se percibe no Centro Fonseca. Outras parroquias esfórzanse en ofrecer, ademais diso, outra serie de actividades, equipos ou movementos que, sen seren especificamente relixiosos, permitan ós que non están implicados achegárense á organización, aínda co risco de que as pretensións destes achegados desestabilicen o equilibrio existente. Sería o modelo percibido no colexio dos salesianos, ampliado, claro está, ó mundo dos adultos.

Os laicos nas parroquias

Tódalas parroquias da mostra anteriormente aludida contan coa actividade estable e, dalgún xeito formalizada, dun número de laicos que se responsabilizan ou colaboran na marcha das mesmas. A cantidade deles é moi variable segundo o grandor da parroquia, pero, sobre todo, segundo a estrutura social na que están inseridas. Desde arredor de cincuenta na de Sarria (sobre seis mil habitantes) ata preto de douscentos no Sagrado Corazón de Vigo (sobre 12.000) hai toda unha escada que permitiría poñer un termo medio arredor dos sesenta. Son cifras que non permiten facer comparacións, pero serven de referencia e permiten subliñar a dificultade de alcanzalas nas parroquias de extracción obreira, con

tradición de actividades *de clase*, que precisarían, polo tanto, dun tratamento pastoral específico e innovador. Máis significativa é a *distribución por sexos e por idades*. Por non pararnos en cifras, digamos, dun xeito global, que, salvo poucas excepcións, os *homes* non chegan ó sete por cento deste laicado máis activo, coa particularidade, que cómpre subliñar, de que os poucos que colaboran atópanse sistematicamente nos consellos de economía ou, se cadra, nos grupos de Cáritas, moi raramente nos grupos de catequese e algo máis nas iniciativas laicado *novidasas*, de menor identificación directamente relixiosa, que presentan algunhas parroquias. Este tipo de iniciativas son tamén as que suscitan unha colaboración notable por parte da *mocidade*, en forma, sobre todo, de *voluntariado*, cousa que debe facer reflexionar, pois, de momento, o normal está a ser que, agás algunha catequista, o laicado máis activo se concentre intensamente nos que superan a cincuentena.

Entre as estruturas que as parroquias da nosa mostra están a ofrecer para encadrar o seu laicado, predominan as que comentabamos ó falar do Centro Fonseca. Son a oferta dunha Igrexa que, de se-la instancia sustentadora da orde social e configuradora da ritualización da vida colectiva, terá que se contentar cunha *especialización funcional do relixioso* nun mundo cada vez máis secularizado. Tenderá a ser unha de tantas empresas de servicios que compoñen o mosaico desta nosa sociedade hexemonizada polo *sector terciario* da economía e activada polo incremento do tempo de ocio. Despois de todo, esta é unha das consecuencias da *privatización do relixioso* que caracteriza a modernidade, e, xa que logo, o que lle cumpriría a esa *empresa* é presentar unha *mercadoría* – o especificamente relixioso – que sexa competitiva e atraínte. Isto pode explicar unha certa compracencia e conformismo da actividade parroquial en coidar esa especialización, pero non ten por que implicar o esmorecemento daquelas arelas misioneiras que, hai vinte anos, pedía para elas o Concilio Pastoral de Galicia, e que hoxe reclaman os planos de pastoral vixentes, nin a renuncia a propiciar ocasións de encontro por medio de actividades non definibles, en principio, como relixiosas.

Nas parroquias da nosa mostra atopamos un coidado servizo de *catequese infantil* e un esforzo notable de suscitar persoal suficientemente formado para preparar a Confirmación. Cómpre recoñecer que os secretariados de catequese de Galicia teñen dado bos resultados tanto na elaboración de materiais como na creación de escolas de catequistas, de tal xeito que, alomenos nas parroquias citadas, xa non vemos aquela improvisación de que nos informaba unha vella enquisa de mediados dos oitenta. Está tamén xeneralizada a constitución de *comisións ou grupos de liturxia* que integran, ás veces, pequenos coros parroquiais, e cítanse con frecuencia *grupos de oración* de diferentes tipos que parecen ter un relativo éxito de participación. Percíbese que os desexos de *formación teolóxica e bíblica* constitúen unha demanda emerxente que medra notablemente nas parroquias de clase media acomodada e con menor intensidade nas outras. As respostas das parroquias á demanda de formación son moi variadas: a metade das consultadas non fixeron ningunha alusión a este cometido e as outras fan referencia a distintas modalidades que se concretan en cursos sistemáticos de actualización, grupos de iniciación para pais con motivo da primeira comunión dos seus fillos, conferencias eventuais, ou promoción do catecumenado de adultos que vai facendo camiño moi lentamente. En tódalas parroquias citadas hai algún *consello de economía*, e practicamente en todas atopamos algunha organización relacionada con atención ós enfermos ou *pastoral do mundo da saúde*, ás veces integrada en *grupos de Cáritas* que tamén existen nas máis delas. Á parte destes grupos e comisións, normalmente formados por un número reducido de laicos, nalgunhas das parroquias citadas existen outros máis nutridos, de xente maior polo xeral, como *Vida Ascendente* ou *Adoración Nocturna*, unha Confraría para a Semana Santa, e un par de *Comunidades Neocatecumenais* máis ou menos directamente integradas na pastoral parroquial.

En relación con Cáritas convén salientar que a súa función de solidariedade ten, nas máis das parroquias, un carácter puramente *asistencial* levado discretamente por persoas xenerosas e, ás veces, sacrificadas. Sen embargo, en dúas das comunidades estudadas,

os seus servicios constitúen un eixe estratéxico da planificación pastoral no que se encadra a actividade práctica dos que non se conforman coas celebracións litúrxicas, permitindo a reflexión propia e a concienciación da sociedade en relación cos problemas da pobreza e da exclusión. Así mo comentaba o párroco do Sagrado Corazón de Vigo cando me explicaba o complexo organigrama desta institución na súa parroquia, e así tamén, nas Pontes, parece consolidarse un grupo de *Cáritas xuvenil* que desenvolve na sociedade diferentes campañas de sensibilización, colaborando, por exemplo, na venta de produtos do *Comercio Xusto*. Quero subliñar, con esta referencia, as posibilidades que ofrece esta institución de Cáritas, entre outras, para trocar a tendencia centrípeta das parroquias en tentativas serias de ollar cara fóra.

Ollar cara fóra

Falando de ollar cara fóra, recollo as palabras dun cura ferrolán encargado dunha parroquia característica da clase media acomodada: “non é a miña – dicía – unha parroquia misioneira nin moito menos, e a xente activa que aquí teño mira especialmente cara dentro, pero considero que son responsables da súa tarefa na comunidade e, de ser máis claros os obxectivos e a miña acción, estarían dispostos a moito máis”. Creo que, de feito, isto acontece en moitas comunidades, mesmo dinámicas, onde a penas se perciben actuacións no seu contorno social. Resulta significativo que das vintedúas parroquias examinadas, só en cinco casos manifestaran ter algo de Acción Católica, mentres que algún cura declarábame claramente o seu convencemento de que, agás o Movemento Junior, estas formas de apostolado, das que se gardan residuos puramente testemuñais na súa bulideira comunidade parroquial, xa non respondían á actualidade. O malo é que tampouco eu vin entre a frenética actividade da mesma algo que puidera substituílas. En todo caso, parece que, en Galicia, da vella Acción Católica quedan algúns animosos grupos continuadores da HOAC, espallados entre Ferrol, Pontevedra, Vigo e Moaña, xunto con novos xermolos na urbe santiaguesa onde algúns colectivos

acadaron repercusión mediática no seu empeño de recuperar o vello Hospital Xeral para usos sociais.

As circunstancias da nosa Igrexa galega fan moi urxente, ó tempo que moi difícil, esa necesaria dimensión misioneira e social, con proxectos innovadores, que quebre o *retraemento institucional* na que está metida, proporcionando canles de continuidade para moita desa mocidade que, polos motivos que sexa, acepta achegarse ó sacramento da Confirmación. A situación de partida non é moi optimista, pero existen tentativas, aínda que poucas, esperanzadoras. Como é ben coñecido, a práctica relixiosa habitual quedou drasticamente reducida en Galicia como no conxunto do mundo occidental. Segundo datos recentes⁷, un 53% da poboación galega declara ser *máis ben pouco ou nada practicante*, e a porcentaxe chega ó 70 cando se trata da mocidade entre vinte e trinta anos, o que non impide, sen embargo, que os *crentes ou máis ben crentes* non baixen en ningún caso do 76%. O problema non é, polo tanto, que os que se afastan da institución acrecenten a proporción dos ateos ou similares, ou que busquen no *mercado de relixións*, por certo ben nutrido e ben publicitado en Internet, unha igrexa ou unha secta alternativa. A cuestión está en que os máis deles toman a actitude de seren cristiáns por libre ou, o que é peor, afúndense no mar tenebroso da *indiferencia* que é, xustamente, o lugar de desafío para os axentes de pastoral. O xeito máis usual de entrar nel ven sendo aproveitar os contactos esporádicos que se producen con ocasión dalgún servicio eclesialístico ó que, en xeral, non teñen renunciado; pero a principal dificultade está en darlle continuidade por medio de estruturas parroquiais axeitadas, como me comentaba o cura de San Batolomeu.

Os que acoden ás nosas igrexas, incluídos os máis comprometidos, aparte de seren máis vellos, teñen unha forte tendencia conservadora, como recoñecen moitos párrocos e, por outra parte, parece confirmalo a diferenza de actitudes cara a lingua galega entre os máis practicantes e o conxunto dos galegos, segundo os

⁷ L. Muñoz-G. Cendán, Receptividade do galego na Liturxia, Consello da Cultura Galega, 2000

datos da citada enquisa (cadro 16), por máis que tamén nos primeiros predomine unha actitude positiva. Nese ambiente non é doada unha crítica social que afecte ó *statu quo* da nosa realidade máis próxima, a causa das sospeitas que suscita tanto nos fregueses como nun clero pouco formado na ciencia social. En expresións dun dos curas urbanos entrevistados, hai como un medo invencible, tanto no clero como no laicado, a todo o que pode dar a sensación de achegamento ó *noxento mundo da política*. Cumpriría lembrar con Álvarez Bolado⁸ que a teoloxía política trata dunha dimensión inseparable da inculturación do evanxeo pola que se debe descubrir en que campo de forzas políticas está implantada a Igrexa e cales son as alianzas, explícitas ou implícitas, que ten contraídas. Sería moi clarificador.

En todo caso, esa suposta fuxida das preocupacións sociais non deixa de chocar, sen embargo, cos datos doutra enquisa, neste caso de ámbito español⁹, na que parecía quedar claro que un 43% de católicos que se definían como practicantes (e un 52% de curas) viron positivo que, nos últimos tempos, *na Igrexa española e nos sermóns se tivera falado case tanto de problemas sociais e políticos como de Deus e da responsabilidade moral*. A porcentaxe aínda medra cando os que responden son mozos entre dezaioito e trinta e cinco anos, con máis nivel educativo e posicións políticas moderadas. Non é doado interpretar estes datos porque os que seguimos de preto o contido predominante das homilías non temos esa sensación. Poida que a situación de Galicia sexa moi diferente ou que esa apreciación se refira ó turbulento pasado e non ó *tranquilo* presente. Non podemos confirmalo nin os autores do estudio nos axudan, pero, de ser así, estaría a sinalar un camiño para unha Igrexa que queira abrirse ó mundo e que, sen confundir as súas funcións coas dos partidos, sindicatos ou asociacións civís de todo tipo, pretenda sen embargo, tal como pedía o Concilio galego (Sesión de Leigos, 5.2), *suscitar vocacións de loita contra*

⁸ Álvarez Bolado, Teología política desde España, Desclee, 1999

⁹ G. Blasco- González Anleo, *Religión y Sociedad en la España de los 90*, Fundación Santamaría, 1992

toda clase de inxustizas. Non deixa de ser inquietante que a nosa Igrexa pouco teña que ver na emerxencia dunha mocidade idealista que se vai mobilizando pouco a pouco en diferentes causas como ecoloxía, defensa dos dereitos da muller, pacifismo, ou contra os efectos perversos da globalización económica

Esperanzas

Entre as parroquias da mostra hai algunha experiencia esperanzadora. Nalgún caso, como xa vimos, a parroquia atopou na organización de Cáritas o punto estratéxico da súa actividade cara fóra, mentres que noutros casos esta perspectiva está recollida no conxunto da organización parroquial que se expresa en *comunidade de pequenas comunidades*, cada unha autónoma pero engarzada co conxunto mediante variadas asembleas nas que tamén se integran outras asociacións de tipo civil, activas sobre o mesmo territorio e mesmo asentadas nas instalacións parroquiais, como acontece na parroquia do Cristo da Victoria en Vigo. Outras tratan de ofertar servicios á sociedade, como a de San Pio X cos seus grupos de tempo libre, ou a das Pontes que promove ocasións de encontro e diferentes posibilidades para integración de xente mediante novidosas iniciativas – como, entre outras, a dun grupo de peregrinado ou a do equipo de Medios de Comunicación Social – das que algunhas non teñen identificación especificamente relixiosa nin dependen directamente da parroquia. En todo caso, o que me parece moi importante salientar é que neste tipo de entidades parroquiais, orientadas cara fóra, foi onde menos percibín o lamento xeneralizado en relación coa esquivada permanencia dos mozos e mozas despois de teren recibido o sacramento da Confirmación.

Non pretendo mitificar nada nin propoñer algo como modélico, e moito menos atribuír a unha soa causa os resultados que resulten positivos. Hai carismas diferentes e cada lugar ten os seus recursos e as súas limitacións. Só quero indicar tentativas de camiño que son susceptibles de formar un laicado activo e aberto ó compromiso desde a previsible esixencia de respecto á súa autonomía. As persoas susceptibles de compromiso presentan trazos culturais

que non son os habituais da sociedade tradicional. Na sociedade moderna vai quedando arrombada a consideración estática de calquera *identidade*, tamén a relixiosa, que permitía unha ben delimitada catalogación dos individuos: ou eran decididamente crentes ou non. Hoxe tanto a identidade como a pertenza teñen carácter procesual e están máis determinadas por formas de interacción que por compartir un definido conxunto doutrinal ou algunhas características determinadas¹⁰. Un compromiso pode comezar por ter atopado unha comunidade que, máis acó ou máis aló dos seus dogmas, ofrece a quentura da acollida ou participa na desalienación cultural de Galicia, poñamos por caso. Moitos, comprometidos, non saberían emprazarse taxativamente no dilema de ser crentes ou non. Con este tipo de persoas cómpre contar.

Conclusión

Rosa Aparicio¹¹ ten presentado un clarificador modelo para analizar as ofertas das parroquias e do conxunto da pastoral. Distribúe o que se din crentes e practicantes segundo tres tipos de motivación que os achegan ás igrexas: o primeiro, que ela chama de *axuste existencial*, refírese á percepción de grandes necesidades, ameazas de todo tipo, celebracións excepcionais, etc. Trátase de practicantes esporádicos que buscan na Igrexa os rituais para celebrar os grandes fitos da vida (bautismo, comunión, voda, etc.) ou os que son máis axeitados para a necesidade que os abura. Normalmente a súa autoconciencia non lles pide máis matices nas súas crenzas e, polo tanto, son bastante insensibles ás esixencias que lles pide o cura. En todo caso, de non poderen obvioalo, aceptan como unha *obriga* molesta teren que someterse a certas prácticas de preparación. Para os deste tipo o non-practicar é unha situación estable e libre de conflitos. Estarían preto da indiferencia.

O segundo tipo acollería, no extremo contrario, ós que viven o seu cristianismo desde a experiencia dunha *satisfactoria*

¹⁰ P. Vilaríño, en Villares, R. (ed), *Año mil, año dos mil*, Soc. estatal Nuevo Milenio, 2001

¹¹ Aparicio, R., *Nueva identidad social de los creyentes españoles*, en *Política y Sociedad*, 22, 1996

interdependencia que se actualiza nas participacións rituais (as misas dominicais nas pequenas comunidades rurais ou similares) ou na seguridade que dá compartir convencementos. Valoran estes tales a estabilidade que lles da coincidir coa xente do seu contorno nas persuasións, o que os converte en bos veciños. Son, polo tanto, moi sensibles ó perigo de que o desprazamento á cidade ou a invasión do rural polas formas urbanas derrube o seu edificio de convencementos. Pode acontecer tamén o contrario: algúns mozos socializados nun ambiente familiar e social nada relixioso, cando teñen ocasión de se achegaren a grupos ou pequenas comunidades cristiás que se ven felices e satisfeitos por compartiren crenzas e actitudes, poden entrar a formaren parte deses grupos. Neste caso, ser crentes é, para eles, participar satisfactoriamente en tales grupos, de tal xeito que o abandono do grupo leva consigo, polo xeral, o abandono da fe.

O terceiro tipo estaría constituído por aqueles que viven o cristianismo en *perspectiva moral*: séntense cristiáns porque a fe, tal como eles a viven, dálles un horizonte de utopías e de valores que supera calquera outro alternativo. Os que máis encaixan neste tipo serían os membros da clase media en contextos de vida urbana e que tenden a militar tamén en movementos e asociacións con gran compoñente utópico. Poden non ser moi practicantes nos rituais, pero tentan compaxinar os seus convencementos morais coa súa vivencia do cristianismo, de tal xeito que, cando perciben *disonancias*, tenden a corrixilas ou a perfilar os seus coñecementos sobre as verdadeiras esixencias da doutrina cristiá. Son, polo tanto, lectores asiduos de temas relixiosos e teñen máis probabilidades de participar en cursos e grupos de actualización teolóxica e bíblica. As biografías estudadas pola autora permítenlle subliñar o perigo de que, se descoidan moito as prácticas da súa fe, as súas crenzas son rapidamente substituídas por alternativas profanas na dinámica da súa acción, aprendendo a fundamentar en razóns humanistas e políticas aquilo que tiña comezado como compromiso cristián.

Creo que o primeiro tipo é o máis estendido. Se os que se achegan á Igrexa con motivo de ritos ou de situacións excepcionais adoitan

ter, cara a ela, un comportamento evasivo, non deixan, sen embargo, de constituír unha oportunidade de diálogo. Velaí unha función que un laicado ben formado pode exercer quizais mellor que o propio cura. O segundo tipo leva consigo a súa propia decadencia e paréceme que está no cerne mesmo do esmorecemento da práctica relixiosa. De feito, as máis das parroquias urbanas teñen unha oferta similar ás rurais porque tamén moitos habitantes das urbes galegas, todas elas pequenas, gardan aínda moitos hábitos de tradición rural. O futuro, seguindo os presupostos do terceiro tipo, está, ó meu ver, nunha reestructuración da vida parroquial que, como lugar de acollida sempre aberto, permita o encontro consigo mesmo e cos demais en *comunidades de tipo electivo* que susciten un progresivo compromiso na mellora integral e sostible do seu entorno e, por extensión, do mundo enteiro. Pero isto non se fai sen o laicado.

Bernardo García Cendán

*Nesta noite escura e bretemosa
onde vai camiñando o noso espírito,
vese un raio de sol vese unha rosa
que abrirá no mencer novos camiños.*

Fuxan os ventos



Entre a inercia e o cambio

Crónica na encrucillada galega

Xosé Luís Barreiro Rivas

1. Todo se transforma e flúe

Vistos en frío, sen pensar neles, os vinte e cinco anos que cumpre a revista *Encrucillada* non son máis que a 80,08ava parte do tempo transcorrido dende o nacemento de Cristo. Pero a pouco que nos paremos a ollar a súa transcendencia, conscientes da realidade galega na que vivimos, o cuarto de século que nos separa do número un desta revista é o que viu a conquista e proclamación da Constitución Española que nos liberou de corenta anos de ditadura, o nacemento do Estatuto e das institucións de Goberno que definen e fan posible a Autonomía de Galicia, o fin da Guerra Fría e o derrube do socialismo real, a entrada de España na Unión Europea, o fin da peseta e o nacemento do euro, a revolución informática, a globalización da economía e o comezo dunha nova orde mundial que ven substituír a que xurdira en Westfalia.

Nestes vinte e cinco anos houbo tamén enormes cambios na concepción da vida relixiosa, que tanto serven para ollar con preocupación para o fundamentalismo musulmán ou para contemplar con sorpresa a restauración da Igrexa Ortodoxa Rusa, pero que en todo caso nos avisa dun crecente sincretismo relixioso que pon en crise as institucións relixiosas de todo o mundo, e que, no ámbito específico da Igrexa Católica parece profetizar un cambio case revolucionario e inminente que o pontificado de Xoan Pablo II non fixo máis que disimular e retardar, acumulando sobre nós unha enerxía revisora de consecuencias impredecibles.

Tamén cambiou o papel da muller na sociedade, o modelo familiar e o sistema educativo, dando a entender que, por primeira vez en moitos anos, as dinámicas do cambio social, político e económico inclúen tamén os actores que o producen. É como se a ciencia-ficción tivera desaparecido, e como se ninguén tivera capacidade para describir un mundo que ós lectores de *Encrucillada* nos parecera imposible, utópico ou cando menos, futuro. Os ordenadores efectúan millóns de operacións por segundo, os soportes informáticos poden almacenar en cada casa tódalas grandes bibliotecas do mundo, as redes de telefonía cobren cada milímetro do planeta, os avións voan a velocidades supersónicas, a Estación Mir comezou xa a odisea do espacio, a xenética ponlle sitio ás máis complexas e largacías enfermidades do mundo, e tódalas actividades do home parecen estar envoltas no fume que caracteriza o despegue dos foguetes espaciais en Cabo Cañaverl.

As cousas poden ser moi distintas se, en vez de ficar presos da visión tecnolóxica, ollamos o mundo dende a perspectiva moral, a estética, a literaria e o cultivo das ciencias humanas, onde todo parece terse detido no marasmo producido pola fascinación científica. Nestes eidos podería dicirse, incluso, que temos empezado a camiñar cara atrás, se non en termos absolutos, si en cambio na relativa falta de valores e orientacións que son necesarios para pilotar o vertixinoso progreso da civilización. Pero ninguén se atrevería a botar man desta realidade para negar as grandes transformacións producidas ás portas do terceiro Milenio, tan grandes e tan rechamantes que, contradicindo incluso o positivismo e falta de admiración que caracterizan o tempo presente, fixeron posible a volta dun certo milenarismo simbólico, como se as cifras redondas determinaran a estrutura histórica da civilización, e como se as datas con dous ceros se percibiran tamén no espírito dos pobos.

Tal é o ambiente no que Galicia como país, e *Encrucillada* como crónica reflexiva da súa historia, viviron os últimos vinte e cinco anos. E por eso é unha evidencia que a celebración das vodas de prata da revista nos pon diante da tentación de facer un discurso tópico e aparentemente indiscutible: todo cambiou, en tódalas ordes e en

tódolos niveis, e case se fai preciso un exercicio de imaxinación literaria para lembrar como era a Galicia de 1977, cando a maior parte da xente vía a televisión en branco e negro, e cando as mesas redondas se facían mesturando os prometedores mozos forxados na clandestinidade franquista con anacos da historia dunha España que quería conectar coa tradición democrática perdida coa II República.

E digámolo dunha vez por todas: o cambio externo é tan grande e tan profundo que case poderíamos dicir que non vivimos no mesmo país. En política, porque pertencemos o núcleo de privilexiados do mundo que gozan dunha democracia avanzada, que teñen poderes e institucións autónomas para atender as súas diferencias, que gastan enormes moreas de cartos para manter a súa lingua e a súa cultura, que teñen unha estrutura de partidos propia e, na medida do que realmente se quere, acaída ás súas necesidades de participación e representación política, e porque formamos parte dunha das máis potentes e equilibradas estruturas políticas do mundo. En economía, porque somos un país novo rico, ó que ninguén se atrevería a situar fora do primeiro mundo, porque o benestar social está moi por enriba das nosas posibilidades históricas, e porque, case sen que nos movamos, nos vemos sorprendidos por unha serie de transformacións estruturais que nos veñen lembrar que estamos enganchados no cómodo e potente tren europeo, e que como tales europeos –con euros no peto e cos índices de evolución da economía alemá nos nosos periódicos– dialogamos agora coas economías do mundo. E no eido social, porque xa non somos a Galicia rural das vacas no foxo paralelo á estrada e as cidades provincianas, e porque xa non somos representados por mulleres que tapan media faciana cun pano negro ou con imaxes dun porto pesqueiro que poñen en primeiro plano as catiuscas dun home ou a viuvez dunha muller.

Ás veces –imoi animados pola propaganda oficial!– incluso chegamos a crer que o fixemos todo nós, imos por diante dos outros, e que non lle debemos nada a ninguén. E empezamos a contar os milagres coma se estiveramos na sobremesa das vodas de Caná: autovías, auditorios, hospitais comarcais, orquestras sinfónicas, parques empresariais, estradas de novo trazado, enerxías renovables, aero-

portos, industrias punteiras, gaiteiros que pasaron polos conservatorios, bombos de pelexo sintético *made in USA*, grandes superficies comerciais, cidades modernizadas, empresas de servicios que acollen os excedentes da industria e do agro..., e tres Universidades que forman os enxeñeiros, técnicos e expertos que definen a nova emigración do país, esa que é acollida nas mellores empresas de Francia, de Alemaña ou de América, a onde antes chegaban os seus pais e avós coas ferramentas nunha maleta, sen papeis, e obrigados a pasar polas salas de desinfección e desparasitación da estación do ferrocarril de Xenebra.

Viños con denominación de orixe, peixes e mariscos traídos das mellores augas do mundo, xamóns e lombelos curados nas frías terras de Castela e Extremadura, restaurantes de alta calidade, hoteis de cinco estrelas, salas de festas modernas, teatro avanzado, museos de vangarda, música e espectáculos de calidade, medios de comunicación altamente tecnificados, conexións á rede, explotacións agrarias mecanizadas, profesionais universitarios (dentistas, asesores fiscais, avogados e médicos) que regresan ás vilas, e unha mocidade que, ruidosamente exhibida nas mil *movidas* que se estenden polo país de Breogán, a penas denota a súa orixe –rural ou urbana, media ou baixa– polos seus hábitos de facer e de vestir cada vez máis internacionais. Todo eso conforma hoxe unha realidade social preñada de contrastes que, sen negar as enormes eivas que aínda pesan sobre o nosa realidade económica e social, apontoan a convicción de que os últimos vintecinco anos da nosa historia, dos que foi actor e testemuña esencial a revista *Encrucillada*, encerran o máis grande cambio que se lembra en Galicia, ata o punto de poñernos ante a evidencia de termos diante de nós un país absolutamente novo que esixe tamén unha nova forma de vivilo e de interpretalo.

Claro que aquí estamos facendo, polo de agora, a lectura optimista, e que aínda quedan moitos resaibos da vella Galicia que por contraste se describe. Pero, aínda que eso é verdade, non debemos esquecer tampouco que unha boa parte deses vellos modos están xa descontados polo progreso, e que soamente a inercia da sociedade

anterior mantén vivas unha serie de aldeas, minifundios, explotacións tradicionais, crenzas, festas e hábitos sociais que xa non se van reproducir nas xeracións novas, e que soamente se fan ver por virtude dun marco social e físico que favorece a conexión co tópico ou da excepción categorizada coa que nos adoitan describir dende outras sociedades ou dende algúns medios de comunicación.

O certo é que, nos últimos vintecinco anos e en termos absolutos, Galicia mudou radicalmente, e que tamén nas terras de Fisterra se deixan ver os efectos dunha política democrática –equilibrada e eficaz– que modifica os efectos dun extremado periferismo que o franquismo deixara ó azar das súas propias inercias. Tamén se nota Europa –a do euro, a das autovías, a dos servizos sociais e as infraestruturas culturais– que turra de nós cara un desenvolvemento que ata hai pouco parecía ser inalcanzable. E tamén se deixa ver –¿por que non dicilo?– o lento espertar dunha sociedade que, se ata agora se deixaba levar polo fatalismo da marxinação e o subdesenvolvemento, empeza a sentir o engado dunha política social e económica que fai rendibles os esforzos e a disciplina no traballo, e que invita a traballar e a investir con criterios de modernidade e competitividade.

Pero a política non se fai en termos absolutos, senón relativos, e pouco importa que os termos absolutos nos sexan favorables –¿a quen non?– se en termos relativos seguimos figurando na traseira de Europa. E neso si que estamos igualiño que en 1977, sen que acertamos a subir un só posto no *ranking* das rexións españolas e europeas, e mesmo deixando ver que as dinámicas de Canarias e Andalucía empezan a suxerir que imos cara atrás. E eso e tanto como dicir que a caldeira do noso progreso se está quentando con leña verde, e que en pouca calor e moito fume se vai unha parte importante dos nosos milagres.

2. O fume da leña verde

Cando *Encrucillada* saíu á rúa por primeira vez había arredor de 2.700.000 galegos. Hoxe somos case os mesmos (2.739.926 no censo de 2001), despois de acadar en 1981 o pico máximo de 2.753.836 fillos de

Breogán¹. Pero somos moitos menos do que os sabios prediciron², imos tamén máis vellos³, temos menos fillos que nunca (0,93 fillos por muller), e afrontamos unha grave recesión poboacional, de características estruturais, que a baixa inmigración que recibimos a penas pode corrixir.

A Renda Familiar Dispoñible, que acadaba na Galicia de 1977 unha porcentaxe lixeiramente superior ó 75 % da media Española, sitúase hoxe arredor do 85 %, como unha evidente expresión da relativa eficacia das políticas de cohesión impulsadas pola UE e o Goberno de España, xa que a nosa produtividade segue 10 puntos por debaixo da media española, e a nosa relación coa renda do Estado volveu a entrar nun período de deterioro dende 1994. Tamén os salarios, as pensións fican lonxe da media Española, moi afectados polas baixas rendas agrarias, o emprego precario e o subemprego. E mesmo o paro, que ata 1989 se situaba en Galicia por debaixo da media española, empeza a comportarse peor ca no conxunto do Estado.

Xa nos nosos días, o *Anuario Social de España 2001* volveu a poñer en dúbida, por segunda vez consecutiva, a conformidade vital coa que os galegos falamos da nosa Terra⁴. Fronte á nosa tendencia a matizar o atraso económico co recurso a un presunto alto nivel de calidade de vida, o estudio do *Instituto Lawrence R. Klein*, da Universidade Autónoma de Madrid, sitúa a Galicia no posto número

¹ Cfr.: Souto González, X. M. (1995): *Xeografía Humana*. Vigo: Ir Indo Edicións, Biblioteca da Cultura Galega, páxs. 91-128.

² As previsións realizadas polo Instituto Galego de Estatística predecían para 1991 unha poboación de máis de 2.860.000 habitantes, moi lonxe dos 2.724.544 galegos contabilizados no censo de 1998, e cun desvío das estimacións feitas ata 2006 próximo ó 8 %. Cfr.: *Galicia 2010. Poboación e territorio*. Santiago (2000): Asociación Proxecto de Investigación Galicia 2010, páxs. 145-153

³ O Índice de Avellentamento (IA) da poboación galega e dó 94,57 % para o conxunto de Galicia, con cifras que se aproximan ó 146 % nas provincias de Lugo e Ourense. O IDX (Índice de Poboación Xuvenil) sitúase para Galicia no 21,2 %, cando se considera que as marxes satisfactorias deben acadar valores superiores ó 40 %. E o IDS (índice de Poboación Senil) acada para a nosa poboación o 27,2 %, cando os valores considerados satisfactorios se sitúan por debaixo do 20 %. Cfr. *Galicia 2010*, op. cit., pág. 195.

⁴ Cfr.: Instituto Lawrence R. Klein da UAM (2002): *Anuario Social de España 2001*. Barcelona: Fundación La Caixa.



SPilom

12, entre as 17 Comunidades Autónomas de España, e moito máis valorada por parámetros como a seguridade cidadá ou o medio ambiente, mentres se afunden os parámetros relativos ó equipamento e a renda.

Entre as cincuenta provincias españolas, Lugo é –no posto nº 50– a que ten peor calidade de vida de toda España. Ourense, no posto 47, non da para moito máis. E incluso a *rica* Pontevedra, orgullo da Galicia costeira, non supera o posto nº 31. A Coruña, que é a provincia galega na que mellor se vive, queda relegada ó número 21. Se collemos como referencia o acceso a *Internet* e o uso da *telefonía móbil*, que a sociedade considera como indicadores primixenios da modernidade social, a provincia de Ourense ocupa a última posición de España no índice de acceso a Internet, mentres a de Lugo figura na derradeira posición no uso de telefonía móbil.

En conxunto, o *Anuario Social de España 2001* deixanos unha testemuña sintética dunha larga serie de índices económicos e sociais altamente preocupantes, que sitúan a Galicia por debaixo da media nacional en case todo: camas hospitalarias, residencias da terceira idade, escolarización universitaria, renda, xubilacións, consumo de enerxía, equipamentos domésticos, aforro bancario, calidade de emprego e infraestructuras de comunicacións e servizos. E por eso teremos que concluír que, se ben é certo que –como ironizaba Díaz Pardo– “*con Fraga hai máis coches e teléfonos que no tempo da República*”, unha visión comparativa da realidade social e económica de España e de Europa devólvenos ó pesimismo de quen ve o progreso do mesmo xeito que vían os grifóns de Alexandre o anaco de carne que, pendurada dunha cana cravada na cabezalla da biga, obrigaba os pobres bichos a turrar do carro polos aires.

Claro que o progreso absoluto tamén é importante, e por eso conforma unha boa parte do xuízo político que determina o resultado dos procesos electorais. E, tendo en conta a cultura creada polo noso illamento secular, todo apunta a que este progreso que resulta do paso do tempo e do contexto xeopolítico no que nos movemos é suficiente para avaliar a xestión duns gobernos que, case sen dar pancada, e fiándose en exclusiva dos *Fondos Europeos de Cohesión* e do *Fondo de Compensación Interterritorial*, conseguen

unha estimable cualificación da súa xestión política e da súa eficacia na administración do interese público.

3. A conciencia crítica dunha sociedade invertebrada

Neste marco político cobra especial importancia o conxunto mediático que serve ó noso subsistema político autonómico, xa que, máis alá de propiciar a información plural que serve para orientar o poder dunha sociedade democrática, debería alimentar a conciencia crítica dunha sociedade que non pode conformarse co que ve diante dos ollos, e que debería compararse cos distintos niveis e áreas político-administrativas que conforman o seu contorno político e social.

Pero a cuestión mediática non pode abordarse soamente, como adoita facerse, dende o conxunto, coma se tódalas virtudes e tódolos defectos do modelo foran xeneralizables. Cada medio ten o seu ámbito social de influencia, e un proxecto informativo concreto que pode ser avaliado e confrontado coa sociedade á que serve. E por eso me parece moi interesante que se aproveiten os fitos simbólicos –un cuarto século de vida, por exemplo– para repasar os cambios sociais e recoñecerse neles.

Xa dixemos que, nos vintecinco anos de vida de *Encrucillada*, Galicia cambiou moito. Xa dixemos, tamén, que ese cambio ten moitas causas externas, e que ven arrastrado dos cambios experimentados no mundo avanzado e máis especialmente da Unión Europea. E xa dixemos tamén que ese cambio, que pode apreciarse sen dificultade nos seus termos absolutos ou na súa comparación con terceiros países, debece, con toda evidencia, cando se fai comparación co que aconteceu no conxunto do noso país e da Europa comunitaria, onde se percibe a nosa gran dificultade para producir cambios estruturais no desenvolvemento económico e social. Por eso agora compre saber se somos conscientes do que nos pasa, e se a nosa política, a de Galicia, está máis comprometida co progreso ou co actual estado de cousas. Porque a actividade política dunha sociedade é sempre debedora desa distancia que existe entre o lugar que se ocupa e o que se quere ocupar, xa que na conciencia dese gradiente resúmese de xeito sintético todo o conxunto de

motivacións e de medios utilizados para o desenvolvemento da actividade política.

Con só oito anos de autonomía, cumpridos en 1989, a sociedade galega entregouse a unha fórmula electoral que, ademais de frear o proceso de formación da súa estrutura de partidos, na que o nacionalismo debería poder operar con normal eficacia, acabaría por traernos un modelo tan estable que mesmo podería cualificarse de partido dominante. As claves desta interpretación son as seguintes:

1. A desaparición do nacionalismo de centro, e a concentración das propostas nacionalistas á esquerda do PSOE, baixo a dirección do BNG. Isto fará que a bisagra do sistema sexa o PSOE, e que as hipóteses máis verosímiles de goberno se movan nunha estreita franxa que vai dende o PP con maioría ó PP en coalición ou en simple minoría.

2. O empate técnico entre o BNG e o PSOE, que obriga as forzas da esquerda a sobrepoñer a loita polo control do espazo electoral propio antes de formular unha auténtica alternativa á dereita.

3. O claro dominio electoral do PP, que, ademais de poñerse de manifesto en tódalas eleccións e en tódolos ámbitos de representación, mantén a política autonómica nun *impasse* sen alternativas.

4. As políticas de cohesión despregadas pola UE e o Goberno de España, que, ó tempo de producir avance social e estrutural que é necesario para xustificar a política autonómica, amaina o debate sobre a xestión das nosas competencias e ergue un pano de cor de rosa diante da auténtica política autonómica.

5. A específica conformación dos liderados que operan na política galega, que palía os efectos da crise biolóxica e mesmo política na que se move o actual liderado do PP.

Neste senso cabe dicir que o primeiro problema político de Galicia é o conformismo coa situación social e económica –versión democrática e avanzada do fatalismo político–, que tanto pode implicar a incapacidade para recoñecer as propias limitacións coma

a crenza de que xa se está facendo todo canto se pode facer. E por eso cabe dicir que a conformidade é unha característica da sociedade política perfectamente compatible co correcto funcionamento da democracia formal, sen que eso nos impida discrepar, ou amosar o estupor, polo feito de que unha sociedade que ve perder tantas oportunidades, e que segue ancorada nos derradeiros postos do *rankig* do desenvolvemento económico e social, non sinta ningunha necesidade, ou nin cree ningunha posibilidade, de activar a vida política e introducir unha nova dinámica na xestión dos intereses públicos. Coa experiencia de vinte e cinco anos de eleccións libres e democráticas, todo indica que a situación de Galicia non é o resultado dun control abusivo sobre o sistema electoral, senón a consecuencia dunha aberta contradición entre a definición ideal dos obxectivos e unha praxe política dominada por unha concepción *invisible* do poder.

O poder galego segue situado nun plano distinto daquel no que se moven os grupos de interese dominantes na sociedade, de tal xeito que, en vez de asistirmos a unha loita pola conquista do propio poder, ou pola determinación dos seus obxectivos, limitamos a nosa estratexia –individual ou colectiva– a unha práctica propiciatoria orientada a situarnos á beira do gañador, ou a conquistar os seus favores políticos e económicos. E eso é tanto como alimentar as inercias do poder, ou como renunciar a unha mobilidade política que puidese implicar a creación de novas estruturas electorais. A eso chaman os politólogos un voto invisible, xa que, no canto de traducir a poder as correntes de intereses que subxacen nunha sociedade plural e aberta, límitase a ratificar as propostas ou os equipos de poder xurdidos no seo dos partidos políticos, deixándolles as mans libres para interpretar a realidade política en función da súa estratexia electoral ou mesmo de outros intereses que se combinan coa realidade política.

O poder invisible é o froito dunha cultura largamente asumida que, incorporando incluso moitos elementos predemocráticos, se pon de manifesto en catro feitos importantes:

a) A sociedade galega non percibe que exista en Galicia un poder suficiente para afrontar dende el unha transformación profunda da

realidade económico-social. E de aí que tente conformar poderes e liderados que, máis que gobernar, teñan capacidade de intermediar.

b) Os sectores sociais e as elites galegas compiten polo poder dentro do marco xeral da política española, deixando que a política galega fiquese reducida a un mero *ámbito de formación e promoción* das elites estatais.

c) A falla dun *portador* social do poder nacional galego –o que historicamente foron as burguesías empresariais en Cataluña e Euskadi– impide que se produza unha auténtica mobilización para competir polo poder autónomo, facendo moi difícil o anovamento dos partidos e a transformación efectiva da estrutura de representación.

d) A organización do nacionalismo político, única característica propia do noso sistema de partidos, adoce dunha base social capaz de transmitirlle o pulo necesario para a loita electoral, polo que se comporta como unha auténtica burocracia de partido cun teito político infranqueable e unha tendencia moi acusada a reproducir certas características do nacionalismo culturalista.

e) A conformidade básica co acontecer galego, que resulta das accións da política estatal e europea, rebaixa a demanda de cambios internos no sistema e na actuación dos poderes públicos, e afianza as características propias dunha política dependente.

Nestas circunstancias cabe pensar que, mentres os sectores máis activos da sociedade galega andan á procura dunha mensaxe que faga posible o nacemento dunha canle de progresión social e política, a situación actual resulta percibida como o resultado normal das preferencias electorais dos galegos, como se tales resultados se deran dentro dunha situación democrática perfectamente evolucionada e asimilable á dos países que comparten connosco historia, tradición e feito diferencial. E por eso seguimos máis preocupados por adaptarnos ó funcionamento do sistema actual, e á súa estrutura de partidos que a reformalos, xulgando como elementos *á beira do sistema* ós que denuncian as eivas conceptuais e estruturais que determinan o seu funcionamento.

Claro que o comportamento electoral dos galegos soamente se presenta como problema para quen adopte un prexuízo analítico nacionalista, ou, dito doutro xeito, para quen estea convencido de que hai sectores sociais galegos que, estando interesados en competir polo poder de Galicia para poñelo ó servicio da súa identidade e dos seus intereses políticos e económicos, vense impedidos para acceder a el en virtude do desfase cultural ou do control social do electorado. Sen embargo este mesmo comportamento aparecerá como plenamente maduro e normalizado, distanciando de toda caracterización problemática, para quen acepte que o electorado galego enmarca a súa controversia política no ámbito e na realidade do poder estatal, sen ver na autonomía nada máis que “*un xeito de integración equilibrada das diferencias nunha unidade político-administrativa territorial superior*”⁵.

Compre advertir, sen embargo, que ámbolos dous enfoques teñen os seus alicerces nunha mesma realidade social, na que coinciden –sen mesturarse– unha cultura da diferenza e da identidade, e unha praxe política dependente e subsidiada. E por eso se bota tanto en falta un sistema *mediático* moderno e plural que fixera posible o debate dos diagnósticos, a articulación de solucións de amplo consenso, e a formación dunha estrutura política capaz de impulsar políticas anovadoras.

4. Un baixo nivel de pluralismo

Se non sempre foi así, ninguén pode dúbida de que, a partir de Habermas e Sartori, existe unha estreita imbricación entre os conceptos de democracia e pluralismo. A democracia é algo máis que o pluralismo, mais sen pluralismo no pode entenderse a democracia. Pero non debe esquecerse que, lonxe de limitarse a idea básica dun bipartidismo ou pluripartidismo que articule a alternancia democrática e faga posible a participación electiva da cidadanía, o pluralismo é unha característica que penetra no seu conxunto tódalas estruturas da sociedade democrática. E por eso pode considerarse que o grao de pluralismo social –político, *mediático*,

⁵ Fraga Iribarne, M. (1993): *Da acción ó pensamento*. Vigo: Ir Indo Edicións, páxs. 31-32.

asociativo, cultural- é un índice obxectivo da calidade dunha democracia.

Nunha análise política profunda a presenza de Fraga Iribarne con catro maiorías absolutas non pasa de ser unha circunstancia nin deixa de ser unha forma de resposta moi común nas Comunidades Autónomas de España. Algo que certos líderes coma Pujol, Bono ou Rodríguez Ibarra, e certas fórmulas de goberno coma a dos socialistas de Andalucía ou o PNV elevan á máxima expresión. O que a nós nos é propio e nos caracteriza como realidade singular é o feito de que o PP de Galicia sexa dominante ou amplamente maioritario en tódolos ámbitos institucionais e electorais que conflúen na Comunidade Autónoma (elección locais, autonómicas, xerais e europeas), que sexa a forza gañadora en tódolos comicios dende 1981, e que faga sentir a súa presenza abafadora en todo o sistema asociativo de Galicia. Porque eso, que en modo ningún é comparable cá que sucede en Cataluña, en Euscadi ou en Andalucía, confírelle ó PP un status específico que tende a identificar o partido co poder, e que dun xeito imperceptible acaba trasladándose a todo un conxunto social que a penas amosa visos de pluralidade efectiva.

Unha decisión importante como, por exemplo, un cambio na estrutura territorial, podería ser abordado polo PP cos seus propios votos e sen necesidade de dialogar en ningunha instancia con outras forzas políticas. Unha relación entre determinadas representacións asociativas e o poder (organizacións empresariais, sindicais ou culturais) tende a reconducirse con éxito cara as estruturas do poder. Os equilibrios que se producen no eido da comunicación, coa cada día máis evidente colaboración entre o poder e os medios, resólvese sempre nun trato de vantaxe para o PP, que a penas pode ser cuestionado nas institucións en nos centros do poder económico, e unha relación clientelar co poder, que case sempre inclúe a racionalidade propia das sociedades dispersas e invertebradas, acaba producindo a total confusión entre a organización partidaria dominante (o PP) e a estrutura institucional que debería velar polos intereses públicos.

Aí, nese dominio político que exerce o PP sobre tódolos ámbitos da política galega, é onde se descubren as inercias dun sistema que se

pecha sobre si mesmo e impide, non soamente a alternancia real do poder, senón tamén a existencia das mínimas incógnitas que alentán as modificacións e a modernización estrutural do sistema. E aí é onde se bota en falta a competición de intereses sociais que dinamizan todo o proceso de organización, participación e representación política.

5. A xeito de conclusión

A descrición e análise do monolitismo e do inmovilismo da política galega apunta tamén a que temos un problema estrutural, e de fondo, que non depende só dos lixeiros cambios que puidesen operar na estrutura de partidos que opera no subsistema autonómico. E por eso pode dicirse que, cos datos e proxeccións que temos na man, non hai, a curto ou medio prazo, perspectivas de cambio. E isto alcanza tamén o que, parafraseando con moito sentido as expresións do franquismo, poderíamos definir como o “*cumprimento das previsións sucesorias*”. Porque, aínda que é certo que a política en Galicia non debe estar lonxe de vivir circunstancias especiais e acontecementos importantes, todo apunta a que seguimos nunha inercia que, tan pronto como para a axitación producida por acontecementos externos, todo tende a voltar ó mesmo sitio e definir outra volta o mesmo cadro de poder. Se as estruturas do poder e das institucións non cambian, diría Montesquieu, dificilmente se pode esperar unha gobernación distinta. E se a actitude social que alimenta este sistema monolítico e inmóbil non admite variacións, non se deberían esperar, tampouco, os grandes cambios que a sociedade galega parece ter confiado á páxina de sucesos.

Claro que se algo ensina a crónica política das últimas décadas, en Galicia, en Europa e no mundo, é que nada permanece, e que non hai duro que non amoleza. E por eso non fai falta ser profetas para predicir que algún día, non moi distante, van a cambiar moitas cousas. Pero ninguén sabe como, nin cando, nin en qué dirección, nin qué acontecemento vai a desencadear o proceso. E eso é tanto como dicir que non estamos falando de política, senón de outra cousa, aínda que esa outra cousa acade despois unha grande importancia política.

¿E mentres? Vintecinco anos máis de *Encrucillada*. Anos de reflexión honrada, rigorosa e profunda. Anos de semente de ideas e ideais. Anos de vertebración dunha sociedade que viviu dispersa no senso físico e invertebrada no senso social. Anos de construción dunha sociedade moderna e plural que, con liberdade e sen medos, debata e defina os seus camiños e obxectivos.

Cando esta revista saíu á rúa por primeira vez daba a sensación de que había menos tarefa, ou de que o problema era estenso pero simple. Agora vese que non era así, e que mesmo se percibe a contradictoria impresión de que os avances e cambios que se producen no camiño de Europa nos axudan a descubrir a intrínseca febleza estrutural desa terra, ou esa nación, á que lle chamamos Galicia. Porque se quitamos a palabra Galicia dos nosos textos, e falamos soamente das provincias do Noroeste, remataron de golpe tódolos problemas. Por primeira vez na historia o noso problema non consiste en demandar cousas que non temos (autonomía, recursos para as autovías, hospitais para os enfermos e escolas para os nenos), senón en utilizar con senso e eficacia os recursos que temos. Porque, se non confundimos o país cos cartos, teremos que convir no paradoxal aserto de que a Galicia soñada polos devanceiros nunca estivo tan lonxe coma agora, no xusto intre no que, tamén por primeira vez, é plenamente posible.

A eso chámasele "*Encrucillada*". E aí estamos nós, cavilando e construíndo. Sen perder a esperanza.

Xosé Luís Barreiro Rivas

NOTA BIBLIOGRÁFICA

Barreiro Rivas, X. L. (1999): *Estructura administrativa e modernización política: a perspectiva galega*. En: GRIAL, nº 142 (abril, maio, xuño), tomo XXXVII/1999.

Barreiro Rivas, X. L. (2001): *Cultura política e globalización: a construción e defensa da identidade na Galicia do 2000*. En: **Aula**

Castelao de Filosofía (2001): *Globalización e cambio de Milenio*. Vigo: Xerais, páxs. 155-175. [ISBN: 84-8302-628-7].

Barreiro Rivas, X.L. (1998): *Tradición e cambio en Galicia (1989-1995)*. En: **Juana, J. de, y Castro, X., eds.:** *Grandes Transformacións na Historia Contemporánea de Galicia* (Ponencias das X Xornadas de Historia de Galicia). Orense: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, páxs. 201-219. [ISBN: 84-87575-69-Z].

Cotta, M.: *Il concetto di partecipazione politica: linee di un inquadramento teorico*. En: *Rivista italiana di scienza politica*, 9, 1979, páxs. 129-166.

Deutsch, K.W.: *Social Mobilization and Political Development*. En: *American Political Science Review*, 55, 1961, páxs. 193-277.

Fraga Iribarne, M.: *Da acción ó pensamento*. Ir Indo Edicións, Vigo 1993.

G. Beramendi, J., Máiz, R., Núñez, X.M. (edts.): *Nationalism in Europe. Past and Present* (Actas do Congreso Internacional: Os Nacionalismos en Europa. Pasado e Presente). (2 vol.) Universidade de Santiago de Compostela, 1994.

Giddens, A. (1998-2ª): *Modernidad e identidade del yo. El yo y la sociedade en la época contemporánea*. Barcelona: Península. [Tit. orig. (1991): *Modernity and Self-identify. Self and Society in the Late Modern Age*. Cambridge: Polity Press en asociación con Basil Blackwell].

Gurtov, M. (1990): *Política humanística global*. Barcelona: Ediciones Pomares-Corredor. [Edición orxinal (1988): *Global Politics in the Human Interest*. Boulder (Colorado): Lynne Publishers.

Habermas, J. (1989): *El discurso filosófico de la modernidad*. Madrid: Taurus.

Inglehart, R. (1997): *Modernization and Postmodernization. Cultural, Economic, and Political Change in 43 Societies*. Princeton, NJ: Princeton University Press.

Instituto Lawrence R. Klein de la UAM (2002): *Anuario Social de España 2001*. Barcelona: Fundación La Caixa.

Morlino, L.: *Come cambiano i regimi politici. Strumenti di analisi*. Franco Angeli Editore. Milan, 1980. Ed. Castellana: *Como cambian los regímenes políticos*. Centro de estudios Constitucionales, Madrid, 1985.

Rokkan, S.: *Citizens, Elections, Parties*. Universitetsforlaget, Oslo, 1970.

Sartori, G.: *Parties and Party System. A Framework for Analysis (Vol. 1)*. Cambridge University Press, 1976. Trad. castelá: *Partidos y sistemas de partidos. Marco para un análisis (Vol. 1)*. Alianza Editorial, Madrid 1980.

Sequeiros, X.L.: *O muro fendido*. Ed. Xerais, Vigo. 1993.

*Racharemos cadeas que nos prenden,
e faremos fuxir a treboada,
falaremos de amor coa nosa xente
pra viviren connosco a mañá clara.*

Fuxan os ventos



Vintecinco anos de Galicia

Algunhas reflexións

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Para analizar un período de vinte e cinco anos da vida dun pobo é preciso ter en conta as grandes forzas económicas e sociais do Estado, de Europa e mesmo do mundo que determinan, en boa medida, a nosa evolución. Tamén é necesario valorar a nosa propia identidade que selecciona estas determinacións como o fan tódolos pobos que existen de seu. E, así mesmo, é imprescindible introducir na análise o feito autonómico que modula o conxunto de influencias que nos chegan. Por iso reflexionar sobre os últimos vintecinco anos é un exercicio máis difícil que facelo sobre outro período anterior pola complexidade dos mecanismos de intermediación.

O feito autonómico e a súa incidencia social

1. O peso simbólico da autonomía

Desde 1840 os provincialistas, logo os rexionalistas, os das Irmandades da Fala, os nacionalistas da Segunda República, os exiliados, viviron, traballaron e morreron coa ilusión de ver cumprida un día “a grande obra” da autonomía galega. Pero chegado o momento o pobo galego recibíuna con abulia, desinterese e desconfianza. Non poucos pensaron e escribiron que Galicia non merecía a autonomía.

Para os novos e para os desmemoriados lembremos os resultados daquel referendo do 21 de decembro de 1980:

Nun censo electoral de 2.172.989 persoas, só votaron 614.218, é dicir, o 28%. E o resultado foi o de 450.556 votos favorables e

121.448 votos contrarios. O Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado só polo 20'7% do censo electoral galego. Iniciouse, por conseguinte, a autonomía galega maioritariamente deslexitimada. E iso é algo moi grave.

Non debemos quedar neste dato, debemos afondar máis nun exercicio de autocrítica a que tan pouco habituada está a nosa sociedade e os seus axentes sociais. O desinterese e a desmobilización da sociedade deben ter unhas causas que cómpre analizar.

Ó longo da historia o galeguismo adoutrinounos de que o Centro, Castela ou Madrid, míticos referentes de oposición que nós mesmos inventamos, nunca permitiría unha autonomía para Galicia. Tan convencidos estabamos que, cando por un pacto entre as forzas políticas, se decidiu a construción dun Estado autonómico, todos pensamos que aquilo ocultaba escuros designios ou sinxelamente tiña trampa. A especie máis difundida foi que coa autonomía o que se pretendía era montar un curral para que nel mandaran os vicerreis da UCD galega.

A UCD, como Gaciño e Rivas denunciaron nun libro descarnado pero veraz (*Informe dunha frustración. As claves do proceso estatutario galego*, A Coruña, 1980), tentou mercadear coa nosa autonomía nun tráfico indigno, o que provocou as iras de Manuel Fraga, ata o momento ben pouco sensible ó feito autonómico, que dixo aquilo de que se en Galicia houbera metralletas non sucedería esto. Aquel proceso de submisións, de claudicacións, de mercadoría política certamente axudou pouco a confiar no Estatuto.

Unha vez máis a UCD, que controlaba o goberno preautonómico e a quen lle correspondeu facer a campaña do Estatuto, asumiu esta responsabilidade sen ilusión, sen folgos e sen presuposto. Aqueles respectables políticos non podían transmitir entusiasmo autonómico porque non crían na nosa autonomía. E todo isto percíbeo o pobo e fomenta a súa desilusión.

Estas son, certamente, algunhas das causas daquel fracaso do 21 de decembro de 1980. Pero hai máis e non podemos silencialas.

O nacionalismo galego, agás o reducido grupo que seguía a Camilo Nogueira, é dicir, o autoproclamado nacionalismo radical,

para non ser confundido cos “outros” nacionalismos, opúxose ó Estatuto de Galicia, como anteriormente se opuxera á Constitución do Estado español. Esta decisión acabou por desnortar a sociedade galega. Se eles, que se consideraban herdeiros da tradición galeguista e nacionalista (algún día haberá que examinar a lexitimidade de tal herdanza, porque así como no dereito civil non se poden herdar os haberes e renunciar ás débedas, tampouco se pode considerar herdeiro a quen asume o sentimento pero non a doutrina) rexeitaban en forma pública e constante o texto estatutario, ¿qué podería pensar a sociedade galega? Esta mesma sociedade está aínda agardando unha autocrítica expresa na que se nos diga por qué aquel estatuto non servía entón e serve hoxe ata o punto de que, en hipótese, sería o marco legal para un goberno nacionalista ou de coalición socialista-nacionalista.

Este conxunto de factores poden explicar o lamentable espectáculo que deu Galicia no ano 1980 cando aprobou, da maneira que o fixo, o Estatuto de Galicia.

2. A lexitimación da autonomía e o desenvolvemento do poder galego

Dada a escasa confianza que parecía xerar na cidadanía galega o Estatuto, o primeiro que tivo que facer a autonomía foi lexitimarse, e acadouno creando un marco legal, logrando as transferencias do poder central, asumindo os símbolos da galegitude, impondo o galego como idioma oficial de Galicia e exercendo o poder sobre tódolos ámbitos que a Constitución e o Estatuto lle conceden.

Non me corresponde a min, por non estar capacitado para eso, facer unha valoración do proceso de afirmación da nosa autonomía co desenvolvemento do poder político. Voume referir exclusivamente á cuestión cultural.

A primeira reflexión que quero facer, e que seguramente será motivo de discrepancia, é que ó ser a dereita (UCD e logo PP, co breve período de goberno do PSOE e CG) quen xestionou a autonomía galega e quen realizou a galeguización da administración e do Parlamento, posibilitou a pacífica aceptación desta

galeguización nas capas sociais máis afastadas do compromiso galeguista. Dito doutra maneira: a esquerda nacionalista no poder autonómico sen dúbida que empregaría máis medios, faría un seguimento máis puntual dos incumprimentos, condicionaría a concesión de axudas a favor da empresa privada ó cumprimento de determinadas esixencias da normativa lingüística galega. Iso é indubidable pero tamén é máis que probable que este proceso de galeguización fora rexeitado polas capas sociais non nacionalistas entendendo que o esforzo a favor da cultura galega sería máis un obxectivo político que cultural.

Aínda que a futura historia o vulgará, todo parece indicar que vivimos un momento importante na cultura galega. Non só se asumiu o idioma galego no seu aspecto máis institucional e canónico, tamén penetrou no ensino primario e medio, posibilitando que as novas xeracións de xoves teñan acceso á lectura e a escrita galega que é o que vai compensando a limitación cuantitativa do uso do galego polo acoso a que se ve sometido polos medios de comunicación masivamente casteláns. Hai neste momento tres facultades de Filoloxía Galega no noso país, creáronse, con xenerosos presupostos, institucións como o Consello da Cultura Galega e o Centro Ramón Piñeiro, reviviron institucións como a Real Academia Galega, o Instituto P. Sarmiento, e outras institucións culturais. Potenciouse a Escola Dramática Galega e o Instituto Galego da Imaxe, creáronse dúas grandes orquestras en Santiago e A Coruña, levantouse o magnífico Museo de Arte Contemporánea en Santiago, tódalas cidades dispoñen de palacios de congresos ou de renovados museos, puxéronse os cimentos á Cidade da Cultura que albergará a futura Biblioteca Nacional Galega, a Hemeroteca Nacional Galega, O Museo de Historia. E, sobre todo, podemos asegurar que non hai en Galicia unha poboación superior a mil habitantes que non dispoña dunha biblioteca pública, polo menos.

Ó mesmo tempo, e de acordo coas fluctuacións lóxicas determinadas pola conxuntura económica, as editoriais galegas publican anualmente entre dous e tres millóns de libros, na súa maior parte en idioma galego, ós que hai que sumar as masivas publicacións de libros en galego (cunha media de máis de cen mil

exemplares por semana) que neste intre está facendo *La Voz de Galicia* e que o mercado absorbe.

Todo iso, que non ten comparación con ningún outro período da historia de Galicia, non é realización exclusiva da Xunta de Galicia, senón así mesmo das Deputacións, dos Concellos, das empresas editoriais, das asociacións de veciños, das institucións culturais. Pero todo isto colabora no reforzamento da cultura galega.

Sen embargo o fenómeno cultural galego ten tamén algunhas eivas que non podemos silenciar.

Nestes vintecinco anos pasamos de ter unha cultura centralizada, controlada e anémica a unha especie de empacho cultural, dificilmente dixerible.

A capacidade que a cultura ten para ser un escaparate ou un escenario privilexiado convértea, non poucas veces, nun instrumento de propaganda política, que, sen reparos, utilizan tódolos partidos cando asumen os poderes autonómicos, provinciais ou municipais, en Galicia e fora de Galicia. Iso provoca unha excepcional afluencia de investimentos que exercen unha atracción sorprendente en diversas “empresas culturais”, mesmo privatizadas, que preparan produtos supostamente culturais para gloria das autoridades mentres que as asociacións culturais, de probada historia, malviven ou mesmo desaparecen por falla de recursos.

O resultado está sendo unha oferta cultural arbitraria na súa programación, acumulada en espazos e tempos curtos especialmente cando hai eleccións ou están a punto de pecharse os presupostos, incapaz de ser dixerida pola masa social. En definitiva, en pouco tempo pasamos de anemia ó empacho.

O que precede, de ningunha maneira pretende descoñecer os avances realizados, nin mesmo o compromiso que coa cultura galega asumiron moitos concellos e case tódalas asociacións culturais constituídas, senón que ten a pretensión de esixir racionalidade nas inversións, priorizando sempre a cultura galega,

porque é a nosa, o idioma galego porque é patrimonio noso, e salientando que toda inversión feita na nosa cultura é rendible. Non sucede o mesmo con determinadas inversións multimillonarias nunha ou dúas actuacións musicais de grupos estranxeiros, dalgunhas faraónicas ou imperiais exposicións, ou de lusoquísimas edicións de libros que fan pensar que o malgasto, supostamente cultural, se instalou xa nos hábitos dalgúns administradores dos fondos públicos.

Tamén temos que denunciar determinadas celebracións que se pretenden impoñer como produtos culturais. Referímonos especialmente ós banquetes gastronómicos que se celebran anualmente, e case sempre no verán, en vilas e lugares. A súa exaltación nos medios de comunicación, especialmente nos medios públicos, e a asistencia das primeiras autoridades parecen revelar que estamos ante unha peculiar estratexia “cultural” na que se pretende vencellar a exaltación do localismo máis basto e dunha clara intención propagandística política. Xa tiñamos, por tradición, as festas do marisco e do cocido, pero agora o enxeño dos alcaldes extrémase para atopar algún produto senlleiro. Así apareceron as festas do salmón, (por suposto importado porque os nosos ríos contaminados e parcelados polas presas a penas teñen salmóns), da ostra, do percebe, do mexillón, da raia, da nécora, da ameixa, da navalla, da lamprea, do berberecho, do santiaguíño, da lagosta, do lumbrigante, da pescada, do ollomol, da sardiña, para pasar logo ó porco: festa do chourizo, do raxo, dos pes de porco, da bica, da morcilla, da orella, do botelo e calquera día aparecerá a festa do rabo. Tamén temos unha abondosa representación “cultural” dos produtos do campo: do pemento, da pataca, do amorodo, da mazá, da cebola, dos viños do Ribeiro, Valdeorras, alvariño, do Rosal, así como de produtos máis elaborados como a filloa, a empanada (dunha variedade de xéneros e especies que envexaría Linneo), do polbo ou pulpo (así mesmo con extremadas variedades), do choco...

A impresión que producen estas festas é a dun pobo que parece que aínda non superou a fame negra e, desde logo, vender esta especie de bárbara sociabilidade como cultura gastronómica ou como cultura é sinxelamente un insulto.

Finalmente temos tamén que reconsiderar o papel monopolizador que están asumindo algunhas instancias políticas. Non parece lóxico que a Xunta de Galicia case sexa a primeira editorial de Galicia e que as direccións xerais da mesma programen, subvencionen e organicen a maior parte dos congresos que se celebran no país. O tan encomiado principio de subsidiariedade sobre o que, en principio, se apoia a estratexia política e cultural da actual Xunta de Galicia, ten que aplicarse dunha vez por todas ó mundo da cultura. Para iso están as institucións culturais, con experiencia e tradición, as universidades, as editoriais galegas, a través das que deberían realizarse estas actividades e acontecementos culturais, evitando toda tentación de monopolio.

As grandes transformacións sociais

1. A desagrarización

o primeiro que salta á vista cando nos fixamos nas estatísticas é o irrefreable proceso de desagrarización que vive Galicia. Se no ano 1965 a poboación rural galega era aínda dun 77 %, hoxe a penas resta un 25/30 %.

Este fenómeno iníciase nos anos sesenta e setenta a consecuencia da fortísima emigración cara a Europa e con destino ó triángulo País Vasco/Asturias, Cataluña e Madrid. Trátase dunha emigración temporal que, por regra xeral non comporta un proxecto vital de definitivo alonxamento da terra, e, por conseguinte, dunha emigración de retorno. Pero os retornados xa non volven á Galicia rural. Os aforros invístenos en pequenas empresas situadas nas cidades ou nas vilas.

A integración de España no mercado común supuxo drásticos recortes para a agricultura e a pesca galegas. A redución das cotas do leite e a perda dos caladoiros tradicionais pecharon as perspectivas de traballo das novas xeracións que xa non se orientan cara a agricultura nin cara a pesca.

En realidade, a situación da Galicia rural era insostible desde unha perspectiva económica. Galicia resistiuse teimosamente a toda reforma agraria e foi preciso resolver nas últimas décadas un

problema que debiera ser resolto no século XIX. O minifundio, as reducidas dimensións da unidade de produción rural galega, o exceso poboacional elevaba de tal maneira os custos de produción que o litro de leite ou o quilogramo de millo producidos en Galicia eran, posiblemente, os máis caros de Europa.

A incorporación a Europa puxo ó descuberto algo que os expertos xa viñan denunciando desde había dous séculos: a imposibilidade de manter aquel modelo productivo. Hoxe, por iso, asistimos á desarticulación da sociedade agraria galega.

As consecuencias son evidentes: perdeuse un modelo socioeconómico, que afectaba á maior parte da poboación galega, sen atopar un modelo substitutivo global. É dicir, que hoxe o exceso poboacional rural é asumido polo tecido urbano e semiurbano con ofertas tan diferenciadas como poden ser as empresas de enclave tipo Citroën, as microempresas tecnolóxicas ou as empresas de servizos. Quere isto dicir, que a poboación rural integrada nas cidades perdeu tódalas referencias da súa cultura propia véndose obrigada a asumir novos valores culturais en certa maneira alleos. E aínda que o galego rural dispuxo sempre dunha abraiante capacidade de acomodación (como o amosa o exemplo da emigración) sen embargo o que é evidente é que a cultura rural tan protexida e rica, esmorece inevitablemente.

Iso ten unha inevitable consecuencia: a perda da lingua galega, de uso practicamente exclusivo na sociedade rural, o que explica o declinar, no plano cuantitativo, do noso idioma en Galicia. Outra consecuencia é a perda dunha serie de usos, sociais de códigos de conducta, mesmo de valores, que eran propios da sociedade rural.

Esto non pode levarnos ó pesimismo nostálxico, ou mesmo a confundir a Galicia real coa Galicia rural, pero é indubidable que algo está mudando definitivamente neste país.

A desagrarización non comporta necesariamente a reafirmación da sociedade urbana galega. Como se sabe, Galicia careceu sempre de grandes cidades. A Coruña empeza a reafirmarse como unha cidade de certa magnitude poboacional só a partir dos

anos setenta do século pasado. Vigo ten que agardar ó século XX para consolidarse como a importante cidade do Sur de Galicia. Aínda tendo en conta a esta dúas cidades, debemos recoñecer que Galicia careceu dunha grande urbe que, como Barcelona, Bilbao, Valencia e, por suposto, Madrid, actuara como a locomotora do progreso e da modernidade no noso país.

A desarticulación da sociedade agraria galega paradoxalmente non está a favorecer as grandes cidades. Vigo, A Coruña, Ferrol, etc, teñen estancada a súa poboación desde fai anos, aínda que é certo que os concellos inmediatos crecen poboacionalmente.

As grandes beneficiarias da desagrarización galega están sendo as vilas. Hai en Galicia unhas corenta e cinco vilas que nucleas todo o territorio creando un espacio intermedio entre a sociedade rural e a sociedade urbana. A vila mantén aínda a solidariedade coa Galicia rural da que se nutre e á que serve de mercado inmediato, e a vila, por outra parte, vaise aproximando ó modelo das cidades en canto á prestación de servicios. Todo isto máis o abaratamento da vivenda, un peculiar mercado de traballo que a familia rural compatibiliza coa produción agraria, explica o crecemento de moitas vilas que están conformando un modelo de sociedade *sui generis*, entre a ruralidade e a sociedade urbana.

Esto está indicando o importante que en Galicia está tendo a comarca, como unidade sociolóxica. Aínda que a comarca non entrou a formar parte da planta administrativa que se deseñou no século XIX, de feito seguiu exercendo un papel insubstituíble na sociedade galega e hoxe vive momentos de euforia. Non é de estrañar, por iso, que a Xunta de Galicia proxectara un plan de comarcalización de Galicia que para que non sexa papel mollado presupón, quizais, unha reforma do marco administrativo dotando as comarcas de capacidade xurisdiccional, algo que asusta tanto ó Estado como ós poderes provinciais.

2. A muller na sociedade galega

Unha das transformacións sociais máis importantes protagonizouna a muller galega.

En relación co fenómeno migratorio a Europa, que xa non foi preferentemente masculino, co proceso de desagrarización pero tamén co avance da democratización política, está o feito da progresiva liberación da muller, mediante a incorporación ó mercado de traballo, base fundamental da súa liberación.

A muller galega, especialmente a rural, sempre exerceu un papel decisivo na economía familiar, pero o seu traballo estaba considerado como substitutivo ou subalterno. Tiña, por iso, que compaxinar o traballo co rol que a sociedade lle imputaba: reprodución biolóxica, e vehículo da tradición educativa, aínda que estas funcións apareceran enfaticamente ennobrecidas de maneira que a súa colaboración na economía familiar a penas tiña valoración ningunha.

A incorporación da muller ó mercado de traballo nun plano de igualdade legal cos homes (a igualdade sociolóxica e mesmo económica segue a ser unha cuestión pendente) produce a súa independencia á marxe da propia familia. É dicir, que a muller pode optar a diversos roles: o tradicional ou o da independencia, ou mesmo a conxunción dos dous pero xa nun plano distinto, porque a súa achega económica xa non ten necesariamente a consideración dun aporte substitutivo ou subalterno.

As consecuencias do novo status da muller na sociedade actual son manifestas: asenta a igualdade no seo da familia, predispón a racionalidade da función biolóxica (o que se manifesta, por exemplo, na caída do crecemento vexetativo), incorpora á sociedade toda a capacidade intelectual feminina da que a sociedade estaba privada. En definitiva a muller é un suxeito de dereitos exactamente igual que o home.

Evidentemente o camiño a percorrer é aínda longo dada a resistencia irracional de certa masculinidade, amparada desde instancias funcionais e simbólicas, como sucede na Igrexa Católica. Preto estamos ante un camiño sen retorno.

Por iso a imaxe estereotipada da muller co pano á cabeza, de loito rigoroso e mirada triste, que non sabemos por qué é a preferida nos xornais e revistas do Estado, pertence ó pasado.

Xosé Ramón BARREIRO FERNÁNDEZ



A produción teolóxico- espiritual e de tema relixioso en Galicia (1977- 2000)

Victorino Pérez Prieto

Sen dúbida ningunha, nos últimos vintecinco anos produciuse máis literatura teolóxica, espiritual e de carácter relixioso en Galicia que en tódolos anos e séculos anteriores. O inesquecible Nicanor Rielo Carballo deu conta case exhaustiva desta produción ata hai cinco anos (1996) no número 100 de *Encrucillada (Libros e publicacións relixiosas en galego)*. Decía ao comezo do seu traballo que nunha conferencia do ano 1963 en Lugo afirmárase que “o libro relixioso en galego non existía”. Alí fixo una exposición cronolóxica de libros e demais publicacións ano tras ano. Non puido anotar alí o primeiro tratado teolóxico en galego: Celestino García Romero, *Inferno e gloria*, pois foi publicado posteriormente (Vigo 2000).

Tentarase agora facer unha exposición breve desta boa colleita en cantidade e calidade, organizada por temas e autores. Completáranse algúns baleiros do traballo de Nicanor (algúns libros en galego e en castelán, pero de autores galegos) e engadírase a produción dos últimos cinco anos. Déixanse fora os libros litúrxicos; para coñecer as primeiras tentativas litúrxicas galegas pode verse o artigo citado, pero compre engadir que nos últimos anos viron a luz a meirande parte dos *Leccionarios* (6 volumes magnificamente editados e encadernados entre 1990 e 2001) e outros libros litúrxicos: *Misal Romano* (1987 e 1993), *A Oración dos Fieis* (2000), *Rituais dos Sacramentos...* Sobresae particularmente o *Diurnal* ou *Liturxia das Horas* (1999), que, ademais dos textos bíblicos e a tradución das oracións, contén uns

himnos cun riquísimo abano da poesía relixiosa en galego, obra de creadores pretéritos e contemporáneos; a meirande parte das obras foron feitas expresamente para este libro. E non se pode esquecer as dúas edicións que leva xa o *Novo Testamento* (1980 e 1998) e as catro de *A Biblia* (1990, 1992, 1997 e 2002).

I. Os libros de Torres Queiruga e Chao Rego

Sobranceiramente, a riqueza destes anos é obra de dous grandes creadores: Andrés Torres Queiruga e Xosé Chao Rego. Merecen un espacio á parte pola riqueza da súa creación e pola extensión da súa produción: entre eles dous suman nestes anos preto dos corenta libros (sen contar os folletos) e moitos outros traballos teolóxicos aparecidos especialmente nesta revista. Particularmente, a teoloxía de Torres Queiruga é moi recoñecida fora das fronteiras galegas, e mesmo españolas e europeas (é moi apreciado en América Latina); ten numerosas traducións e libros editados xa orixinariamente en castelán. Velaquí a relación tan só dos libros individuais.

1. Andrés Torres Queiruga (Aguíño, 1940):

Recupera-la salvación, Vigo, 1977. Con varias edicións en castelán.

Constitución y evolución del dogma. La teoría de Amor Ruibal, Madrid, 1977.

Rolda de ideas, Vigo 1984.

A revelación de Deus na realización do home, Vigo, 1985. Traducido ao castelán, ao portugués, ao italiano e ao alemán, é a súa obra máis ambiciosa.

Creo en Deus Pai. O Deus de Xesús e a autonomía humana, Vigo, 1986. Con varias edicións en castelán, italiano portugués.

La constitución moderna de la razón religiosa, Estella, 1992.

Repensar la Cristología. Ensayos hacia un nuevo paradigma, Estella, 1996.

Recupera-la creación. Por unha relixión humanizadora. Vigo, 1997. Editado tamén en castelán.

El problema de Dios en la modernidad, Estella, 1998.

Noción, religación, transcendencia. O coñecemento de Deus en Amor Ruibal e Xavier Zubiri, A Coruña, 1999.

Do terror de Isaac ó Abba de Xesús, Vigo, 1999. Traducido ao castelán.

Por el Dios del mundo en el mundo de Dios, Santander, 2000.

Fin del cristianismo premoderno, Santander, 2000.

É os folletos: *Opción por los pobres. La justicia del Dios cristiano* (1988), *El Dios de Jesús. Aproximación en cuatro metáforas* (1991), *El cristianismo en el mundo de hoy* (1992), *El diálogo de las religiones* (1992, ed. brasileira), *Confesar a Jesús como el Cristo* (1994), *La democracia en la Iglesia* (1995), *O inferno a revisión* (1995, ed. castelán), *Un Dios para hoy* (1997), *Creer de otra manera* (1998)...

2. Xosé Chao Rego (Vilalba, 1932):

La Iglesia que Franco quiso, Madrid, 1976.

Marcel Lefèvre un integrismo histórico, Madrid, 1977.

Eu renazo galego. Ensaio sobre identidade galega, A Coruña, 1983.

Historia do pobo de Xesús, A Coruña 1980-2000. Un amplo estudio bíblico en 8 volumes, que, en palabras do autor debeu quedar incompleto.

Introducción ao Xénesis, Vigo, 1985.

O misterio do lume, Vigo, 1985.

Na fronteira do misterio. Credo para xente non crédula, Vigo, 1995. A súa obra teolóxica máis ambiciosa, verdadeiro compendio da fe cristiá.

Prisciliano. Profeta contra o poder, Vigo, 1999.

A condición homosexual, Vigo, 2000.

O queixume das orixes e tres salaios máis, Santiago 2000.

O sexo, a muller e o crego, A Coruña, 2000.

Da Ceca á Meca. Diñeiro e profecía, Vigo, 2001.

O relato hebraico. A Biblia contada desde a lareira, Santa Comba, 2001.

E os folletos: *Camiñando a Compostela* (1992), *¿A onde vai a Igrexa?*(1994), *¿Por que nos sentimos culpables?* (1995), *Camiño verde: Ecoloxía e creación* (1996), *Deus tenvos moita gracia. Creo no divino humor* (1997)...

II. Outros libros de teoloxía, espiritualidade e pastoral

1. No eido da teoloxía espiritual e pastoral, salienta a tamén prolífica produción de **Manolo Regal** (Chantada 1947). A meirande parte das oracións modernas que se rezan nas comunidades, nas parroquias e mesmo nas catedrais son obra súa. Velaquí os seus libros:

Un caxato para o camiño, Zamora, 1988. Poemas e oracións ao ritmo da Liturxia.

Chorimas. Plegarias de amor e soidade, Vigo, 1991. Poemas e oracións

Co Evanxeo pola man, Vigo, 1992. Comentarios, pregarias e preces para os evanxeos dos domingos e festivos do Ciclo A.

Benqueridos amigos, Vigo, 1993. Idem Ciclo B.

Convocados para irmandade, Vigo, 1994. Idem Ciclo C.

No nome do Pai. Caderno de oración, Vigo, 1997.

A partir de hoxe, Vigo, 2000. Novela didáctica.

Xuntos facemos pobo, Lugo, 2001. Materiais pastorais.

2. Aínda que menor en cantidade, é de gran calidade a produción teolóxico-espiritual de **Xosé Antón Miguélez** (Lugo, 1946), vertida sobre todo en artigos en *Encrucillada* e outras revistas. Xunto con Manolo Regal é o autor da meirande parte dos himnos do *Diurnal galego* (1999). Ademais, deunos dous magníficos libríños, nos que a calidade é inversamente proporcional ao tamaño:

Temos carta de Deus, Santiago, 1994. Teoloxía en forma epistolar.

Profecía dun Capitán Trono, Vigo, 2000. Teoloxía en forma poética.

3. Victorino Pérez Prieto (Hospital de Órbigo, 1954) ten publicado nestes anos media ducia de libros de carácter teolóxico:

A xeración “Nós”. Galeguismo e relixión, Vigo 1988.

Cristiáns e galeguistas, Santiago 1994.

Galegos e cristiáns. “Deus fratresque Gallaetiae”, Vigo 1995.

Do teu verdor cinguido. Ecoloxismo e cristianismo, A Coruña 1997. En castelán *Ecologismo y cristianismo*, Santander, 1999.

A Romaxe de Crentes Galegos. De Irimia a Santa Margarida, Santiago 1998.

Con cordas de tenrura, Vigo 2000. Ed. castelán *Con cuerdas de ternura*, Madrid 2002. Un libro dacabalo entre a teoloxía e a espiritualidade.

4. Compre salientar tamén as obras do bispo **Miguel-Anxo Araújo** (1920), de quen é tan debedora a aínda probe galeguización da Igrexa de Galicia:

Escritos cristiáns sobre problemas, personaxes e conflitos de Galicia, A Coruña, 1987.

Palabras para os amigos, Ourense, 1989.

Escritos pastorais, A Coruña, 1990.

Oracional galego, Vigo, 1991.

Memoria de vida, Vigo, 1993.

5. Xosé Alvilares (Lugo 1941), que publicara uns anos antes un polémico e valioso libro *¿Proceso a la Iglesia gallega?* (Madrid 1971), deu a luz nestes anos dous libros de boa teoloxía, en galego e castelán :

Memorial de Agravios, Vigo 1992, un libro que de testemuño persoal, pero tamén de historia e teoloxía, que veu tamén cargado de polémica.

Dios en los límites, Madrid 1999.

6. E outra media ducia de libros máis de carácter fundamentalmente testemuñal, que teñen moito de vivencia de fe e non pouco de teoloxía narrativa:

Moncho Valcarce, *Revolucionario e místico. Diario íntimo da doenza final*, Santiago, 1994. O testemuño dun galego crente, sobre todo na doenza.

Laurie Dennet, *Unha aberta ó Apóstolo*, Santiago, 1995. Testemuño de peregrinación.

Manuel Guerra Campos, *La confesión de un creyente no crédulo*, Estella, 1998.

Engracia Vidal Estévez, *Por unha Igrexa tamén feminina*, Santiago, 2000. Teoloxía en feminino desde a propia vivencia de Igrexa.

Pilar Fernández e Xosé Antón Miguélez (eds.), *Cousas de Veneranda*, Santiago, 2001. Testemuños sobre como a febleza e a debilidade poden ser humana e espiritualmente moi fecundas.

Segundo Pérez López é o editor de dous libros testemuñais máis: *Pilar Silva. Muller crente e comprometida*, As Pontes, 1997 e *Gabriel Vázquez Seixas: Memoria de vida*, Ferrol, 2001.

III. Libros de socioloxía, literatura, antropoloxía, historia e arte relixiosa

1. En relación coa *galeguización da Igrexa*, ademais dos meus libros citados máis arriba, salientan nestes anos os traballos de Daniel López Muñoz e Xesús Ferro Ruibal, pero non foron os únicos:

X.M. Rodríguez Pampín e M. Caamaño Suárez, *Pro e contra da Liturxia en galego*, Vigo, 1980.

Xosé Moreiras Santiso, *Liturxia Galega*, Vigo, 1981.

Silvestre Gómez Xurxo, *Conversas co P. Seixas*, Vigo, 1985.

Xesús Ferro Ruibal *A Igrexa e a lingua galega*, Santiago, 1987.

Daniel López Muñoz *O idioma da Igrexa en Galicia*, Santiago, 1989.

Daniel López Muñoz e **Xesús Ferro Ruibal** *A palabra fai camiño*, Santiago. 2000, actualizando o traballo sociolóxico de López Muñoz feito dez anos antes e engadindo Ferro Ruibal unha rica documentación.

O resultado sociolóxico deste último traballo de **López Muñoz** e **García Cendán** quedou reflectido tamén en *Receptividade do galego na liturxia*, Santiago, 2000.

X. Ferro Ruibal (dir.), *Diccionario dos nomes galegos*, Vigo, 1992, con moita información haxiográfica, antropolóxica e filolóxica e sobre os respectivos santos.

M^a Luisa Brey *O intelectual galego e Deus*, Vigo, 1998. Un libro de entrevistas a intelectuais galegos, aínda que non manifestan un unánime aprecio pola galeguización da Igrexa de Galicia.

2. Na *creación literaria relixiosa*, ademais das obras citadas de M. Regal e X.A. Miguélez, compre salientar:

Antonio Rey Soto, *Poemas en galego*, Poio, 1979.

Manuel María Fernández, *Panxoliñas*, Lugo, 1992. *Novena a Santa Isabel por un devoto de Outeiro de Rei*, Lugo, 1995.

Nicanor Rielo Carballo, *Dende o noso lar*, Lugo, 1984.

X. M. Carballo, *Teatro para o Nadal*, Lugo, 1995. Tres representacións de Nadal.

Félix Villares Mouteira, *Os poetas do Seminario de Mondoñedo*, Lugo, 1997.

X. Agulla Pizcueta, *Camiño de Emaús. Deica un Deus terriblemente humano*, Cangas, 1997. Un libro que X.A.Miguélez presentou na revista “con total entusiasmo”.

Lois Vázquez Fernández, *Nadal da nosa nada*, Madrid, 1998. Panxoliñas.

Xesús Portas Ferro, *No colo da miña nai*, Santa Comba, 2001. Unha recopilación de cantigas do autor, que suma ao xa rico acervo da música relixiosa en galego, que conta cunha importante produción (Cf. Rielo Carballo, art. cit).

3. No amplo eido da **antropoloxía e a filosofía** pode salientarse referidos á relixión:

Antón Fraguas, *Romarias e santuarios*, Vigo, 1989.

Antonio Rodríguez Fraíz, *Costumes litúrxico-mariais de Galicia*, Pontevedra, 1995.

X.R. Mariño Ferro, *Satán, sus siervas las brujas y la religión del mal*, Vigo, 1984; *Las Romerías, peregrinaciones y sus símbolos*, Vigo, 1987; *Aparicións e santa compañía*, Vigo, 1995; *O Demo e o trasno*, Vigo, 1996.

Marcial Gondar Portasany: *Romeiros do alén. Antropoloxía da morte en Galicia*, Vigo 1989. *Mulleres de mortos*, Vigo, 1991... E de carácter máis filosófico *Crítica da razón galega*, Vigo, 1994.

Tamén de carácter filosófico é o libro de **Leonardo Lemos Montanet**, *Angel Amor Ruibal. Una reflexión viva acerca del hombre*, Santiago, 1999.

4. Na **historia da Igrexa galega** temos nestes anos ricas contribucións, e mesmo xa dous manuais da Historia da Igrexa Galega:

Salientan os traballos de **Francisco Carballo Carballo**, sobre todo o seu volume *A Igrexa Galega*, Vigo, 1995.

Anteriormente **F. Carballo** e **A. Magariños** publicaran *La Iglesia en la Galicia Contemporánea. Análisis histórico y teológico del período 1931-36*, Madrid, 1978.

X. García Oro, **Manolo Regal** e **Argimiro López** publicaron *Historia da Igrexa Galega*, Vigo, 1994; unha obra de carácter desigual, da que se esperaba máis por ser a primeira historia de Igrexa galega.

De **varios autores** é tamén *O Feito relixioso na Historia de Galicia*, Noia, 1993.

X. A. Martínez García *A Igrexa antifranquista en Galicia (1965-1975). Análise histórica da crise posconciliar*, A Coruña, 1995.

Xosé Mínguez Goyanes, *Quiroga Palacios e o seu tempo*, Santiago, 2000; unha obra que supera a mera biografía. Non foi o único libro sobre o cardeal de Galicia nestes anos, pois están tamén os de Cesáreo Gil Atrio e o de Diego Bernal (opúsculo).

J. A. Martínez Domínguez, *Os clérigos na Idade Media*, Noia, 2001.

Benito González Raposo *O protestantismo en Galicia. Unha historia centenaria esquecida*, Vigo 1999. Unha obra completísima no que toca ás igrexas protestantes; é o resumo da súa tese de doutoramento, con anos de investigación.

E, finalmente, **Xesús Fernández Sulleiro**, *2000 anos de cristianismo*, Noia, 2001, unha pequena pero excelente obríña para a iniciación.

5. No eido da **arte relixiosa** están, entre outras:

X.C. Fernández Otero, *Iconografía do Nadal na diocese de Ourense*, Ourense, 1992.

X. M^a Lema Suárez *A Arte Relixiosa na terra de Soneira* (3 vol.), Santiago, 1993.

Xosé Lois Garcia *Simbología do románico de Pantón*, Santiago, 1999.

O exíguo espacio e as limitacións do que escribe puideron deixar fora deste traballo algunha obra salientable (sobre todo nos últimos apartados). Invito ao lector a completalo, enviándome a información bibliográfica de que dispoña.

Victorino PÉREZ PRIETO

vitope@planalfa.es





25 anos de *Encrucillada*

25 anos: pareceunos que a data merecía unha concesión á Historia. Así recollemos as colaboracións de dous dos primeiros subscritores, que pola súa singularidade merecían tamén a palabra.

Unha é María do Cebreiro Rabade Villar que formalizou a súa subscrición antes de nacer... Escribiunos un poema. Alberte Brenlla, que tiña 15 anos, relata a pequena historia da súa descuberta de Encrucillada.

Agustín Díaz entrevista á nosa secretaria Engracia Vidal, a persoa que máis sabe da historia miúda de Encrucillada.

A FAME

Todo se fixo denso. Polas mans
esvarou un regato de leite sen perfume
e tres pingas de sangue sobre os pés
– a primeira máis sólida.

Dixérache: “non todo o que comemos
ten esta consistencia,
ás veces chega o pan sen levedar
e faise menos duro xantar lágrimas,
cervexa sen fermento,
o pó máis simple”.

Ó norte venden auga de colonia,
pero gástana axiña. Leva spray, é sinxelo;
só precisan premer aquel dispositivo
e o dano é para os dedos, para nós.

Ese aceno de líquido cortado
vólvese transparente, na saída,
ata que o convertemos en átomos de luz.

María do Cebreiro Rábade



A miña historia con *Encrucillada*

Alberte A. Brenlla González

Son para min reconfortantes as lembranzas da historia común entre a nosa revista, e eu mesmo. Acordanzas en definitiva de adolescencia, mocidade e por que non dicilo tamén de madurez.

Como se fora este preciso intre véxome, a pesar das brétemas dos anos transcorridos, na biblioteca do meu veciño e amigo Don Ramón Martínez López. Entre as súas mans un dos primeiros números da nosa revista; alí eu cos meus quince anos miraba en silencio para o meu respectado amigo e patriarca e dende o folgo adolescente do rapaz que todo o quere saber pregunto:

– ¿Qué esta a ler Don Ramón?.

Con voz moi pausada, como sempre facía e cun sorriso, respóndeme con moito agarimo.

– Unha nova revista, Bertiño, está en galego e ti xa sabes como me gustan as cousas da nosa terra.

– ¿Coida que me podería axudar Don Ramón?

– Seguro que si Bertiño, coma aguantes un tempo con ela seguro que si.

– Voulles remitir unha carta, pero non conte nada que se non na miña casa vanme berrar por meterme máis en política.

De xeito aproximado esta foi a conversa que me achega ata *Encrucillada*.

Cando recibo o primeiro número que me remiten, concretamente o número tres, atópome cunha realidade descoñecida para min, por primeira vez leo sobre as Xuventudes Obreiras Cristiás –XOC– e tamén en torno ás Irmandades Obreiras de Acción Católica –HOAC– nacente un interese persoal polo coñecemento da actividade dos movementos cristiáns de base.

Subliño que eu pertencía a unha familia da clase media de Compostela de vida acomodada aínda que tremendamente maltratada polo anterior réxime encabezado polo golpista Xeneral Franco; tiñamos na familia historia de cadea, penas de morte, paseos, etc. Todo o rol familiar no que me desenvolvo lévame a asumir unha postura de defensa, dende a moderación, de todo aquilo que non fose coñecido pola sociedade convencional dos finais dos anos 70.

Dende a inxenuidade e a curiosidade xuvenil case sempre a carón de Don Ramón Martínez López comezo, a medida que medro, a ler Paseníño *Encrucillada* e todo aquilo que supón unha dúbida para min preguntollo ó meu paciente veciño e amigo.

Xa pasan os anos e polo vieiro que marca a nosa revista no meu pensamento atópome con dous libros de *fortísimo impacto* na miña personalidade, eran *Igrexa, carisma e poder* e *San Francisco de Asis* de Leonado Boff.

Decatábame co paso do tempo de que coa lectura de *Encrucillada* aprendía novas pautas de comportamento cristián e afondaba na miña fe moi sinxelamente, sen esquecer que o facho do meu amor a Galicia cada vez alumaba con máis nitidez.

Os artigos de Andrés Torres Queiruga e fundamentalmente de Pilar Wirt Molezún son as miñas primeiras referencias na actualidade cando teño *Encrucillada* entre as mans. Agora ben, cómo esquecer as achegas do meu amigo da infancia Amancio Liñares Giraut, sempre ensinándome cousas novas, dende pequeno: a andar en bicicleta pola Carreira do Carme na nosa Negreira, e xa de maior a pasear absorto nos seus escritos e terlle unha agarimosa envexa por todo o que loitou pola cultura da patria.

Teño xa que rematar. Quizais fose necesario afondar noutras cuestións, mais o tempo e o espacio non o fan hoxe o máis acaído.

Tan só é xusto deixar constancia de que *Encrucillada* foi para min un elemento importante de estudo e reflexión, axudando a facer da miña persoa, despois de tantos anos e tantas dúbidas, un sinxelo cristián galego, crente en Deus e na súa Patria, Galicia.

Alberte A. Brenlla González

*Os que falaban promesas... non nos han mover
Con palabras baldeiras... non nos han mover
Coma piñeiros preto da ribeira, non nos han mover.*

*Quen loita pola vida... si nos ha mover
E polo mar batidos... si nos han mover
Como agua corre polo río, si nos han mover.*

*A vella sinagoga... non nos ha mover
Os novos sanedritas... non nos han mover
Como piñeiros preto da ribeira, non nos han mover*

*Xesús resucitado... si nos ha mover,
Quen berra ós fariseos... si nos ha mover
Coma a auga corre polo río, si nos ha mover.*

Pepe Chao, Voces Ceibes



25 anos de
Encrucillada

Memoria de 25 anos

Entrevista con Engracia Vidal

Agustín Díaz

Na preparación da revista e na súa elaboración ó longo de 25 anos foron moitas as persoas que interviñeron, en primeira liña ou na retagarda. Logo de renderlles gracias a todos, cómpre quizais botar man dalgunha persoa que estivo máis na vangarda, para facer memoria de aspectos de interese no funcionamento desta “empresa” que pasan de ordinario inadvertidos.

Por iso conversamos con Engracia Vidal Estévez, secretaria do Consello e da Mesa de redacción, cargo que en realidade esconde moitas cousas máis, verdadeira *alma mater* de *Encrucillada*.

A. D. *Se che parece, podemos empezar recordando persoas e feitos relevantes na orixe da revista dos que hoxe estea máis esquecida a lembranza.*

E. V. Como máis remoto *Os Coloquios* que xa soñaron co proxecto nos anos sesenta. Inviabile daquela. O máis inmediato de cara á realización o curso 1974-75, en que se retomou a idea, xa con máis posibilidades. Uns meses de reunións en Santiago dunhas vinte e tantas persoas, relixiosas, cregos e leigas, en San Roque, xa no Sagrado Corazón, xa en La Salle, onde se planificaron obxectivos, funcionamento, número *cero*. Feitos os planos, púxose en mans da Editorial SEPT para tramitar os permisos, e a esperar. Eu estaba ese ano en París, estudiando, e pedíuseme que tomara a responsabilidade á volta. Fixen unha viaxe en Semana Santa a Ferrol para estudar posibilidades. No INODEP de París serviu de exercicio práctico para todo un grupo internacional o *planinpert* de *Encrucillada*.

Non me gusta moito dar nomes porque sempre se pode ser inxusto. Están aí nas contraportadas dos primeiros números da revista. Dos trinta que estamos agora no Consello, só once somos dos fundadores. E polo medio houbo moitos máis, uns cincuenta.

¿Como se insire esta iniciativa no marco dos movementos da igrexa galega nos anos despois do Concilio Vaticano II?

Encrucillada, tal como é, sería impensable sen o Concilio. En primeiro lugar pola súa liña teolóxica inserta no espírito da Teoloxía da Liberación. En segundo polo novo concepto de Igrexa que xorde do Concilio: “Pobo de Deus”. De aí a participación do laicado, que é Igrexa e ten que participar non só como suxeito pasivo e receptivo. E outro punto decisivo: o concepto de inculturación e a necesidade de vivilo. De aí o compromiso coa realidade galega en lingua e cultura.

¿Lembras as dificultades legais e materiais do nacemento de Encrucillada?

Legais, perfectamente: dúas veces devolveron do Ministerio o expediente por auténticas parvadiñas. Foron case dous anos de papeis. Ata moi a finais do '76 non tivemos o permiso. Noutra orde de dificultades, recordo algunhas derivadas de que xa ían moitos meses sen reunións (porque xa dependiamos só dos trámites burocráticos) e mesmo cambiara o clima *político* –os proxectos fixéranse aínda en vida de Franco–. Cando tivemos o si administrativo xa morrera o vello xeneral, e o que máis e o que menos andaba noutras empresas... Lembro moi ben que cando convocamos a reunión para tomar a decisión definitiva, a finais do '76, por pouco nos botamos atrás. Foi un momento moi difícil porque arrefecera o entusiasmo e asustaba a empresa. Andabamos no inicio do que logo se chamou “Transición” pero que daquela non estaba tan clara. Aínda sen constitución, sen autonomía, sen democracia, co Goberno do réxime anterior. Non era doado definir nin prever a evolución social e política... Por iso non sei se opinarían con máis sensatez os do “non”, que Martiño Montero e máis eu que, tal vez algo temerariamente, decidimos tirar para diante. Como eramos os “executivos”, apoiáronnos. De feito xa

non saíu o número *zero*, decidimos saír co 1 para o novo ano 1977. Así foi o 19 de Febreiro.

¿Como foi iso de empezar en Ferrol e logo o posterior traslado?

Moi sinxelo. Cando se pediu o permiso, nos comezos do 75, previamos posibles conflitos co Goberno, e pensamos ioh tempos! que poderíamos necesitar o acougo da Igrexa. Non nacemos nunca como revista da institución eclesial; tampouco en contra. A Editorial era civil, como hoxe *Encrucillada*. Pareceunos necesario contar co posible apoio da institución e contactamos con don Miguel Anxo Araúxo (xa morrera o cardeal), que xa dera mostras de compartir a causa. Visitámolo. Pensamos que a súa diocese era a máis doado; había daquela en Ferrol moito dinamismo na Igrexa. Isto implicaba a miña estancia alí e a el debémoslle a súa axuda para que eu puidera traballar na filial do bispado. Nin daquela nin hoxe se podía vivir á costa dos ingresos da revista. Alí nos instalamos no 1975, nunha mínima e acolledora casa na rúa da Insua 35, seis anos. No 1981 as circunstancias cambiaran e xa non era indispensable estar en Ferrol. Por razóns familiares eu tiña que vir para Pontevedra. E daquela vin coa revista ó lombo.

¿Con cantos subscritores contaba a revista nas súas orixes e cantos ten agora?

No día que tomamos a decisión tiñamos un listado de 25 subscritores. Todos nos puxemos á tarefa e o 9 de xaneiro do 77 tiñamos 342. O 1 de febreiro 525. O 11 de maio 770. No nadal 940. En 1980 xa eran 1.200. Non é memoria, son papeis. Agora temos 1.440. Xa hai anos que estamos neses números. Non medramos moito porque as altas cobren as baixas cada ano.

¿Cal sería o perfil tipo do subscritor? ¿Cambiou ó longo dos anos?

Cambiou e moito. Naquel intre a característica principal dun ou dunha subscritora era o *galeguismo*, o amor á terra. Moitos tiñamos tamén o compromiso cristián, pero non todos. A penas había publicacións en galego. No primeiro número fálase dunha triple compañía para *Grial*, *Teima*, que empezaba e que desgraciadamente naufragou ós poucos meses, *Seitura* que non chegou a saír. E *Encrucillada* que camiña.

Tal vez sexa previsible outra volta, e que desde instancias non crentes se volva a apoiar a causa cultural e de valores humanos que promove a revista.

¿Hai algún subscritor que destaque por un perfil especial?

Dous. María do Cebreiro Rábade Paredes que nacera poucos meses antes da saída, pero que xa antes estaba anotada polos seu pais. E Alberte Brenlla, algo despois do número 1, con 15 anos. A ambos démoslle a palabra neste número de celebración. Cando cumprimos os dez anos, no número 50, foi a nai de María a que escribiu evocando o dobre parto. Agora ela mesma está a altura para colaborar e invitada a seguilo facendo.

Outro cambio sería o maior número de mulleres e de leigos ou leigas, acorde coa diminución do clero que, por outra parte, nunca foi o sector maioritario.

¿Por que se subscribe a xente a Encrucillada e que razóns dan para se dar de baixa?

Hoxe é diferente. Penso que son poucos, algúns si, certamente, os e as que a teñen só pola galeguidade. Hoxe penso que dominan as motivacións de compromiso cristián. Búscase unha liña de reflexión acorde cos tempos. Algo que traia novos aires. Tal vez é o revés, asumen o galego por compromiso cristián con maior ou menor entusiasmo. Hai abondo quen di que lle custa lela pola lingua, pero a desexa polo contido.

Razóns para se dar de baixa, moi diversas. Desde as “sen razóns”, polo menos que queiran dar, ata a inconformidade coa liña da revista. Por moi “progre” ou por moi “atrás”. O problema ortográfico custounos baixas. Pasando por motivos banais, pequenezas puntuais, ou por “xubilación”... porque non “lle caben na casa”...porque a pode “mercar en librerías”... Ás veces non se miden abondo as consecuencias. Porque aínda que a podas ler doutro xeito, se é esa a auténtica razón, non se pensa en que o verdadeiro sostemento da revista depende do número de subscritores. Non é igual a tirada de 1.000 que a de 1.500. E se non fíxeramos un esforzo para sermos máis non se poderían levar 25

anos na rúa. Con 2.000 poderíamos ser moito máis eficaces e mesmo incluír un posto de traballo retribuído. Non sempre se pensa nisto.

Hai que ter en conta o dobre cambio sociolóxico, a publicación galega deixou de ser novidosa, o compromiso político ou social separouse do relixioso. E, pola contra, na institución eclesial estase a dar unha fonda involución.

Seguindo con estatísticas, ¿sabemos cantas persoas colaboraron con textos ou ilustracións para a revista e que cantidade de páxinas supoñen os 125 números publicados e algún sen numerar?

Si, páxinas son 114.000 exactamente, colaboradores 500, con moita aproximación. Exemplares tirados 189.950 exactamente.

¿Que resultado está dando a publicación de monografías?

Desigual. A primeira, *O encubrimento do outro* de Enrique Dussel, non tivo demasiada sorte. Saíu axiña en castelán. E a nosa infraestrutura non dá para moito. Do “Diario” de Moncho Valcarce fixemos dúas edicións e van case vendidas. Uns 3.500 exemplares, que é unha marca en Galicia. De *Unha Igrexa tamén feminina* quedan uns cen de mil exemplares tirados. Tampouco vai mal. Pero a tónica xeral de lectura parece que é baixa.

Outro acontecemento en paralelo á revista son os foros anuais, dedicados a debater e reflexionar sobre un asunto concreto de interese xeral. ¿Que tipo de relatores e asistentes participaron ata agora nestes actos?

Penso que o Foro está consolidado como encontro anual. Acostumamos asistir entre 300 e 400 persoas. Hai un núcleo permanente, de subscritores e amigos que non falla. E, outro máis minoritario, que aparecen por primeira vez. Créase un bo clima e os temas están resultando moi ben. Veu Enrique Dussel, o bispo Gaillot; dúas teólogas, Teresa Toldy e Gloria Viero, unha portuguesa e outra brasileira; unha monxa doutora en Bioloxía, por destacalo feminino. E persoas moi interesantes de Galicia e de fóra.

Non sei se quedou algún outro aspecto relevante que consideres oportuno destacar.

Si, un capítulo de agradecementos. A xenerosidade de colaboradores e colaboradoras. Tanto os do Consello coma os de fóra. Hai pouco empezamos a dar unha axuda para viaxes dos que veñen de lonxe ó Consello, seis veces no ano. Pero a gratuidade foi total. Nos primeiros anos pagamos nós, cada un do seu peto, o xantar. E mesmo a revista, aínda hai conselleiros que a pagan para axudar. Gracias ás tres congregacións relixiosas, Compañía de María, Doroteas, Sagrado Corazón, que nos acolleron nos seus locais e nos facilitaron un xantar substancioso e moi económico. Agora, elas viven tamén outros tempos e nós andamos noutros “chiringuitos” do *tinglado* hostaleiro...

Gracias a persoas que cando había que escribir os reembolsos á man –setecentos, pondo cinco veces cada enderezo– facían o labor. Gracias ós nenos e nenas de Galegos que ían con Amalia á imprenta para meter as revistas nos sobres... Gracias ás dúas imprentas, tanto Grafer en Ferrol (ata o número 21) como Minerva en Santiago a quen sentimos non só como empresarios senón solidarios coa nosa causa. Gracias a todos os que pagan puntualmente, ós que manteñen o apoio, a moitos e moitas que nunca esquecen unha palabra de agradecemento e de ánimo. Así seguimos.

Pois ben, ata aquí o testemuño moi condensado dunha intensa vida de traballo no corazón e nas tripas desta revista, *Encrucillada*, que desde dentro non se pode entender sen ter en conta o papel especial de Engracia Vidal. Gracias Engracia.

Nos números 50 e 100 pódense encontrar máis datos sobre a historia de Encrucillada.

Agustín Díaz



O libro de Rut

Carmen Soto

Atopámonos ante un libro singular, cheo de suxestións e de intuicións. É un libro que a miúdo deixamos nun segundo plano porque parece non tratar dos grandes temas teolóxicos e espirituais que con certa frecuencia tentamos buscar na Biblia. Sen embargo, este pequeno libríño de a penas catro capítulos condensa na súa narración elementos dunha gran finura espiritual e á vez dunha gran provocación.

É esta unha historia de interiores, pero tamén unha evidencia de que as grandes palabras e os grandes discursos non sempre teñen a última palabra no mundo. Moitas veces a vida camiña a carón dos pequenos heroes cotiáns que fan posibles pasos significativos, deses homes e mulleres que dende a súas actitudes manteñen o importante por riba do secundario.

Achegarse á historia de Rut e, dalgunha maneira, achegarse tamén, á historia de moitas mulleres que ao longo do tempo arriscaron todo por fidelidade ao amor, que deixaron os seus soños polos soños dos outros, que comprenderon as súas vidas mais aló das súas fronteiras. Todo isto e moito máis é Rut, a nosa compañeira.

Pero, comecemos por relatar a historia

Na época dos xuíces, Elimélec de Belén vese forzado pola carestía a emigrar a Moab coa súa esposa Noemí e os seus dous fillos, Mahlón e Quilión. Morre, e os dous rapaces casan con dúas moabitás, Rut e Orpah. Cando eles morren, e unha vez pasada a

carestía, as tres viúvas abandonan o país de Moab e tornan a Xudá. Sen embargo, Orpah, cedendo ás instancias da súa sogra, volta á súa patria, mentres que Rut permanece con Noemí e chega con ela a Belén. Isto acontece durante a sega da cebada.

Como as dúas mulleres carecen de suficientes medios de subsistencia, Rut vai espigar detrás dos segadores¹. Desta maneira coñece a un rico propietario, Boaz, parente de Elimélec. Este prodiga a Rut as máis delicadas atencións. Entón obedecendo as insinuacións da súa sogra, chega Rut ata solicitar a Boaz que exerza no seu favor o dereito de *goel*². Achégase ao seu benfeitor unha noite que está durmindo na súa eira e cóbrese cun anaco do seu manto. Boaz comprende o xesto de Rut e promételle condescender cos seus desexos se un parente máis próximo de Elimélec quere ceder os seus dereitos³. Como este renuncia a eles, na porta da cidade e en presenza dos anciáns, Boaz adquire o campo de Elimélec e toma a Rut por esposa⁴. A historia remata coa voda de Rut e Boaz e o nacemento de Obed.

¿Que sabemos deste libriño?

En moitas das nosas Biblias o libro de Rut atópase entre o libro dos Xuíces e o primeiro libro de Samuel. Séguese así a norma establecida polos códices nos que se nos transmitiu a versión grega dos LXX e polas edicións da Vulgata. Nas Biblias hebreas o libro sitúase nos chamados Escritos, que é unha das tres partes en que se divide o canon xudeu (Lei, Profetas e Escritos)

Este libriño, non é un libro histórico, senón unha novela curta de gran beleza e tenrura que fala dunha muller capaz de superar

¹ O dereito dos pobres a espigar é unha lei humanitaria (Lv 19,9s; 23,22; Dt 24,19) que permite ós pobres recoller o que queda despois da seitura.

² O *goel* é o defensor legal duna persoa fronte aos ataques que ésta poda sufrir. (Nm 35,19; Lv 25,23-25)

³ A lei do levirato. Cfr Dt 25,5-10

⁴ Rut é moabita, polo tanto estranxeira e non é unha práctica moi común a dos matrimonios mixtos como é este caso (Ex 34, 15-16; Dt 7,3-4; 23,24; Esd 9-10; Neh 10,31; 13,23-29; Tob 4,4

o que pide a lóxica. A historia sitúase no tempo dos xuíces, mentres que o autor é da época da volta do exilio de Babilonia (século V). Escríbese durante o dominio persa, coincidindo coas reformas de Esdras e Nehemías.

A volta dos exiliados creou conflito cos que quedaron no país. Os que voltaban séntense “o resto de Israel”: os que pasaron a proba. Os que quedaron estaban empobrecidos e convivían con estranxeiros que chegaran a habitar o país. Na reforma que se inicia nesta época, a carón da reconstrucción do templo supón, entre outras cousas, a prohibición dos matrimonios mixtos, pois era unha ameaza de contaminación do pobo de Deus. Neste contexto o autor do libro de Rut quere, a través da súa narración, opinar sobre o que está vendo ao seu redor.

A estrutura da obra é sinxela: catro escenas que corresponden aos catro capítulos da obra. A primeira narra a volta de Noemí e Rut a Belén (Rut 1), a segunda mostra o proxecto de Noemí para casar a Rut con Boaz (Rut 2), a terceira relata a execución do plan na eira de Boaz durante a noite (Rut 3) e a cuarta narra a voda de Rut e Boaz (Rut,4, 14-17). Máis o libro non remata aquí, senón que dalgunha maneira, poderíamos dicir que se abre a tres finais: o primeiro fala da descendencia de Rut (Rut 4,13b), o segundo das bendicións de Noemí (Rut 4,14-17) e o terceiro mostra a xenealoxía de David (Rut 4, 18-22)

¿Por que esta historia?

As razóns aducidas varían segundo os autores. Para uns, Rut intenta manter os costumes xudeus, outros pensan que ven dicir como integrar a fe e a vida; para algúns, trátase da lexitimación da monarquía davídica. Outros prefiren pensar que non é máis ca unha boa historia. Hai quen afirma que é unha aposta polo universalismo fronte ao nacionalismo excluínste que medraba naquel tempo. Non podemos esquecer os que opinan que o libro busca preservar as historias de mulleres. E finalmente, moitos pensan que do que se trata é de testemuñar a obra de Deus no cotián da vida.

Sexa o que sexa, o importante é que o relato se fundamenta na experiencia da misericordia (*hesed*) e da bendición (*berakah*) de Deus. E isto é así aínda que en aparencia o libro a penas fale de Deus. Nos poucos momentos en que se alude é para falar da súa misericordia, que non abandona o seu pobo (1,6; 2,11) e da súa bendición, que fai posible a concepción de Rut (2,20; 4,13). Mais esta acción divina reflíctese non só nas alusións explícitas de Deus, senón e sobre todo, nos comportamentos dos personaxes da historia que falan de misericordia, fidelidade e bondade.

Estas actitudes van entretecer o argumento, van facer de fío conductor dos acontecementos sinxelos e ordinarios dos que nos vai falar o autor. Desta maneira o libro pode facernos evocar una historia a carón de Deus, chea de pequenos intres que amosan a fondura da fidelidade e valor do risco cando o humano e o divino se encontran para abrir o futuro á esperanza.

Paseniño, paseniño Rut convértese na nosa compañeira, o mellor nese manancial de auga que, refrescante⁵, alivia o cansazo da vida no seu acontecer cotián.

Achegándonos máis ao texto

Capítulo 1

Os primeiros versículos (1,1-6) fan a composición de lugar de todo o relato. O diálogo comeza no versículo sete cando Noemí lle pide ás súas noras que volvan á súa terra para non correr a mesma sorte amarga que a ela lle espera. Orpah, pola insistencia de Noemí, volve á terra de Moab. Sen embargo Rut, a outra nora, decide unir a súa sorte á da súa sogra. Neste intre comeza unha historia de mulleres, da súa solidariedade, do seu esforzo por saír adiante.

Rut, a nosa protagonista, acaba de facer a elección máis fonda da súa vida: a dun novo país, unha nova relixión, e unha nova

⁵ Rut podería significar *compañeira* ou tamén *beber ata a saciedade*, aliviar, refrescar. Non hai seguridade na súa etimoloxía. Aquí xogaremos co dobre significado.

familia. O momento simbólico desta opción ven marcado polas súas propias palabras:

Non me pidas que te deixe, que me arrede de onde a ti, pois a onde vaias ti, irei tamén eu, e onde te acollas, acollereime eu contigo; o teu pobo será o meu pobo e o teu Deus será o meu Deus (1,16).

Esta adhesión de Rut a Noemí terá de seguida as súas consecuencias (1,18-22). A chegada a Belén descúbrenos cales eran os temores que Noemí agochaba no seu corazón. Ela é unha viúva sen medios e a súa calamidade só podía vir do castigo de Deus. Ela exprésao dunha forma significativa:

Non me chamedes Noemí [que en hebreo significa doce] chamádeme Marah [que significa amarga]; porque o Omnipotente encheume de amargura! Marchei chea , e o Señor fíxome voltar baldeira. ¿Por que entón me chamades Noemí, se o Señor declarou contra min e acarrexoume o mal o Todopoderoso? (1,21-22).

En todo o capítulo hai unha dobre ironía, que ven reflectida no último versículo (1,23): por unha banda a historia de emigración destas mulleres ven condicionada pola fame e o contexto da acción situase nun pobo cuxo significado é “casa do pan” (Belén) e por outra, que a muller que vai transformar as cousas, de quen vai vir o futuro, é unha estranxeira nacida en Moab, un dos pobos inimigos mais odiados por Israel⁶.

Capítulo 2

Nesta segunda escena, encontramos tres momentos diferentes: o primeiro na casa de Noemí onde Rut toma a decisión de marchar aos campos á procura do xantar. O segundo ten lugar no campo de Boaz no momento da seitura. E o terceiro é a volta de Rut á casa.

A casa de Noemí convértese no lugar das mulleres, onde elas fan posible á súa historia e o seu diálogo con Deus. A escena do campo

⁶ Xénese 19,30-38

amósanos o contraste entre a figura forte de Boaz e a debilidade de Rut. O discurso de Boaz (2, 11) recórdanos a realidade de Rut, o seu ser de estranxeira e a súa fidelidade. O home séntese conmovido por esta muller, pola súa audacia e decide axudala. Este xesto amósanos tamén a nós o valor da solidariedade, da acollida e a xenerosidade como expresións humanas das pegadas de Deus na historia:

Que o Señor bendiga o teu proceder e sexa completo o teu galardón de parte do Señor, Deus de Israel, xa que viñeches ampararte baixo as súas ás (2,11).

A volta ó fogar é para Rut a confirmación de que as cousas están a cambiar. Cando lle conta a Noemí o que pasara no campo, esta comprende que Deus está a querer unha nova situación:

Bendito sexa o Señor, que non deixa de derramar a súa bondade nin cos vivos nin cos mortos (2,20).

Nesta conversa das mulleres, transmítese a experiencia que xorde cando a iniciativa de Deus e a do ser humano se achegan e fan posible que a vida camiñe.

Capítulo 3

Estamos ante o clímax do relato. Noemí pensa un plano que poida axudar a asegurar a súa supervivencia, que en termos israelitas, é asegurar a terra e a descendencia. A estratexia e a de provocar o matrimonio entre Rut e Boaz. A situación é perigosa e inusual, pois de feito, o normal era falar directamente con Boaz e pedirlle que cumprira coa lei do levirato (3,1-5). De novo Rut asume os riscos, perpetuando a fidelidade que lle prometeu ao comenzo do relato.

A escena, é ambigua (3,6-15). Noemí prepara a súa nora para seducir a Boaz. Chegada a noite, Rut vai ao encontro do home. A relación entre os dous só está insinuada no texto, pero alude a certas connotacións sexuais⁷.

⁷ “Boaz esperta con frío”, unha alusión a momentos da relación sexual. “Rut foi e destapoulle os pés” pode aludir tamén ás relacións sexuais.

Son Rut, a túa serva; estende as túas ás sobre a túa serva, pois é-lo seu redentor (3,9).

O desenlace do capítulo maniféstase no compromiso de Boaz de facer o que lle pide Rut.

E agora, miña filla, non teñas medo: farei todo o que me digas (3,11).

Capítulo 4

O escenario é agora a porta da cidade, onde se dirimen os preitos. Alí se encamiña Boaz para negociar o rescate de Rut. O capítulo céntrase na aplicación da lei do *goel*. A presenza doutro parente de Noemí, anterior a Boaz no parentesco con Noemí, engádelle tensión á acción. O parente só quere rescatar a terra de Elimélec pero Boaz advírtelle que debería acoller tamén a Rut, cousa que el rexeita (4, 4,36). O trato sélase entón, co rito da sandalia⁸ que consistía en descalzarse, indicando a renuncia a unha propiedade, e entregar a sandalia ao outro, que calzándoa a adquiría xuridicamente.

O final da historia desprégase nun acto público, a bendición faise coral e un fillo xerará un horizonte próspero e novo.

¡Testemuñas somos! ¡Que o señor faga á muller que entre na túa casa semellante a Raquel e máis a Lea... (4,11).

Louvado sexa o Señor, que non deixou que che faltase hoxe un protector... (4,14).

A xenealoxía final (4, 18-22), é posiblemente un engadido posterior que quere xustificar a ascendencia de David. Estes derradeiros versículos traizoan o espírito do libro, que pon o protagonismo na iniciativa e na fortaleza de dúas mulleres, ó centrar a xenealoxía nos homes. A historia fixéranla as mulleres pero agora, ao final, son os homes os que poñen a sinatura. E ¿non é isto máis frecuente do que quixeramos?

⁸ Dt 25,9

Unha muller

Rut é unha muller subversiva, disposta a asumir o papel que a cultura está a darlle ó home: levar o pan á casa para romper a dinámica da desesperación. Ela é coma tantas mulleres nosas que, cando o marido emigra ou se vai ao mar, sacan os fillos adiante, cultivan a horta, e manteñen o fogar aberto sempre. Ela é tamén como todas esas mulleres que chegan aos nosos lares deixando atrás a familia, os fillos, a cultura, para que o futuro rache a néboa do presente escuro e traizoeiro.

Rut expresa co seu talante a presenza de Deus. No seu vagar da súa casa o campo de Boaz Deus esparéxese na vida e, á vez, o Deus preocupado polo ser humano faise realidade na fidelidade e valentía desta muller.

- Deixemos que esta pequena historia sinxela e cotiá cuestione a nosa vida

- Poñámonos de xeonllos ante ela, pois representa a tantas e tantas mulleres fortes que construíron utopía dende a invisibilidade que lles dá a historia.

- Aprendamos unha vez máis a escoitar a Deus no que non parece importante, e no que transgride o que cremos normal.

- Recordemos os estranxeiros e estranxeiras que sofren a xenofobia e a intolerancia, polos que Deus segue a apostar, como o fixo con Rut, chamándonos a unir a nosa liberdade á súa para cambiar o mundo.

Carmen Soto

BIBLIOGRAFÍA

M. NAVARRO, *Los libros de Josué, Jueces y Rut*, Ed. Herder, Ciudad Nueva, 1995.

J. VILCHEZ, *Rut y Ester*, Verbo Divino, 1998.

C. MESTERS, *Rut, una historia de la Biblia*, Ed. Paulinas, Colombia 1990.



Acompáñame tamén na fe cara á esperanza

Xoaquín Campo Freire

Presentamos, para empezar esta sección, dúas personaxes, vencelladas entre si moi fugazmente no tempo, mais que deixan entrever utopías moi similares na loita por un mundo máis xusto.

Paulino Pérez-Mendaña y Goyanes, desde a Medicina, o sindicalismo, a afiliación política en Esquerda Galega, a colaboración directa en proxectos de cooperación para o desenvolvemento dos pobos do terceiro mundo, de compromiso coa súa fe cristiá como motor principal da súa acción. **Andrés Simón Lorda**, desde a filosofía dos valores, o intento de explicación e interpretación do mundo de hoxe e os seus problemas desde o amor e a xustiza, sempre co Deus de Xesús Cristo ó fondo.

A morte prematura de ámbolos dous, por infarto e accidente respectivamente, supuxo unha perda grande para os seus e para a nosa Terra. Dicían en Pontedeume no enterro de Paulino: “A túa utopía, continuarémola nós”.

Recibín a seguinte carta de Andrés Simón Lorda cando a morte de Paulino. Foi un acompañamento non só no sentimento. ¡Canto lla agradecín! A moitos, con Paulino, morríanos moito. Neste testemuño sincero de solidariedade por parte de Andrés, polo menos eu, recibín alentos para a esperanza.

E neles, sen entrar en máis detalles, quero centrar a *nosa* experiencia revivida nestes últimos tempos.

Köln, 11.XII.95

Lieber Xoaquín, que diría un alemán. Wie gehst es dir?

Xa hai uns días que, desde esta mezcla de retiro relixioso e filosófico, quería escribirche. O de filosófico porque son case dez horas diarias de traballo as que lle adico aos manuscritos de Husserl. O de relixioso porque o meu camiño diario é: do convento ao arquivo e do arquivo ao convento. Cos monxes rezo tódolos días Laudes e, se cadra, segundo a hora á que veña da Universidade, tamén Vísperas.

Son momentos importantes na miña monotonía diaria, que fan que un non esqueza o importante desta vida, os motivos últimos polos que estudo filosofía, motivación que podía resumir en pensar a vida desde unha perspectiva moi concreta, a da trascendencia, e, últimamente, a de un Deus que quixo facerse home coma nós.

E certamente nunha sociedade que dilapida e estraga a mancheas, como é a alemana, un pode esquecerse da realidade e converter, non só xa o Nadal, senón tamén o Advento ou, en xeral, toda a vida mesma, nunha oportunidade para o consumo. Advento en Alemania é o Weihnachtsmarkt (Mercado de Nadal)

Pero máis que para darche novas deste ou aquel detalle da miña vida nestes días, quería escribirche para que nestas datas aínda próximas á morte dun amigo, de Paulino, me sentiras moi pertiño de ti.

O baleiro que el deixa, ninguén o poderá cubrir, a ausencia que se dá en cada persoa que tivo trato con el, tampouco. Sei que canto eu poida escribir nestes papéis non servirá de moito, tampouco aclarará moito máis o da nosa finitude, o problema do mal, (épor que morren os bons?), ...

Pero espero, polo menos que sintas a cercanía, que me lembro de ti, Xoaquín.

E lémbrome de ti, porque nas dúas ocasións en que eu coñecín a Paulino poiden ver que era unha grandísima persoa. Especialmente no meu segundo encontro con el, (o primeiro fora convosco na comida na terraza da nosa casa en Madrid)¹.

¹ Foi con ocasión do Congreso de Teoloxía da Asociación Xoán XXIII, setembro de 1995. Estivemos invitados por Andrés e Soedade López Campo (a súa muller e sobriña

Agora, hai días, camiño do aeroporto –(coincidimos casualmente no bus)– contoume a súa experiencia en México, non só sanitaria, senón tamén como “guardaespaldas”, de canto alí viviu.

Foi coma un recordatorio de quen serán os primeiros no Reino, daqueles a quen está destinado en primeira instancia a mensaxe da salvación.

Máis impresionante foi, quizá, cando no meu regreso a Alemaña, ó día seguinte da súa morte, (25.11.1995) subín ó mesmo autocarro que nos conducira ata Barajas. ¡E saber que el xa non está aquí!

Paulino soubo facer súa esta mensaxe de salvación, soubo ver no home pobre a Deus feito home, soubo encarnar o misterio da Navidade.

En fin. Teño ganas de acabar con estas excursións ao estranxeiro, para poder estar perto de todos aqueles a quen aprecio, daqueles con que aprendín a vida, e, especialmente, como é lóxico e obvio, de Soedade.

Un fraternal abrazo.

Andrés.

Andrés Simón Lorda tamén xa finou en accidente de circulación o oito de xuño de 2001, xunto co seu neno, Camilo. Circunstancias transitorias vincularon fundamente esas dúas vidas, a de Andrés e a de Paulino.

A partida inesperada de ámbolos dous en plenitude de creatividade, o teren semellantes os pensares, a fe, o compromiso e a utopía coa terra, coa existencia, co universo mundo, por distintos camiños, mesmo parece como se a vida fixera deles almas xemelgas. Como diría Celso Emilio: “ Por enriba de tódalas fronteiras, por enriba de muros e valados, se os nosos soños son iguais, coma un irmán che falo. Común temos a patria, común a loita, ambos. A miña man che dou, e coma un irmán che falo”².

miña) a comer na súa casa: María das Dores Casteleiro López, Paulino Pérez-Mendaña e Xoaquín Campo Freire. Todos nós xa fomos hóspedes de Soedade en anos pasados, aínda ela solteira e polas mesmas datas.

Andrés coñeceu a Loli e a Paulino nese mesmo ano, nesa comida, setembro do 1995.

² Celso Emilio Ferreiro, “Irmaus”, poema de *Longa noite de pedra* Akal Editor. Madrid, 1978.

Desde a fonda riqueza que deixaron en moitos de nós esas dúas vidas que tanto nos axudaron, quixera resaltar un elenco de experiencias en primeira persoa e a catro bandas que teñen en común a importancia de acompañarse, se é posible, tamén na fe cara á esperanza. Nós, as familias, os amigos,... recibimos en cada caso e momento de moitos de vós ese acompañamento. E velaquí, con toda humildade, este *sacramento* que nos fai dicir : proclamamos a túa resurrección. ¡*Marán athá!*. ¡Ven, Señor, Xesús!, “porque agora a nosa salvación está máis cerca que cando empezamos a crer”:

1. Paulino e Andrés. Co paso do tempo (a carta é de 1995) nesa sincera, inédita e estricta confianza familiar, déixanse entrever cales foron as propias experiencias vitais de ámbolos dous e as razóns da súas esperanzas.

2. Caladiñamente, por sorte, nas rutas da vida hai moitos máis coma eles. Sempre e en cada lugar. É tempo de sementeira. É tempo de saber valorar a cada persoa que pasa ó noso rente, “anque as nosas palabras sexan distintas, e ti negro i eu branco”. É tempo de crer nos que “pasan ó noso rente”.

Decatámonos ben cando nos veñen faltar. Sería necesario abrirse ben á vida e, coma Xoán Bautista, saber descubrilos a tempo. Non agradar a que ninguén teña que irse para sinalar presentes as valías de cantos pasan ó noso lado. Dos máis humildes recibimos nós nesta ocasión os máis grandes alentos: “se é túa a miña noite, se choran os teus ollos o meu pranto...” ¡Canta xente nos axudastes nestes intres!

¿E cómo o fixemos?, dicides. Queréndonos. Asi de sinxelo. Está ben como o fixestes. Non fan falta moitas palabras. Por veces, nin palabras. ¡Que ben se percibe o amor nos intres da dor! E, tamén, como se nota o desamor e as ausencias e os xestos de simple cumprido.

Que pouco aproveitan liturxias baleiras, de palabras ocas, de oficio, rutineiras, oficialistas. Igualño para todos. Que van polo automático. Son do libro. Prefabricadas en despachos de lonxanías. Faltas de situación. Nin poesía teñen . E ¿qué é a vida se lle falta a expresividade?

3. Temos a sorte de seguir, por riba dunha inmensa dor, abríndonos á esperanza. Foi moita a dor e seguen sendo moitos os

reveses. Pero por acima diso, segue sendo forte a fe e moita a esperanza en Deus e nos homes e mulleres de cada época. Nunca estivemos bloqueados. Sempre houbo un oco por onde puidemos alentar. Espero que algún día este testemuño sexa das persoas máis achegadas, que polo de agora aínda están elaborando desde a loita no silencio palabras de luz.

Experimentamos a valía dunha fe adulta e a grandeza amorosa do misterio de Deus, por paradoxal que pareza. Só nos entenderá quen teña a sorte de ter fe. Pero está aí, con toda a forza. Esa fe que recibimos en vivo e en directo dos nosos, de Paulino e de Andrés, e de tantos de vós a quen non lles é nin foi doada a vida.

4. Finalmente. Paulino e Andrés, como todos nós, saímos de familias, de escolas, de grupos, de persoas individuais, etc. que alentaron sobre nós coa forza do Espírito e nos testemuñaron a fe, o compromiso activo, a solidariedade, o amor, a xustiza e a esperanza, que logo nós iremos re-creando. Detrás de cada experiencia hai sempre unha gran riqueza oculta que no decorrer dos días foi antes sementeira caladiña, humilde e misteriosa, de tanta xente, en tantas horas dedicadas. A nós, cada día, esa riqueza fóisenos desvelando coa axuda e amor do voso acompañamento. E para que a ninguén lle falte, cando chegue a súa hora, damos este testemuño agradecido. “Señor,..., e para o que padece segura unha sede de auga pura”, diría Crecente Vega. Nunca aforremos un xesto por mopí pequeno que pareza.

*SEÑOR*³,

Os días, cos seus gozos e as súas penas, deixaron, ó pasar,
marcas na i-alma

igualiño ós nosos pés, cando deixan no camiño as súas pegadas.
Abrollaron nas silveiras do camiño pequenas flores brancas de
esperanza

e non afogaron os espiños a tenrura, nacida do amor que as
chamara.

Afasta do teu pobo o desacougo, se nube luminosa no deserto,
se forza recobrada no descanso, mañá e horizonte sempre aberto.

³ Dun Himnario de Laudes, recollido en Sobrado dos Monxes, 1987.

“Temos futuro, temos mañá”. Así cantaron profeticamente hai anos *Fuxan os ventos*. E esa é tamén hoxe para todos a nosa canción, por moi estraño que poida parecer. Graciñas a todos polo amor, por darnos motivos para a esperanza, amigos.

Xoaquín Campo Freire

*Xurdirá, xurdirá,
Sabemos que está alí
Detrás do noso esforzo
O teu reino de amor
De liberdade e paz.
Chegará, chegará,
Ollamos cara a ela
Unha alborada nova
Que traiga a luz do día
Da victoria final*

Bernardo G. Cendán, Xabier Méndez



Toca dialogar

Agustín Díaz

A sexta lexislatura do Parlamento Galego empezou con sorpresa. A aposta polo diálogo entre os diferentes grupos pechou un debate de investidura que non achegaba fóra diso grandes novidades ó debate político. E os contactos entre os principais dirixentes dos tres grupos representados na cámara empezaron de contado, traendo consigo un neto clima de distensión. Haberá que ver cales son os resultados prácticos.

Polo demais o clima político nas últimas semanas foi máis ben tranquilo. PP e BNG preparan os seus próximos congresos, sen que portas afora se producisen grandes polémicas, malia esperárense desas xuntanzas importantes sinais de renovación nos dous grupos.

Empezando polo máis destacado, cómpre detérmonos un pouco no debate de investidura. O candidato non fixo nel alarde de grandes novidades e mesmo prescindiu de recordar propostas súas que fosen máis aló de Pedrafita. Nin a administración única, nin a reforma do Senado, nin mesmo as demandas de participación na política europea tiveron nesta ocasión gran cabida no discurso.

Manuel Fraga centrou a súa intervención en lembrar necesidades e demandas de orde máis próxima, resultando quizá as máis novidosas as que deron lugar á creación das novas Consellerías. A atención ós sectores sociais máis marxinados ou ós emigrantes no estranxeiro foron obxecto dunha parte significativa do seu discurso, que polo demais tomou pé nas grandes cuestións de actuali-

dade, como a loita contra o terrorismo ou as novas perspectivas da Unión Europea, onde a desaceleración económica e maila entrada dos países do leste poden supoñer que Galicia perda boa parte das contribucións que hoxe recibe de Bruxelas.

Xiro copernicano

A primeira intervención de Xosé Manuel Beiras causou sorpresa xeral e desgusto en moitos sectores. Nun texto que nesta ocasión foi lido –a toda velocidade, por certo– o voceiro do BNG dedicouse sobre todo a lamentar e critica-la distancia marcada polos socialistas ó longo de toda a campaña electoral. Algo que non tiña moito que ver co que alí se ventilaba, a resposta ó candidato do PP á presidencia da Xunta.

Tamén se estendeu o voceiro do BNG en explicacións sobre a escasa resposta do electorado ás expectativas do seu grupo. E centrou en exceso a súa análise en factores externos ó propio BNG, criticando sobre todo a actitude negativa dos medios de comunicación social, públicos e privados. As súas afirmacións estaban bastante xustificadas, pero non viñan ó caso naquel

momento e lugar, e demandan, en todo caso, ser completadas con outras análises máis referidas á propia actuación do propio BNG.

Pero ó final do seu discurso e xa fóra do texto escrito, Xosé Manuel Beiras fixo unha chamada ó diálogo con Manuel Fraga, que deu pé a unha resposta matizada deste e logo á espectacular reconciliación, iniciada co saúdo entre os dous duros rivais ó remate do discurso do candidato e proseguida logo en contactos por escrito e no famoso xantar. Este xesto e o seu posterior desenvolvemento fixeron case esquecer corenta minutos pouco afortunados da intervención do dirixente do BNG.

Buscando pactos

A intervención de Emilio Pérez Touriño situouse, en cambio, no punto e ton que todos esperaban del. Unha nova chamada ó diálogo co candidato a presidente e mesmo unha oferta concreta de pactos, cinco en total, sobre asuntos considerados de máis fonda importancia para o futuro do país. Algo, por outra parte, moi en liña coas propostas da executiva federal

socialista. E tamén isto tivo unha continuidade nos contactos posteriores co propio presidente da Xunta e con outros representantes do Grupo Popular.

A dura intervención de Xosé Manuel Beiras non podía quedar sen resposta por parte do voceiro socialista. Emilio Pérez Touriño dedicoulle ó asunto poucas, pero moi rotundas palabras, para rexeitar de cheo as acusacións de falta de interese por buscar unha alternativa á maioría do Partido Popular. E sobre todo para rexeita-lo ton da crítica realizada polo voceiro nacionalista.

Estas diferencias tiveran unha clara manifestación nos trámites iniciais da posta en marcha desta sexta lexislatura do Parlamento Galego. O empate en número de deputados entre nacionalistas e socialistas fixo que estes puxesen en cuestión o papel ata agora claramente atribuído ó segundo grupo da cámara, no tocante ós postos na presidencia do pleno e das comisións. En realidade a liorta centrouse na vicepresidencia segunda do pleno e na presidencia da Comisión de Economía. A primeira foi para a representante do BNG, quizais considerando a diferenza de

votos ó seu favor, mentres que para a comisión os deputados do PP desfixeron o empate entre nacionalistas e socialistas votando a favor dos segundos.

Outra liorta provocada pola igualdade de escanos entre os grupos da oposición foi a do reparto material dos propios escanos da cámara. Os socialistas non estiveron de acordo en seren colocados detrás dos nacionalistas, como sucedía na anterior lexislatura. E así o reparto de escanos dos grupos da oposición mudou de orientación: non están os socialistas detrás dos nacionalistas, senón en paralelo.

Cámara feminina

Xa comentabamos na crónica anterior o forte aumento do número de mulleres na cámara galega, debido sobre todo ás dez novas deputadas do PP, que supoñen a metade dos escanos renovados neste grupo, ata sumaren 16. Pola contra, o escano perdido polo BNG era un ocupado por unha muller, e os socialistas contan con seis, catro das cales chegan por primeira vez ó Parlamento.

Finalmente as mulleres que accederon ós cargos directivos

da mesa da cámara son Inmaculada Rodríguez, polo PP; a nacionalista Salomé Álvarez, e Dolores Villarino polos socialistas. E unha das novas deputadas do PP, Corina Porro, convértese na segunda conselleira da Xunta de Galicia, con responsabilidade en Asuntos Sociais, asuntos dos que no seu día se ocupara no concello de Vigo, coa anterior corporación, que presidía Manuel Pérez, anterior conselleiro responsable destes asuntos.

Non se trata de ningunha revolución, pero convén tomar nota da novidade que supoñen estes cambios que seguramente irán máis aló do símbolo. E desde logo na política actual na que tanto papel xoga a imaxe estes cambios poden axudar moito á mellora da autoestima da muller galega.

A “nova” Xunta

Cumprido o trámite do debate de investidura e mailo ritual do desfile de gaiteiros, o presidente nomeou os membros da nova Xunta de Galicia: a tódolos os que xa o eran e a dous máis. Por iso non procede insistir moito no da novidade, sobre todo se temos en conta que as dúas novas

Consellerías non son máis que un desenvolvemento case protocolario de direccións xerais xa existentes. Por máis que a Xunta estea interesada en atender estes asuntos específicos, resulta difícil entender que se faga deles unha Consellería e, de feito, son raros os precedentes en tal senso.

Veú logo a *pedrea*, o reparto de cargos menores, a abundancia de direccións xerais e asimilados. Un lembra a un Manuel Fraga chegado a Galicia botando pestes contra o exceso de altos cargos e de postos de confianza atribuídos a amigos. E agora atópase con que nacen direccións xerais de *Protocolo* e de *Gabinete de Apoio do Presidente* (que por outra parte dependen administrativamente do secretario xeral da Presidencia da Xunta). Está claro que as persoas que traballan máis directamente co presidente, e ó ritmo que todos sabemos, merecen a consideración e retribución axeitadas. Pero que iso leve consigo un rango administrativo coma o citado...

A isto cabe engadir outras circunstancias máis ou menos anecdóticas. Coma o feito de

que a persoa que ata agora ocupaba a secretaría xeral da Presidencia quede nun posto de asesor; que dous cónxuxes ocupen sendas direccións xerais (esperemos que polo menos poidan compartir tamén o coche oficial); que outro ilustre chamado a ser director xeral (e como tal citado a mediados de decembro) aínda non fose nomeado a vinte de xaneiro, non se sabe se a falta de lle atopar un suplente no Consello de Administración da TVG, ou as disputas entre os novos cargos, por despachos e persoal. Ou que chegue a una dirección xeral unha persoa de escaso currículo, pero con moi estreita relación persoal cun conselleiro. E todo iso nunha administración que se gaba de profesionalidade e competencia.

Congresos no PP

Cando escribimos estas liñas está moi próximo o congreso do PP. A el acudirán, como non podía ser menos, unha ampla representación de delegados galegos. Polo que se puido saber previamente, entre outros asuntos van intentar busca-la fórmula para que as comunidades autónomas teñan unha axeitada participación nas

decisións de xestión das institucións europeas, fundamentalmente nos consellos de ministros e na comisión. E non exclusivamente no Comité de Rexións, organismo de carácter consultivo.

Virán logo os congresos rexional, provinciais e locais. Non se soubo aínda moito do que neles se vai decidir, fundamentalmente cuestións de organización e cargos. Está claro que non vai haber grandes novidades de tipo ideolóxico, pero si terán que empezar a marcarse liñas e escoller persoas que levarán o peso das eleccións municipais do ano que ven. Polo de agora o único que parece estar claro é que seguirá como secretario xeral Xesús Palmou. E que se esperan importantes cambios nos comités provinciais, polo menos en Lugo e na Coruña.

Ás notorias discrepancias entre Cacharro Pardo e Xosé Luís Iravedra, viñéronse engadilos problemas de saúde deste último. Tal como xa dicíamos na crónica anterior, as posibilidades de Xosé Manuel Barreiro semellan as máis firmes. Mentres na Coruña as espadas volven estar en alto entre as liñas que representan o presidente da

Deputación, Torres Colomer (que contaría con boa parte dos apoios que antes tiña Romay Beccaría), e Antonio Couceiro. Esta dobre liña está tamén moi marcada na propia cidade da Coruña e no seu contorno máis inmediato.

Movements no BNG

A creba da tendencia positiva dos resultados electorais provocou un auténtico mar de fondo no seo do BNG. Onde nada mudara nos últimos meses ou anos, ata o punto de repetir punto por punto as candidaturas ás eleccións autonómicas,ponse todo a debate, empezando polo liderado e polas liñas ideolóxicas. Ata o punto de que se remite ás bases a elaboración dos documentos congresuais.

A tradicional discreción dos cadros desta organización non fixo aflorar moitos elementos do debate. Por exemplo, non se sabe ata qué punto está consolidada a figura de Xosé Manuel Beiras como voceiro ou como novo futuro candidato (relevo por outra parte prematuro, pero que se precisa preparar con tempo suficiente). As súas sonadas intervencións das que falamos máis arriba pare-

ron actitudes de iniciativa propia e quizais repentina, nunha organización onde os pasos se dan moi a modo e logo de moitas conversas.

O único que transcendeu foron enquisas de opinión que non deixan en moi bo lugar ó propio Xosé Manuel Beiras (feitas á poboación en xeral, máis aló do ámbito do BNG). Ou algunhas propostas de cara ó congreso, como as de Unidade Galega para chegar a converte-lo BNG nun partido, ou polo menos de que os partidos nel integrados non tomen tódalas decisións ás costas dos numerosos independentes nel integrados, ou tamén as matizacións sobre a participación nas institucións europeas ou sobre a maneira de entender-la soberanía da nación galega.

Difícil renovación

Os socialistas non teñen previsto no futuro inmediato ningún congreso. Teñen desde hai algún tempo resoltas, polo menos na teoría, as súas cuestións de liderado. Pero precisan unha fonda posta ó día da súa estratexia electoral e dos seus candidatos, no eido onde tradicionalmente mellores resultados obtiveron, nos concellos.

Nesta liña parece estar traballando a dirección socialista. Pérez Touriño atópase aquí tamén con datos tradicionais que non se poden esquecer. Aí está, desde logo, o seu particular Peñón de Xibraltar, de soberanía nunca compartida, o concello da Coruña, onde Francisco Vázquez fai a lei e manda chover, dominio reservado onde os haxa.

Pero se na Coruña non hai nada que facer nin que pactar, no resto de Galicia é outro cantar. Por se acaso, os socialistas deixaron claro que non lles interesa seguir marcando diferencias, que están dispostos a pactar cos nacionalistas na convocatoria do ano que vén. Pero terán nos próximos meses que dedicarse a limpar terreos minados polos seus propios compañeiros, en varios lugares, algúns moi importantes.

Ningún problema en Santiago e Lugo. Pero tódolos problemas en Ourense, onde a disolución da agrupación local non parece abri-lo camiño para a renovación precisa e urxente. Dificultades tamén en Ferrol e Pontevedra, por falta de dirixentes de peso e prestixio e mesmo de unidade entre os existentes. E

algún personaxe difícil de integrar, como Carlos González Príncipe, que non renuncia en Vigo a face-la guerra pola súa conta.

Liortas académicas

As protestas contra a nova Lei Orgánica de Universidades foron portada de tódolos periódicos e noticiarios de televisión e radio. Nesta ocasión os estudantes galegos, sobre todo os de Santiago, estiveron na vanguarda do movemento e souberon, en xeral, manter unha actitude digna e orixinal na súa protesta. Pero a lei entrou en vigor e iso vai supoñer, de inmediato, novas eleccións nas diferentes universidades, nun clima un tanto rancio.

Outra controversia sonada foi a que levou ó rexeitamento pola Real Academia Galega dunha proposta de reforma da ortografía do galego que achegaba posturas entre a normativa oficial no seu día elaborada polo Instituto da Lingua Galega e maila chamada normativa de concordia, tamén denominada da AS-PG 80. Entre as novidades máis notables estaba a desaparición da segunda forma do artigo e o darlle preferencia á

opción *ao* sobre *ó* para a contracción do artigo e preposición ou admitir tamén o sufixo *-bel* ó carón de *-ble*.

Expertos lingüistas das tres universidades galegas e do propio Instituto da Lingua Galega (algúns deles tamén membros da Real Academia Galega) elaboraran unha proposta de reforma que en principio semellaba poder ser útil para rematar coa guerra de normativas que pervive no ensino primario e secundario desde hai case vinte anos. Pero a maioría dos académicos non viron oportuna esta reforma. Un ten a impresión de que neste asunto foi decisiva a opinión e mailo voto dunha parte dos

académicos que non coñecen a situación real deste problema no ensino nin na produción literaria (dado que algúns deles non usan o galego nos seus escritos).

Non debemos de tódolos xeitos nos estrañar da viveza desta polémica, agora na Academia, cando felizmente perdeu toda virulencia nas aulas (quizais cun parello desinterese do alumnado polo propio ensino do galego). Lembremos o caso ben recente dunha reforma na ortografía do alemán, que deu lugar a acendidos debates en varios parlamentos e da que se volveu atrás algún dos xornais máis importantes e prestixiosos do país.

Agustín Díaz



¡Euro, euro, euro!

Xoán Bernárdez Vilar

No ano 1948, nunha Europa aínda esnaquizada a causa da barbarie da máis horrorosa das guerras, certos visionarios que integraban o chamado *Comité Internacional para a Unidade Europea* organizaron en Gravenhage (Países Baixos) un Congreso que permitiu a creación, no ano seguinte, do *Consello de Europa*, e a firma en Roma, en 1950, da Convención Europea para a protección dos dereitos do home e das liberdades fundamentais. Actuacións pouco antes pouco menos que imposibles de emprender. Pouco despois, concretamente no ano 1957, organizouse unha conferencia á que se lle marcou como meta a definición dos valores fundamentais da civilización europea.

E estes resultaron ser: o respecto polo valor intrínseco

da persoa, como superior a toda concepción absoluta do Estado; a liberdade, como inseparable da responsabilidade moral do individuo; a solidariedade humana; o deber de posibilitar o acceso de todos os seres humanos ós bens materiais e espirituais; o diálogo e a libre discusión das opinións; e o respecto á discrepancia.

Sobre tales valores determinouse que debería de se construír a futura *Unión Europea*, que en 1973 se redefiniría como *baseada nos principios da democracia representativa, o imperio da Lei, a xustiza social como obxectivo do desenvolvemento económico, e o respecto ós dereitos do home*.

Lembrar agora estas circunstancias ven a conto para que se comprenda o desencanto que nos

produciu o triste espectáculo que se deu no cambio de ano coas medidas que se impartiron para a adopción da nova moeda común da Unión Europea. Polo que se puido advertir cumpridamente, tanto nese momento como nos que o seguiron, a algúns dos responsables de certos países, e certas entidades, caíanlles excesivamente grandes o seus cargos, ó pasaren por alto unha boa parte deses dereitos fundamentais que, en boa lóxica, debían de defender. Como consecuencia, os cidadáns pasaron a sufrir na súa propia carne as súas graves faltas de previsión, así como o confuisionismo xurdido a causa de directrices rematadamente mal elaboradas, ou ó comprobar como se aproveitaba a ocasión para permitir, e aínda promover, especialmente dende determinadas instancias, unha desatinada e desproporcionada suba de prezos.

A implantación do euro, pois, non vai pasar á historia como a data gloriosa que agardabamos. É certo que o euro non é máis que unha moeda. Mais, aínda que non o consideremos máis que iso, neste preciso intre é o principal sustentador da

concreción desa Unión Europea que todos confiamos que sexa quen de evitar para sempre que este vello continente volva a autoinmolarse en enfrontamentos motivados por peregrinas diferencias. Curiosamente, ese parécenos, agora, o principal dos valores engadidos desta moeda.

Agora ben, por moeda enténdese non só as metálicas cuñadas, ou os billetes impresos, senón todo o que cumpra as específicas funcións de “numeración, pagamento e reserva”, coas que foi definida, expresións, por outra banda, ligadas case sempre á idea de beneficio ou de lucro.

Os máis prestixiosos especialistas na materia, entre eles Karl Polanyu, tratan de nos convencer, non sabemos se un tanto inxenuamente, de que na antigüidade a idea da obtención de proveito non existía, ou, polo menos, non predominaba. Segundo eles as primeiras civilizacións practicaban simplemente o troco, actividade na que as moedas, cando as había, non eran, tal como entende J. M. Servet, máis que simples e privilexiadas mercadorías. Ademais tal troco tiña unha función máis social que

económica, sendo tan só cuestións éticas e/ou políticas, as que determinaban o valor das cousas, circunstancias que ás veces seguen a darse tamén nos nosos días. E nada máis que certos individuos, despectivamente denominados “axentes” polo gran poeta Homero, se atrevían a practicar naqueles tempos o que logo había de se coñecer como comercio, á procura xa, neste caso, de beneficios.

Mais, dende que no ano 586 a. C. cuñara o rei Gyges de Lidia, país que ocupaba o occidente da actual Turquía, as primeiras moedas das que se teñen noticia, foi moito o que mudou e evoluiu no mundo financeiro. Por iso, na actualidade discútese, tamén sen excesiva convicción, acerca de se tales moedas levaban xa apareladas, ou non, esas funcións de numeración, pago e reserva, que hoxe se lle esixe a toda moeda que se prece. Prevalece, así mesmo, a opinión de que non só se deben considerar moeda as cuñadas a partir do rei Gyges, posto que nos consta se tanto antes coma despois del, houbo materiais e produtos que realizaban o mesmo ou parecido rol, espe-

cialmente no comercio de intercambio.

Admítese, así mesmo, que na nosa terra tamén se practicou unha economía de pagamentos en especie, aínda que tamén puideron terse utilizado anacos de metal sen cuñar, ou xoias, como medios de pago. O feito de que entre os restos do dique prehistórico de Bares fosen atopadas moedas fenicias de arredor do ano 300 a. C., data aproximada na que este pobo de comerciantes principiou a cuñalas –ata ese momento atopaban máis productivo o simple intercambio de mercadorías–, fai pensar que deberon ser xa aceptadas tamén como medio de pago polos nosos devanceiros. Afirmación que formulamos coa maior das cautelas.

Cando, cara ó ano 25 a. C., controlaron os romanos o noso chan, a existencia das moedas debía, pois, ser xa coñecida, polo que, dous anos despois o legado Publius Carisius puido cuñar en Lugo sextercios, dupondios, ases e semis, destinados posiblemente a pagar á tropa que participara na conquista.

As nosas primeiras moedas, sen embargo, non aparecerían

ata despois do ano 411, data da instalación dos suevos na Gallaecia. Tratouse de sólidos de ouro, silicuas de prata, e trientes tamén de ouro. Especial atención merecen os denominados *sólidos gallecanos*, é dicir *sólidos galegos*, que se mencionan ata o século XI.

No pasado número de *Encrucillada* divulgamos as diversas cuñacións efectuadas no noso país ó longo da historia, así como o feito de que a peseta, que agora desaparece, nunca o foi. Ignoramos se nalgún momento futuro se cuñarán entre nós euros, se ben que agradecemos que sequera nas moedas de céntimos apareza unha reprodución da Catedral de Compostela. Aínda así, e malia a ese pouco edificante comezo do seu reinado que acabamos de comentar, queremos seguir a confiar nesa nova moeda común a tantos pobos de Europa, destinada a servir de “numeración, pago e reserva” a todos eles.

Banda deseñada

A principios do ano 1952 aparecía por primeira vez na coñecida revista *Jaimito*, da Editorial Valenciana, un novo e

dúctil personaxe infantil. Tratábase do simpático gatiño Pumby. O seu creador foi o debuxante Josep Sanchís Grau (1932). Veñen, pois, de se cumprir os cincuenta anos do feito. Pumby, que pasaría a ter revista propia a partir do 23 de abril de 1955, complementada en Nadal de 1959 co *Super Pumby*, resultou un delicioso e imaxinativo viaxeiro, que, por mor da versatilidade do seu autor, acabou por se converter nun auténtico *superheroe* valenciano, que adquiría os seus poderes, como non podía ser menos, inxerindo zume de laranxa. Pumby morreu, xunto coa Editorial, en 1985, despois de que se publicasen 1204 números das súas revistas. Mais hoxe é noticia de novo, porque a finais de ano, José Sanchis recuperou, por fin, logo dun lamentable e dilatado xuízo, os seus dereitos sobre o personaxe, feito que coincide coa aparición dun vídeo con novas aventuras do mesmo.

O herculino Miguelanxo Prado ven de ser galardoado co *Grande Premio do Festival de Cómic de Blois*, en Francia, un dos países punteiros deste medio, recoñecemento no que fora precedido

polo tamén debuxante, o arxentino José Manuel Muñoz. Miguelanxo, a quen se considera un autor caracterizado por un certo pesimismo e unha visión das relacións humanas dominadas pola incomunicación, é tanto guionista como debuxante.

Cine e teatro

Pedro Casais, un galego afincado en New York, con experiencia na cadea CBS e na Fundación Steven Spielberg, está a traballar na produción dun filme no que trata de recrear determinados fitos cos que trata de definir axeitadamente a cultura, os costumes e a historia de Galicia. Escenas da nosa Idade de Bronce, o enfrontamento de Saefes e Oestrimnios, a agonía dos galaicos no monte Medulio, a chegada dos suevos, os ataques viquingos, as revoltas irmandiñas, o Rexurdimento, ou determinados feitos do século XX, son o xeito gráfico por medio do que está a definir a especificidade da nosa Terra.

O Centro Galego das Artes da Imaxe da Coruña, acaba de recuperar unha copia orixinal do filme *La Casa de la Troya*,

dirixido no ano 1925, un ano antes da súa morte, polo propio Alejandro Pérez Lugín, autor en 1915 da coñecida novela. A boa conservación dos 13 rolos da película vai permitir unha restauración de alta calidade. O Centro Galego das Artes da Imaxe conserva tamén a outra película de Lugín, *Currito de la Cruz*.

Entre os días 15 e 21 de xaneiro pasado celebrouse o *Festival Internacional de Cine sobre as Minorías*, promovido polo Concello de Pontevedra. Ademais da proxección dos filmes *Mundo grúa*, *A lingua das bolboretas*, *Percebeiros*, *Said*, *Vidas privadas*, *Garage Olimpo*, e *La espalda del mundo*, así como algúns curtos bretóns, impartíronse conferencias sobre o cine das culturas minoritarias, o futuro do audiovisual na nosa Terra, o cinema e os dereitos humanos, o cine de autor diante da globalización, e as linguas minoritarias e o celuloide. O Festival foi aproveitado para promocionar a figura do fotógrafo e cineasta pontevedrés Antonio Barreiro, nacido en Castronuño (Valladolid) no ano 1899, e sobrevivente da confinación na cadea da illa de San

Simón. A clausura tivo lugar no Pazo da Cultura.

Rematou en Vigo a rodaxe do filme *Los lunes al sol*, o terceiro do director Fernando León de Aranoa, o guión do cal escribira xa na cidade olívica. Coprodúcenlo o concello vigués, a Xunta de Galicia e a TVG, o que nos fai supoñer que contará con versión na nosa fala. Trátase dun relato no que se aparelan varias pequenas historias e personaxes.

Congresos. Comunicaci3ns

Alvaro Lago foi o vencedor da XXVII edición do premio *Modesto R. Figueiredo* de narrativa breve, coa súa obra *O crime do Pombal*. Os accesits foron para Xosé Monteagudo e Andrés Pociña, autores de *O engado do triángulo* e *Medea en Camariñas*, respectivamente. No acto de entrega dos galard3ns, 3 que asistiu a súa viúva, Josefa Blanco, acompañada das súas fillas, rendéuselle unha merecida homenaxe cultural a Modesto R. Figueiredo, porriñés de nacemento e pontevedrés de adopción. O seu nome vai ser proposto polo propio alcalde de Pontevedra para unha das súas rúas.

O pasado 15 de xaneiro celebrouse unha xuntanza en Compostela coa finalidade de encher o grave baldeiro no que, nun intre tan delicado coma o presente, se atopaba a *Asociación Galega de Editores*, a causa da situación dimisionaria dos seus dirixentes. Das dúas candidaturas que se presentaban resultou elixida a Directiva encabezada por Fabiola Sotelo, da Editorial Sotelo Blanco, na que figuran tamén representantes das editoriais Baía, Cumio, Hércules, A Nosa Terra, Sálvora, Tambre e Toxosoutos. A Presidenta, que repite mandato, anunciou un programa de consenso a debater nunha próxima xuntanza, xunto coas liñas de traballo. Durante a súa primeira etapa, dende febreiro do ano 2000, a *Asociación Galega de Editores* organizou diversos sal3ns do libro e o Congreso Galeuzca de editores.

En Cotobade, nas inmediacións de Pontevedra, veñen de crear un premio de ensaio e investigación sobre a historia, a antropoloxía ou a etnografía, que leva o nome de *Antonio Fraguas*. Antonio Fraguas foi un ilustre fillo deste

Concello no que naceu un 28 de decembro do ano 1905. Posteriormente foi profesor, catedrático, doutor e investigador incansable das materias que o premio trata de promover, así como académico da lingua, e da Academia de Ciencias, membro fundador do Museo do Pobo Galego, e autor de innumerables traballos. As entidades responsables deste premio son o Consello da Cultura Galega e a *Asociación Cañón de Pau*. Os traballos optantes ó mesmo, de extensión non limitada, deberán de ser presentados na referida asociación (Praza do Deán, 36.857 Rebordelo, Cotobade), baixo plica, por quintuplicado, en formato DIN A4, a dobre espacio, e por unha soa face, antes do 27 de maio próximo. E que non se nos quede no tinteiro dicir que a dotación é de cincocentas mil pesetas, ou sexa: 3005,06 euros.

Decesos

O día 10 decembro finou José Piñeiro Ares. Nado na vila de Pontecesures o 7 de outubro de 1927, o señor Piñeiro Ares, foi, ademais de alcalde e cronista oficial da mesma, mestre, así como un fecundo autor e

investigador sobre temas galegos. É a el a quen parece deberse a invención da expresión *ullán* coa que se denominan as terras regadas polo Ulla. Na súa memoria queremos lembrar agora un pequeno *affaire* cultural do que, en certo xeito, foi participante. A mediados do ano 1981 José Piñeiro Ares colaborou coa Mariña de Guerra na erección dun monumento a Diego Xelmírez en Pontecesures, o lugar no que se considera que construíra este arcebispo, no ano 1114, e ás súas expensas, naves destinadas a impedir, segundo nos refire a *Historia Compostelá*, “a depredación e cautividade de Galicia”. Pois ben, uns días antes da inauguración da gloriosa escultura, a prensa aireara a todo trapo a circunstancia de que esta ía levar a dedicatoria “Al Arzobispo Diego Gelmírez, Gran Almirante de Castilla”. Sabedores da intervención neste evento do señor Piñeiro Ares, escribímoslle entón rapidamente lembrándolle canto a *Historia Compostelá* dicía ó respecto, así como o feito de que Castela e Galicia tiñan entón reis diferentes. Piñeiro Ares amosouse conforme co noso razoamento, e

ademais de nos respostar a volta de correo, defendeuno nun artigo no *Faro de Vigo*. ¿E que credes que pasou? ¿Que se retirou ese invento de “Gran Almirante de Castilla” que o monumento ía levar? Non. O que aconteceu foi, simplemente, que non se colocou este.

Uns días antes, deixounos tamén dona Amalia Alvarez Gallego, viúva de Alexandre Bóveda, o mártir fusilado en Pontevedra o 17 de agosto de 1936. O seu enlace celebrárase o 20 de outubro de 1930, polo que o matrimonio durou uns escasos seis anos, nos que fructificou con varios fillos e fillas. Dona Amalia, sobrevivíuno, pois, algo máis de 65 anos.

Por último, o 16 de xaneiro finou en Madrid, Camilo José Cela Trulock, o único autor galego que acadou o Premio Nobel de literatura. Nado en Iria Flavia (Padrón) o 11 de maio de 1916, cursou estudos en varios colexios vigueses para trasladarse despois a Madrid, onde intentou estudar, sen éxito, Medicina, Filosofía e Dereito. Sen embargo, autor precoz, viviu da literatura practicamente xa dende 1942, ano no que publicou *La familia de*

Pascual Duarte, obra que supuxo un rachamento coa novelística tradicional. Ademais da súa numerosísima produción literaria, Camilo José Cela, fixo tamén guións cinematográficos e actuou como actor nalgunhas fitas. No seu haber conta con numerosos galardóns, sendo o máis destacado o Nobel de Literatura, que lle foi concedido o día 19 de outubro do ano 1989. Quen isto suscribe foi coñecedor da grata nova ese mesmo día, mentres navegaba polo Nilo, a altura de Lucsor. Camilo José Cela foi, así mesmo, numerario da Española dende 1957, e da Galega dende 1970. A súa obra está maioritariamente redactada en castelán, idioma do que acadou un profundísimo coñecemento e un habelencioso manexo. Foi enterrado no Cemeterio de Iria Flavia, a parroquia na que nacera. *Encrucillada* publicará proximamente un traballo sobre o aspecto relixioso e galego na súa obra.

As letras

Como é sabido, o *Día das Letras Galegas* do presente ano vai estar dedicado a Frei Martín Sarmiento, o ilustrado do século XVIII, que nada máis que publicara un libro en vida. A

súa obra, sen embargo, ademais de importante e enciclopédica, é numerosa, atopándose maioritariamente depositada no arquivo de Medina Sidonia, en Sanlúcar de Barrameda, así como no Museo de Pontevedra. O Consello da Cultura Galega tomou sobre as súas costas o labor de editala. Trátase de todo un acontecemento cultural, xa que o saber do Padre Sarmiento abrangueu eidos tan importantes como a Filoloxía, a Historia, a Bibliografía, a Pedagogía e a Educación, as Belas Artes, a Xeografía, a Ciencia, a Botánica, a Zooloxía, a Medicina ou a Farmacia. Frei Martín Sarmiento naceu en Vilafranca do Bierzo o 9 de marzo do ano 1695, se ben que viviu en Pontevedra dende os catro meses de idade ata os 15 anos. O seu concello berciano natal acaba de constituír a *Comisión Cultural Sarmiento 2002* coa intención de sumarse á conmemoración do *Día das letras Galegas* á súa honra dedicado.

A viguesa Carme Pampín, de 19 anos, estudante de Enxeñería Industrial, resultou gañadora en Lugo do *Premio de Poesía Fernández del Riego*. O

seu traballo, titulado precisamente *Poesía*, reconstrúe o mundo rural e as fortes relacións interpersonais que se dan no mesmo, que ela afirma non conseguir atopar nas cidades.

O ponferradino César Rodríguez-Gavela obtivo o *Premio Torrente Ballester de Narrativa*, fallado na Coruña, pola súa novela *El obispo de Cuando*. Foi finalista o segoviado Ignacio Sanz, con *La música del bosque*. César Rodríguez-Gavela, nado no ano 1953, é licenciado en Dereito e reside en Valencia. No seu haber atópanse outras obras como *Pobres del Sil*, *La raya seca*, e *El puente de hierro*, ambientadas nas terras do seu Bierzo natal.

Novas en xeral

O historiador Xosé Ramón Barreiro ven de se converter en Presidente da Real Academia ó ser elixido para substituír no cargo a don Paco del Riego. O novo conductor da institución naceu en Santa Uxía de Ribeira o 2 de decembro de 1936; licenciouse en Dereito Canónico en Roma e, posteriormente en Filosofía e Letras en Compostela, Universidade na que impartiu a materia de historia. Conta no

seu haber cunha abondosa obra de investigación. Os seus desafíos máis inmediatos como Presidente van ser os de dotar de maior transparencia á Academia en resposta ás demandas sociais, retomar o debate filolóxico-ortográfico frustrado no pasado mes de novembro, así como preparar os actos do próximo centenario da Entidade.

Varia

Dende o pasado día 3 de decembro, os documentos de identidade expedidos no noso país, o mesmo que os das demais comunidades con fala propia, son xa bilingües. É dicir, que están en galego e castelán, con letras da mesma grandura, se ben que é o castelán o idioma que figura en primeiro termo. ¿Por que incluímos esta nova, grata, nesta nosa Rolda da Cultura? Moi fácil: a súa tradución foi efectuada pola Real Academia.

No pasado mes de decembro, e baixo o lema *O futuro da literatura galega*, celebrouse en Vigo o *IV Congreso de Escritores Galegos*. Ao longo das tres xornadas que durou este, foron difundidas diversos relatorios e

impartírose conferencias e mesas de debate. En xeral, as intervencións que se produciron reiteraron o bó momento dos nosos escritores, se ben que caíron na teima de continuar con certas anacrónicas referencias á infravaloración que a súa obra está a padecer, así como ó descoñecemento que en Madrid se ten da mesma, a inconveniencia de que se editen obras sobre determinadas temáticas, ou a necesidade de contar con axudas institucionais. Os números que se manexaron nas intervencións, máis pragmáticos, indican unha ostensible redución na publicación e venda de novelas, así como un incremento nas das obras de ensaio, investigación e consulta.

A *Federación de Centros Xuvenís don Bosco de Galicia* levará a termo o sábado 16 de marzo sendas xuntanzas lúdico-festivas de nenos, e outras de preadolescentes, en Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, relacionadas, as primeiras coa defensa do medio ambiente, e as segundas sobre o coñecemento da Cultura Castrexa. Na mesma data, así como na do día seguinte, celebráranse tamén

assembleas dos distintos Centros Xuvenís, de mozos e mozas e de animadores e animadoras dos mesmos. (Para os interesados o enderezo é o seguinte: Rúa Venezuela, 3 baixo, 36203 Vigo, tel. 986 225 662, e-mail: cxaber@teleline.es).

Xoán Bernárdez Vilar

CALENDARIO DO CONTRIBUÍNTE

Nesta celebración dos primeiros 25 anos xa son uns 800 subscritores os que teñen domiciliado o seu pagamento. Os reembolsos non chegan a 125, unha cifra que rogamos encarecidamente que nos **axudedes a diminuír** pois coa nova suba das tarifas **o seu custo subiu un cen por cen**.

Nos meses de Febreiro e Marzo tramitaranse *xiros, entregas en man e transferencias*.

Lembrade tamén, de avisardes os vossos cambios de contas ou bancos. E que o feito de non pagardes con puntualidade non o entendemos nunca como baixa, se non nolo facedes saber, por iso vos recordamos as débedas.

Gracias a quen, coma vós, facedes posible esta publicación.



Mirar o futuro ollando o presente con imaxinación e esperanza

Victorino Pérez Prieto

*No necesario, unidade;
no discutible, liberdade;
en todo, caridade.*
(Santo Agostiño)

Esta *Rolda* das vodas de prata de *Encrucillada* vai xa para a media ducia de anos baixo a responsabilidade deste roldeiro, facendo o número trinta neste obradoiro ferrolán. Un traballo que quixo reflectir a vida e a morte da Igrexa en Galicia, en Portugal, en España e no mundo. Un labor que só puido ir adiante coa colaboración dos correspondentes que foron fornecendo puntualmente, número tras número, as novas das súas dioceses. Actualmente están: **X.A. Seoane** en Santiago, **Valentín Arias** en Lugo, **Bruno Fuentes** en Ourense, **Antón Vidal** en Vigo e **Felix Villares** en Mondoñedo-Ferrol; tamén **Anuncio Maroño**, no eido da Igrexa de base, e **Pilar Wirtz**. Pero tense contado anteriormente coa colaboración de Xulio Andión, primeiro, e Santi Aviión en Tui-Vigo; Vicente Cerdeiriña na de Santiago; X. M. Domínguez en Ourense; o fidelísimo Nicanor Rielo Carballo en Lugo (ata a súa morte) e Alfonso Gil en Mondoñedo-Ferrol. Ademais, distintas revistas de Igrexa e, sobre todo, a rede de Internet son unha axuda inestimable para poder dar noticia da vida da Igrexa polo mundo adiante. Un traballo moitas veces gratificante e algunhas ingrato. Cómpre facer aquí memoria da xente que foi levando xenerosamente esta *Rolda de Igrexa* ao longo dos vintecinco anos;

nos comezos foron **Manuel Espiña, Xosé Chao** (que lle deu o nome actual), e outros correspondentes, e logo **Xesús Acuña e Manolo Regal**, que botaron bastantes anos máis.

Este traballo de información e reflexión foi sempre para este que escribe fonte de esperanza máis que de desesperanza, polo feito de ir vendo a vida que o Espírito fai xurdir aquí e acolá, no medio de tanta decadencia e de tanta morte eclesial.

Nunha conferencia sobre o futuro da Igrexa que fun dar no mes de xaneiro a Lisboa, eu comezaba dicindo que non podemos mirar o que vai vir máis que ollando atentamente o que hai. *O que é a Igrexa agora é o que vai vir no futuro*, aínda que tamén esteamos abertos á novidade sorprendente. Un pensamento moi bíblico; os profetas falan do futuro a partir do presente e Deus invítaos a ollar atentamente o seu contorno, o seu ser e a súa realidade presente para poder dicir a súa profecía de cara ao futuro: “¿Que ves Xeremías?...”, preguntalle Deus ao profeta (Xer 1,11-15). Do futuro non podemos dicir nada, só sabemos do hoxe; se ousamos falar do futuro é porque pode axudarnos a ver o presente. Mirar o futuro é mirar o presente con imaxinación creadora, o que supón sempre unha actitude esperanzada: se negamos o futuro xa estamos negando presente. Se podemos afirmar a presenza da Igrexa ao longo do século XXI é porque somos capaces de vela con esperanza no comezo deste novo século.

Tentaremos seguir traendo a estas páxinas as realidades máis creativas e máis ricas da Igrexa, e tamén as pobres, mesmo rutineiras e friamente institucionais, que marcan indefectiblemente a vida cotiá das igrexas. E o que teña algo que dicirnos, que non dubide en facelo, enriquecéndonos coa súa achega. Como ao comezo do ano anterior, volvo recordar ao lector os medios polos que pode colaborar con esta *Rolda*: Correo postal (*Rúa da Cañota 5, baixo. 15405-Ferrol*), correo electrónico (*vitope@planalfa.es*) e teléfono (*981 318654*).

Igrexa en Galicia

Dos amigos de Vangarda eco moi positivo do XII Obreira da Coruña chéganos o **Encontro Estatal de Comu-**

nidades Cristiás Populares a primeiros de Decembro en Sevilla. O tema foi *Empuxar todos o carro*, e houbo varios grupos de reflexión: Fundamentalismos, movementos alternativos, inmigración, conflitos e violencia, economía solidaria e África.

A Asociación Irimia fixo un *miniconcilio* para celebrar humildemente os seus vinte anos de andaina, facer revisión do camiño andado e ver propostas para un futuro vizoso e renovado. Longa vida.

Pero, entristeceunos a moitos o **peche da publicación Badal**. Aínda que agardado e, quizás, lóxico, non deixamos de sentir o de “Cando un amigo se vai...”. Esta publicación xenerosa, feita en Vigo por vellos e novos militantes cristiáns-galeguistas, acompañou fielmente durante doce anos ás aínda poucas parroquias que celebrabamos e orabamos en galego e outros grupos. Forneceu as lecturas de cada domingo moito antes de que viran a luz os Leccionarios litúrxicos, ademais de comentarios, homilías e outros materiais litúrxicos. Graciñas.

Compostela

Comezamos esta vez a Rolda galega pola arquidiocese, aínda que o noso correspondente coméntanos que non atopou nestes meses cousas de verdadeiro interese. ¿Non as houbo, ou serían tan irrelevantes que nin quedaron na memoria? Ademais, reconece que as novas que nos apunta, xunto coa pastoral ordinaria, “lévanlle a un, ás veces, a sentir a parte máis ben rutineira e con pouco de Boa Nova da nosa Igrexa... ¿Que cabe esperar da xente que, na súa maioría non chegou a ter unha experiencia personalizada e gozosa da fe?”. A pesar de todo, “o deserto é fértil”, como escribía Hélder Cámara.

A finais de novembro rematou a fase diocesana do **proceso de beatificación de Baltasar Pardal**, catequeta, clérigo, cóengo da Colexiata herculina e fundador da *Grande Obra de Atocha*. O acto que puxo punto final a un camiño de seis anos, foi presidido polo arcebispo coa aparato típico destes casos –cantos en latín incluídos– e contou con numeroso público, tamén xente sinxela. “Todo moi moi rancio”, dinnos.

Amplio eco tivo a noticia da próxima **canonización do fundador do Opus Dei, Josemaría Escrivá de Balaguer, no centenario do seu nacemento**. Artigos dos incondicionais encomiando a súa persoa e outros recordando as súas contradicións; misas solemnes, sobre todo a da catedral... Pero os ataques das décadas anteriores contra a persoa e a obra convertéronse agora en indiferencia. Todo un síntoma da situación da Igrexa no contexto social actual. *Vida Nueva* comentaba: “estudiouse con detalle como reducir ao mínimo a contestación”. Tamén se canonizará ao Padre Pío e ao indio Juan Diego.

Tamén houbo **ordenacións de curas** e diáconos e a **reelección de Luis Otero Outes** como presidente da *Asociación Española de Catequetas*.

Ourense

A nova que acaprou máis interese na diocese auriense foi o **nomeamento do seu prelado, Carlos Osoro, como arcebispo de Oviedo**, tras meses de rumores. Moitas loanzas e entrevistas nos medios

de comunicación, moi frecuentados por este bispo. Pero na xente de base máis activa desta igrexa queda a sensación de que nestes cinco anos “non se fixeron tantos milagres”, e máis ben hai unha decepción do estilo de traballo deste bispo, tal como nos comenta o noso correspondente.

Fálanos tamén da **misión diocesana en Jipijapa** (unha das zonas máis pobres de Ecuador), da que xa se falou varias veces nesta *Rolda*, pero que non é noticia ultimamente, aínda que un dos misioneiros diocesanos que botou alí varios anos, Manolo Rodicio, é o actual Delegado de Misiones. Faltan curas que queiran facer o relevo e hai quen acusa ás institucións diocesanas de non ter tomado este compromiso misioneiro máis en serio.

Lugo

As Servas de San Xosé celebraron os 75 anos de presenza en Lugo. O seu colexio pasou por diversas fases ata estar plenamente consolidado na cidade, tendo unha gran oferta educativa, cultural e deportiva, como nos comenta o noso correspondente. Confe-

rencias, concertos e eucaristía presidida polo bispo Frei Xosé foron os actos celebrativos.

O poboado xitano do Carqueixo está sendo promovido pola *Asociación Promoción e Integración Xitana*; labor moi difícil pola reticencia que teñen os *calós* de cara aos *payos*. Funciona unha gardería no mesmo poboado, atendida precisamente por unha Serva de San Xosé, Emilia.

O patrimonio artístico lucense é obxecto de atención por Caixa Galicia, a través dun convenio co bispado; o que permitirá a reconstrución e conservación de tanta riqueza nas capelas (pinturas murais, retablos, etc.).

A Festa da Familia celebrouse na diocese con varios actos e información, dirixidas a potenciación dos vínculos familiares. Destaca o noso correspondente a eucaristía de San Xoán do Campo, ben preparada, moi participativa, achegada e cálida. Dalgunhas familias cristiás saíron tamén o **presbítero e os diáconos** que se ordenaron en decembro, así como a **monxa Salesa** que fixo profesión solemne por esas mesmas datas.

A Cova da Terra-Comercio Xusto seguen ben activos e organizaron diversos actos de concienciación no Nadal: *video-forum* sobre a prostitución en Filipinas, obra de teatro sobre a globalización, presentación da campaña sobre o chocolate e o turrón, informe sobre Venezuela...

Mondoñedo-Ferrol

Unha efeméride importante nesta diocese foi o **IV Centenario do Convento das MM. Concepcionistas de Viveiro**, fundado en 1601 pola monxa María de las Alas. Os actos discorreron ao longo do ano pasado: conferencias, exposición... e mesmo un libro e un número case monográfico de *Estudios Mindonienses* sobre o convento. Dentro destes actos destaca un particularmente excepcional: o encontro coas MM. Dominicás de Valdeflores, a outra comunidade contemplativa da vila.

Neta diocese houbo tamén a **ordenación de dous curas** en Mondoñedo e a **profesión de sete relixiosas** da congregación *Marta e María*, que atenden os asilos de Ferrol, Mondoñedo e Foz.

Para rematar, salientar a **aparición en febreiro de Dumio**, publicación mensual do servizo diocesano de comunicación, encartada en *La Voz de Galicia*. A comunicación (información e reflexión) sempre é unha dimensión que debe coidar a Igrexa; pero todo depende de como se faga. Conta co apoio de algúns curas, pero outros critican o gasto excesivo que supón. Os leigos, coma sempre, non opinan... Descoñecendo o proxecto, estamos á expectativa, pois temémonos que naza *handicapé*.

Vigo

Os movementos de vida

apostólica fixeron unha **celebración ecuménica**, coincidindo co inicio do Ramadán dos Musulmáns na parroquia do Sagrado Corazón de Vigo. Asistencia de moitas confesións, pero... escusáronse os Musulmáns, polo inicio do Ramadán.

Seguen co da Programación Pastoral. En Outubro e Novembro reuniuse cada arciprestado coa presenza do Bispo e do Vicario de Pastoral. Houbo tamén unha reunión de arciprestes co Bispo para ver posibles canles de cara a animación e coordinación que debe realizar o arcipreste.

Igrexa en España

Foi aprobada a Rexión Eclesiástica Tarraconense, despois de moitas voltas e seis anos despois de rematar o Concilio Tarraconense. Agrupa á tódalas dioceses catalanas e Andorra. Alegría para uns e indiferencia para outros, que a ven como unha solución insuficiente, pois non se acadou propiamente unha Conferencia Episcopal Catalana. Con todo, ixa queremos unha cousa así na Igrexa galega!

E o cardeal-acebispo de Madrid, Rouco Varela, anunciou este Nadal o **primeiro Sínodo diocesano madrileño** tras do Vaticano II, que ven sendo o terceiro da súa historia. Oxalá saiban contar realmente cos leigos (homes e mulleres) e os grupos renovadores da Igrexa, senón será outra convocatoria inútil máis.

A pesar de algúns conflitos, a corrente *Somos Iglesia* segue a organizar un **Encuentro Inter-**

nacional para a Renovación da Igrexa Católica, que chama *Proceso Conciliar coa participación activa do Pobo de Deus*. Será en Leganés (Madrid), na Universidad Carlos III, do 19 ao 22 de setembro de 2002. Tamén a Igrexa renovadora de Galicia estará presente. Neste momento prestáronlle o seu apoio as seguintes redes internacionais, que agrupan a numeroso movementos: *Cristianos por el Socialismo*, *Asamblea Pueblo de Dios de América Latina* (A.P.D.), *Federación Latinoamericana por una Ministerialidad Renovada* (FLMR) e *Federación de Sacerdotes Católicos Casados* (FISCC).

Entre tantas mensaxes e convocatorias que chegan pola rede, houbo unha que me chamou a atención pola orixinalidade, **un encontro co suxerente título de Noite de Arte e Oración (N.A.O.)** que se vai celebrar en Madrid o primeiro fin de semana de marzo (do 1 venres ao 3 domingo) co lema “¿Unha nave que leva ao Reino?”. Invitaban aos artistas “porque gracias á multiplicidade da arte que a Deus se lle ocorreu inventar cando disparou a súa imaxinación escolleu-

vos para comezar algo a favor dunha evanxelización acorde co momento”. Organizado polo grupo católico *Comunidad Pueblo de Dios/Brotos de Olivo*, ten un carácter claramente ecuménico, con talleres e mesa redonda, galería de exposicións, e a vixilia da noite e arte en oración. Deus nos faga creativos.

Os xuíces deron nos últimos meses varias **sentencias sobre a ilegalidade de despedir a profesores de Relixión** por causas alleas ao Estatuto dos Traballadores, e mesmo chegaron a impor sancións económicas por esa causa. O Tribunal Superior de Xustiza de Madrid condenou á Comunidade de Madrid a readmitir ou pagar 4,8 millóns de pesetas a unha profesora despedida polo arcebispado; e en Canarias, a Consellería de Educación deberá indemnizar con cinco millóns a un docente despedido polo bispo. Víase vir, e a cousa non vai quedar aí, por moito que os bispos razoen doutro xeito, como que a relación cos profesores “non é laboral” e eles poden poñer e quitar a quen xulguen oportuno...

O escolapio Jesús M^a Lecea e a teresiana Asunción Codes son,

respectivamente, **os novos presidente e vicepresidenta da CONFER** (Confederación Española de Religiosos). É importante salientar un dato: Máis de 600.000 leigos colaboran activamente coas ordes relixiosas en España, o que manifesta a *adultez laical* que as congregacións están moito máis abertas a esa colaboración que os curas seculares.

A Asociación de Teólogas Españolas tamén escolleu nova presidenta na súa IX

Asemblea. Elisa Estévez substitúe a Mercedes Navarro, que exerceu o cargo nos últimos anos.

O Teléfono da Esperanza, cumpre trinta anos. Foi fundado por Serafín Madrid, irmán de San Juan de Dios, en Sevilla, e agora xa está por toda a península atendendo xenerosamente a xente en situacións límite. Algúns números para chamar; aínda que non sexan de lugares de Galicia, poderán informarnos: 91 490050 (Madrid), 965 211122, 958 261518.

Igrexa no mundo

“O papa está a ficar mudo” titulaba un xornal recentemente (*El Mundo*). Non se refería a unha cuestión de opinión senón a algo puramente físico: o Párkinson. Citando fontes vaticanas “solventes” afirmábase que Xoán Paulo II perderá a voz no prazo dun ano a causa do Párkinson que padece desde hai tempo, unha enfermidade lenta, pero irreversible. “¿Será o primeiro Papa en dirixirse ao mundo a través dun vicario lector ou renunciará ao cargo?”, preguntábanse. Agardamos que prime o sentido común e o amor á Igrexa, que semella estar

ausente en círculos vaticanos. De feito comentouse que o propio Xoán Paulo II está considerando a posibilidade de renunciar, debido sobre todo a que gran parte da actividade do Papa é de representación...

Aínda así, cando se están a escribir estas liñas, **o Papa convocou un novo Encontro Ecuménico pola Paz en Asís** o 24 de xaneiro. A pesar das contradicións, é unha fermosa convocatoria que leva xa varias edicións. Non se pode negar a teima deste papa pola paz no mundo. O lema da Xornada da Paz deste xaneiro 2002 foi claro:

“Non hai paz sen xustiza, non hai xustiza sen perdón”.

O bispo Gaillot e a súa diocese virtual de Partenia distan moito de estar mudos. As ultimas estatísticas da súa páxina web falan de 40.000 visitas mensuais, chegando algún mes do ano pasado a 58.000. Os seus *clientes* son laicos, curas, relixiosos, estudantes, profesores. Cunha media de idade entre 30-55 anos. Sobre todo son xente de grupos que traballan pola reforma da Igrexa católica; en Europa, EEUU, Sudamérica e diversos países de Asia e mesmo África... Gracias a que, ademais de francés, o sitio está en inglés, castelán, portugués, italiano, e alemán, froito do xeneroso equipo de tradutores, entre os que está a galega Christina Moreira.

Ludmila Javorova segue a ser **a única muller ordenada oficialmente sacerdote na Igrexa católica**, aínda que está vedada polo Vaticano para exercer de cura (*El Mundo*). Ordenada polo Arcebispo católico Davidek na cidade morava de Brno, dixo misa hai 31 anos, exercendo o sacerdocio na clandestinidade, en Checoslo-

vaquia e chegando a ser *Vicaria xeral*. Editorial Claret acaba de publicar *Desde lo hondo. La historia de Ludmila Javorova*, de Miriam T. Winter. O arcebispo Davidek ordenou, tamén en segredo, a 17 bispos, algúns deles casados e con familia, e a 68 curas do sexo masculino, a maioría casados.

O cardeal **Roger Etchegaray**, presidente emérito de *Xustiza e Paz* e unha das meirandes figuras do Concilio Vaticano II, manifestou recentemente en Chiapas, ante centos de **indíxenas tzeltais o respecto á súa cultura e crezas milenarias**. Dixo alí que “a Igrexa autóctona é romana entre os romanos, castelá entre os casteláns e tzeltal entre los tzeltais”.

Outro feito episcopal que nos caeu ben foi o **nomeamento dun negro para a presidencia da Conferencia Episcopal USA**. Wilton Gregory, bispo dunha diocese de Illinois moi comprometido contra o racismo, é o primeiro desta raza que ocupa tal cargo.

Os bispos da Arxentina manifestáronlle ao presidente Eduardo Duhalde a súa dispo-

sición para axudar a crear un espacio de diálogo entre os sectores políticos e sociais coa finalidade de “consensuar políticas de Estado” que lle permitan ao país saír da tremenda crise na que está metido. A Comisión Executiva dos bispos que concertaron este acordo está presidida polo arcebispo de Paraná, Estanislao Karlic, que vimos na TV ao lado de Duhalde, cando este deu a coñecer o compromiso de diálogo social.

Paralelamente, **Cáritas Arxentina mobilizouse fronte á crise do país**, que ten xa datos arrepiantes: 150.000 persoas que pasan fame e tres millóns de mozos sen emprego. Os 25.000 voluntarios de Cáritas Arxentina atenden a un termo medio de 376.000 persoas ao día en 3.371 centros parroquiais.

Do **conflicto israelí-palestino**, “ao borde da guerra total”, como titulaba *Vida Nueva*, recibimos pola rede, entre outras moitas tristes novas, unha arrepiante: **tres nenos palestinos foron torturados e asasinados** en Raed Lafi/Al-Ayyam, e despois sacáronlles os seus órganos en bo estado, tal como demostrou a autopsia

realizada no Hospital de Al-Shifa’a de Gaza e confirmaron os observadores dos Dereitos Humanos. Os detalles das torturas eran dignos dos nazis. Non é de estrañar que Amnistía Internacional pida máis vixilancia en Palestina para o dereito humanitario. O Patriarca latino, M. Sabbah, denunciou repetidamente esta situación causada pola ocupación xudea. Mesmo ata os políticos europeos máis conservadores están escandalizados da actuación do goberno dese Herodes moderno que é Ariel Sharon.

E rematamos coa esquecida e sufrida **África**. Unha ollada os últimos números da magnífica revista *Mundo Negro*, fálanos de dramas coma os **nenos escravos**, que nos recordaba na TV as imaxes do barco “Etireno”; ou das máis de mil mortes que se producen cada día causa das **armas lixeiras**, sobre todo en África, aínda que son producidas e vendidas polos países occidentais (España ocupa un dos primeiros lugares). Os **enfrentamentos islamo-cristiáns** tamén produciron numerosas vítimas nos últimos tempos, sobre todo en Nixeria

(500 mortos en tres días!). Pero o *number one* do ranking da morte lévao en África a **SIDA**: levan xa 25 millóns de mortos!, o 70% das vítimas da síndrome no mundo. Con todo, compre rematar tendo presente o labor dos misioneiros e tantas persoas comprometidas nunha verdadeira **civilización do amor**, no

medio de tanta violencia e morte; as mulleres africanas, dobremente marxizadas, “teñen un magnífico cadro de persoal para impulsar un cambio radical”. Os misioneiros/as e a xente da terra manifestan unha *globalización humanitaria* fronte á inxusta globalización económica.

Victorino Pérez Prieto

vitope@planalfa.es

*Nos carreiros segredos
Onde mora a memoria
Misturando símbolos e cousas,
Se cadra hai un recanto
Acorado no medo,
Irta revolta onde
As poutas do veneno
Veñen pró colo, e traban
Coma un lobo férido
Onde máis se demora.
Eu sei que venceremos.*

Fermín Bouza Álvarez



Xosé Antón Miguélez e Pilar Fernández (Eds.), Cousas de Veneranda

Colección Angueira II, Asociación Irimia, Santiago 2001, 167 páxs.

A Asociación Irimia ofrécenos neste segundo volume da súa colección Angueira, na segunda xeira, un libro atípico. Un libro sobre unha muller que nin era unha escritora egrexia, nin lle deron endexamais ningún premio, nin tivo cargo ningún, nin... sequera era unha persoa normal. Era máis ben unha muller analfabeta, pobre ata verse pedindo polas portas, e mesmo diminuída psíquica, con serias deficiencias de linguaxe, e cunha vida con circunstancias familiares moi penosas... Pero a esta muller, “a dedicación e o amor dunha filla súa rescatouna da sombra e mostrouna chea de gracia”, tal como se recoñece no libro. A súa filla Pili, unha valiosa muller de carácter, animosa e independente a pesar da súa deficiencia física que a obrigaba a andar encrequenada, fixo que esta muller se vira, sobre todo nos últimos anos, rodeada de amigos; amigos sinceros que estaban ao seu carón non por compaixón, senón porque alí atoparon algo que non atopaban noutros lugares.

Nas páxinas deste libro fálase da vida, das cousas e sobre todo do impacto que Veneranda deixou entre algúns amigos. “Sorprendentemente, alí onde parecía que só podía haber compaixón (pobre Veneranda!) naceu verdadeiro amor de reciprocidade e Veneranda foise

convertendo para moitas persoas nunha fonte de curación, alegría e dinamismo (gracias Veneranda!)”, lemos no libro. Máis aínda, a intención e o interese expreso dos promotores deste libro van moito máis aló da pura loanza a unha persoa: “O máis fermoso da experiencia colectiva e persoalísima que moitos vivimos con Veneranda é o convencemento ledo de que aínda sendo unha vivencia única e irrepetible, non é algo que se esgote nela... Hai millóns de Venerandas que poderían ter o seu propio libro. Por iso queren conducir “a ollar cara a outras vidas que nunca se destacan, que parecen pasar pola vida sen valor nin peso... pero agrandan as perspectivas do noso vivir, non pola acumulación de grandezas e consumos, senón pola luz máis cálida e confiada coa que somos invitados a mirar á realidade ao noso redor.

E velaí o valor deste libro fondamente testemuñal, pero que vai máis aló da anécdota, ata o punto de converterse no que a moderna reflexión teolóxica chama teoloxía narrativa. Na aparente pouca cousa de Veneranda manifestouse o amor tolo de Deus. Por iso a súa vida é sacramental, é símbolo eficaz dese amor regalado de Deus. Ademais, a historia de Veneranda manifesta que toda vida é valiosa, porque “a febleza

que parece inútil, tanto cura e tanto enriquece humanamente”. A sinxeleza de Veneranda, a súa vida pobre e marxinal, é un dos mellores puntos de vista para que a boa noticia do tesouro agachado en toda vida chegue a moitos outros marxinais, a moita xente sen importancia ós ollos do mundo: a maioría da xente.

O libro sobre Veneranda é un libro comunitario; aí está o feixe de mulleres e homes que firman os testemuños, vivencias e reflexións que enchen o libro. Detrás del hai comunidade, igrexa, seguidores de Xesús Cristo, un xudeu marxinal que manifestou coma ninguén o amor de Deus na historia. Un libro comunitario, pero no que salientan dúas mulleres e un home: a súa “filla-titora” Pili Fernández, que soubo arrexuntar comunidade arredor da súa nai; Tereixa Ledo, a

quen a fascinación polo que Veneranda representou para ela acompañou alén do mar, na súa estancia cos pobres de Guatemala, e que foi quen tivo a iniciativa do libro; e Xosé Antón Miguélez, un dos curas que compartiu a súa vida en Abadín, un teólogo que soubo sacar as consecuencias desta vida arroupada e pasalas pola peneira do Evanxeo para que saíran purificadas e vizosas, el é o autor dos ricos textos da Introducción e o Epílogo. Salientan outros dous nomes máis: Manolo Regal (autor da Biografía) e Izaskun González (monxa de Abadín que soubo recoller as “Cousas de Veneranda” entre a memoria persoal e a conversa con Pili).

Un libro sinxelo, pero profundamente valioso.

**Victorino Pérez Prieto
Chao Rego, Xosé**

O relato hebraico. A Biblia contada dende a lareira.

TresCtres Editores. Santa Comba. A Coruña 2001.

Contada dende a lareira / imos face-la lectura / da Biblia moi outramente / a como a explica o cura.

E chegamos como amigos / a celebra-la memoria / do pobo que fixo o libro / máis importante da historia. O tal libro évo-la Biblia / que conta

de xeito fiel / as grandezas e miserias / do seu pobo, Israel.

Galegos, débeda temos / coa nosa galegitude / e a historia de Israel / desafia a identidade.

Por iso *O relato hebraico* / remoelo na lareira / procede para sabermos / como a nós nos vai na feira.

Estas coplas, en son de cantar de cego, son as primeiras e últimas estrofas dun grande repertorio co que Mini e Mero, de A Quenlla, facían unha singular e orixinal presentación deste libro en Santiago de Compostela neste pasado Nadal. Unha resposta agradecida, pois o autor dedícallo a eles e a todo o grupo.

«Se ben é certo que a Sagrada Escritura “A Biblia” pode lela calquera, é probable que lle tire pouco proveito se non ten unha guía que o conduza. E tal é a miña pretensión: facermos unha lectura bíblica que facilite os datos suficientes para unha mellor comprensión no só do texto sagrado, senón tamén do contexto cultural, político, social, relixioso no que o relato hebreo naceu e foi medrando. Non se «pode» lela sen unha preparación básica que sitúe o lector no contexto do tempo para que poida ir entendendo».

